

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	**Universidades participantes**
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	120
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudio semipresencial
Curso de implantación	2013
Data acreditación ex ante (verificación)	15/09/2017
Data renovación acreditación	25/09/2013

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional, correspondéndose co previsto na Memoria de Verificación, tal e como demostran os seguintes indicadores:

1. A porcentaxe de estudantes estranxeiros matriculados no máster segue á alza nos últimos cursos nas tres universidades, situándose arredor do 20% na Universidade de Santiago de Compostela (USC no sucesivo): 24% no curso 2021/2022, 16,67% no 2022/2023 e 20% no 2023/2024 (ver indicador IN08M “Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados”, na páx. 15 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355_INF16_2023-2024](#). Na Universidade da Coruña (UDC) o estudantado estranxeiro no curso 2023/2024 supuxo o 42,86% (3 de 7 matrículas de novo ingreso; véxase documento [4. IMAES Matriculados con titulación e univ. de orixe](#)); na Universidade de Vigo (UVigo) a porcentaxe de alumnado estranxeiro este ano sitúase nun 33,33% (2 alumnos de 6; véxase documento [Alumnos matriculados23-24.MEIA.Estudos de acceso](#)). Directamente vencellado aos estudantes estranxeiros do mestrado atópanse os que proceden doutras comunidades autónomas do Estado, cuxo número tamén se incrementou nos últimos anos, se ben é certo que neste último curso volveu aos niveis do 2018/2019 na USC (ver indicador IN09M “Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados”, na páx. 17 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Na Universidade da Coruña as/os estudantes nacionais son todas/os egresadas/os da UDC neste curso, como se deduce do documento [4. IMAES Matriculados con titulación e univ. de orixe](#). Na Universidade de Vigo (UVigo), por contra, non se distinguen os estudantes de Galicia dos que proceden doutras comunidades, de modo que non constan datos ao respecto. Outro dato relevante a este respecto e que nos indica a relevancia e interese do mestrado concime o alumnado que cursou estudos de grao nas universidades galegas: de media, nestes tres últimos cursos o 67,6% dos matriculados no mestrado graduáronse na USC (56%, 70,8% e 76%, respectivamente, segundo o indicador IN13M “Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC”, na páx. 21 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)); na UDC a porcentaxe de egresados/as desa mesma universidade supuxo o 57,14% do total de matrículas (4 de 7 estudantes; véxase documento [4. IMAES Matriculados con titulación e univ. de orixe](#)) e na UVigo no curso 2023/2024 o estudantado de iMAES procedente da institución ascendeu ao 50% (véxase documento [Alumnos matriculados23-24.MEIA.Estudos de acceso](#)). Estas cifras amosan polo tanto o interese que suscita o mestrado tanto no alumnado galego como no de fóra da comunidade galega e mesmo estranxeiro. De feito, este alumnado estranxeiro non sempre chega ao abeiro de programas de mobilidade, como pode ser o programa ERASMUS. Do mesmo xeito, o alumnado local non participa destas mobilidades no mestrado, pois xa teñen participado neles nos estudos de grao e o máster ten unha duración de

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

un ano só. Con todo, nos dous últimos anos constatamos un incremento nos estudantes matriculados de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), notablemente de países subsaharianos, mais tamén da India, Iraq ou Irán, que se matriculan inicialmente no mestrado, pero que non acaban aparecendo en todo o curso. Esta tendencia dáse nas tres universidades por igual e pensamos que estas persoas utilizan a matrícula nos estudos de máster para poderen obter un visado de estudos e vir a Europa, aínda que finalmente non cursen ditos estudos.

2. O número de prazas ofertadas mantívose estable ao longo dos últimos anos (42 prazas totais anuais, distribuídas como segue: 22 na USC e 10 na UDC e UVigo), así como os índices de demanda de novo ingreso do máster. Estes constitúen, de feito, unha clara evidencia de que o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia. Estes números mantéñense amplamente por enriba do mínimo de 20 estudantes que require a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia por medio do seu Decreto 222/2011 (DOG 09/12/2011).

A continuación detállanse as cifras dos últimos dous cursos académicos:

- 2022/2023: (34 estudantes (USC 16; UDC 10; UVigo 8)
- 2023/2024: 29 estudantes (USC 16; UDC 7; UVigo 6)

Á luz destes datos, durante estes cursos mantívose unha demanda continuada desta titulación, o que demostra a vixencia e a relevancia do interese académico da titulación.

Tal e como se recolle na Memoria Verificada do título (Sección 4.2, páxs. 7-8), iMAES concentra principalmente a estudantado procedente de Licenciaturas e/ou Graos en Estudos Ingleses. Con todo, tamén cursou esta titulación alumnado procedente do Máster en Profesorado de Educación Secundaria, os cales consideran que lles axuda a ampliar a súa formación de cara ao seu exercicio como docentes e que mesmo deciden continuar a posteriori coa súa formación doutoral. O mestrado atrae así mesmo a graduados/as en Tradución e Interpretación, Educación Infantil, Linguas e Literaturas Modernas e incluso Ciencias Políticas ou Relacións Internacionais, entre outros títulos. Para o perfil de acceso dos dous últimos cursos académicos, véxase a Táboa 1, no apartado 1.4 máis abaixo.

3. Os datos de inserción laboral de egresados/as de iMAES dos que dispoñemos (véxase documento [4314355 INF.EIL.ACSUG 2023-2024](#)) tamén poñen de manifesto a relevancia do perfil formativo/egreso de iMAES: un 80% segue traballando na actualidade e un 20% traballou algunha vez despois do máster. Ademais, cabe destacar que tan só transcorreron 4,88 meses de media desde a finalización dos seus estudos de mestrado e o seu primeiro emprego, e 14,60 meses desde o fin dos seus estudos de máster e un emprego relacionado co mesmo (un 20% en menos de 6 meses, un 20% entre 6 meses e 1 ano), un 30% (entre 1 e 2 anos) e un 30% (entre 2 e 3 anos). Ademais destes datos, levouse a cabo unha enquisa entre o alumnado de iMAES egresado da USC para obtermos datos máis precisos da súa inserción laboral (ver documento [BD Master de Estudos Ingleses Avanzados USC enquisa](#)). Esta acción foi financiada con unha axuda da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para emprender acción de mellora nos mestrados oficiais da USC. A mostra, de 32 estudantes, abarca titulados/as entre os anos 2019 e 2023. Entre as preguntas especificamente concibidas para coñecer estatísticas sobre a empregabilidade dos/as titulados/as e a utilidade do máster nese sentido, plantexáronse cuestión como “o máster capacitoume para o exercicio dunha profesión”, “o practicum do Máster servíume para acceder ao mercado laboral” e “cal é o grao de utilidade e aplicabilidade que teñen nos estudos ou no desempeño profesional que desenvolves actualmente as aprendizaxes que che proporcionou o Máster?”, ademais de preguntarlles pola situación profesional actual. Así, os datos obtidos amosan que o 62% do alumnado egresado considera que os estudos de iMAES lle foron de utilidade ou moita utilidade na súa situación profesional actual, fronte ao 19% que considera que lle foron de escasa ou nula utilidade, e o 19% restante que considera que non foron nin útiles nin pouco proveitosos.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Ante a pregunta de se o máster os/as capacitou para o exercicio da súa profesión, o 28% mostrouse en desacordo ou moi en desacordo, o 31% non estaba nin de acordo nin en desacordo con esta afirmación, mentres que o 41% restante dos/as enquisados/as cren que o máster os habilitou para o desempeño da súa profesión. Na mesma liña, consultóuselle aos/ás titulados/as sobre o proveito do módulo de Prácticum nos estudos de mestrado para accederen a posteriori ao mercado laboral. Neste caso, só o 25% das persoas consultadas se amosaron satisfeitas ou moi satisfeitas coa utilidade deste módulo na futura inserción laboral. Un 34% do alumnado egresado manifestouse neutral a este respecto, e o 41% contestou que o Prácticum non lles foi de utilidade nese sentido. A este respecto debemos lembrar que o módulo formativo de prácticas do máster ofrece unha ampla variedade de destinos en centros de ensino públicos e privados, grupos de investigación, fundacións, bibliotecas, servizos das tres universidades, como as Oficinas de Mobilidade ou Relacións Internacionais ou os respectivos Servizos de Publicacións. Se ben é certo que o estudantado pode escoller entre varias opcións, os destinos son adxudicados por expediente académico, de xeito que pode haber casos nos que a un/unha estudante lle foi asignado un destino que non era a súa primeira/segunda/terceira opción, en función da demanda e número de prazas ofertadas por destino. O nivel máis baixo de satisfacción neste caso en correlación coa empregabilidade dos/as egresados/as pode polo tanto estar relacionado con esta cuestión. Esta diversidade de destinos de prácticas está en liña coa planificación que se levou a cabo no seu día na concepción destes estudos, pois xa se adoptou un enfoque interdisciplinario que combinase tanto perspectivas teóricas como aplicadas para facer fronte ás esixencias do mercado laboral e atendendo sempre aos cambios que se deran no ámbito dos Estudos Ingleses. Deste xeito, iMAES inclúe contidos relacionados con 7 de outros 70 saberes ou áreas afíns, entre outros os estudos de Tradución e Comunicación, o Ensino e Adquisición de Linguas, os Estudos Culturais ou a Literatura Comparada. Esta interdisciplinidade é, de facto, a que posibilita que o noso estudantado egresado poida acceder non só a postos de traballo directamente vinculados aos Estudos Ingleses, senón tamén a outros relacionados con estes ámbitos mencionados.

Ademais dos catro indicadores comentados anteriormente, é necesario destacar neste apartado que o máster iMAES serve de ponte ao Programa Interuniversitario de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (IDAES) das tres universidades galegas. Por este motivo, moitos/as egresados/as do máster deciden ampliar a súa formación e matricularse no mesmo. De feito, de acordo cos datos proporcionados polos Coordinadores de IDAES (Margarita Estévez Saa, María Jesús Lorenzo Modia e Javier Pérez Guerra), no curso 2023/2024 matricularonse en IDAES un total de 7 estudantes provenientes do máster iMAES: (USC: 2; UDC: 1; UVigo: 4). iMAES non só garantiza os estudos necesarios para cursar un programa de doutoramento afín, senón que tamén proporciona os complementos formativos necesarios para logo cursar estudos de doutoramento. Así, no caso do programa de doutoramento IDAES, os/as doutorandos/as deberán cursar un número de créditos complementarios de formación antes de defenderen a súa tese de doutoramento, dependendo da titulación e formación coa que accederon ao doutoramento. Estes complementos formativos son, de feito, materias do máster iMAES. Con todo, estes/as doutorandos/as de IDAES non se computan como matriculados/as no máster, ao estaren xa matriculados/as no programa de doutoramento.

Alén de formar o alumnado para poder continuar a súa formación nun programa de doutoramento, o título de máster e a variedade de materias ofertadas (por exemplo, *English Corpus Linguistics*, *English Studies and Mass Media* ou *Transcultural Perspectives in English-Speaking Countries*) capacítan para poder exercer en diversos contextos profesionais, tales como a xestión e a mediación cultural, a tradución, o turismo ou o mundo editorial, ademais do ámbito dos Estudos Anglófonos.

Amais dos indicadores mencionados máis arriba, que proban a relevancia do perfil formativo/egreso do título, cómpre destacar tamén o elevado grao de satisfacción co mestrado de varios dos axentes ou grupos de interese implicados, tal e como se desprende das diferentes enquisas de satisfacción realizadas: en primeiro lugar, o grao de satisfacción do Persoal Docente e Investigador (PDI) coa titulación; en segundo lugar, o grao de satisfacción do alumnado co máster; en terceiro lugar, o grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais que acolleron e seguiron o traballo dos estudantes de iMAES nas diferentes empresas e institucións durante a realización das súas prácticas. Estes indicadores de satisfacción

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

foron calculados en base a dúas fontes independentes: (1) por un lado, das enquisas institucionais da UDC, USC e UVigo; (2) por outro lado, das enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster (CAIU-IMAES), que dan unha idea da satisfacción co título como unha unidade.

1) Enquisas institucionais (USC, UDC, UVigo)

Ao igual ca en cursos anteriores, os niveis de satisfacción do profesorado coa titulación seguen sendo altamente positivos na USC, cunha media de 4,19 sobre 5 no curso 2023/2024 (4,28 no curso 2022/2023 e 4,03 no 2021/2022), se ben a porcentaxe de participación este ano descendeu considerablemente (do 65,22% no curso 2022/2023 ao 45,45% no 2023/2024; véxase [4314355 INF.23 2023 2024](#)). Neste caso o descenso na participación do profesorado débese a que por erro non se enviou recordatorio ao profesorado para que completasen as enquisas, dado que a coordinadora do mestrado, a profesora Zeltia Blanco, se atopaba de permiso de maternidade. Na UDC, a diferenza da USC e da UVigo, as enquisas fanse sobre unha escala de 7 puntos e os resultados para o curso 2023/2024 son tamén altamente satisfactorios, tal e como se desprende dos 6,17 puntos outorgados ao ítem 'desenvolvemento do ensino' (ver documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)) (40% de participación). Por último, na UVigo as enquisas de satisfacción do profesorado teñen carácter bianual e para este curso 2023/2024 non existen datos; os datos do curso anterior (2022/2023) mostraron porén valores moi positivos, sendo a media de 4,02 puntos sobre 5.

Por outra banda, o alumnado egresado de iMAES tamén mostra un alto grao de satisfacción coa titulación no curso 2023/2024, en liña cos anteriores (4,25/5 puntos no curso 2022/2023 e 4,18/5 no curso 2023/2024; véxase indicador IN42M na pág. 58 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Na UVigo os/as titulados/as no curso 2023/2024 outorgáronlle 3,03 puntos sobre 5 á titulación, o que amosa un grao de satisfacción relativamente alto, mais a porcentaxe de participación foi dun 33% (ver documento [2023 2024 Informe satisfacción alumnado](#)). Por último, na UDC o estudantado egresado manifesta un nivel moi alto de satisfacción co proceso formativo, ítem ao que lle outorgou 7 puntos, a puntuación máxima, se ben é certo que a participación nas enquisas foi só do 20%.

Por último, os resultados das enquisas realizadas aos/as titores/as profesionais tamén son positivos, cunha media de 4,7/5 puntos nos últimos tres cursos académicos; 4,78, 4,62 e 4,70 no 2021/2022, 2022/2023 e 2023/2024, respectivamente; véxase IN20M "Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas", pág. 28 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Este último dato é conxunto para as tres universidades. Estas valoracións claramente mostran que os potenciais empregadores do estudantado do máster están moi satisfeitos co labor desenvolto polos/as estudantes nos destinos de prácticas e que a formación recibida, por tanto, é a axeitada.

2) Enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster (CAIU-IMAES): Curso 2023/2024

Ademais das enquisas de satisfacción propias das tres universidades, consideradas no punto anterior, a CAIU-IMAES vén realizando desde fai uns cursos as súas propias enquisas conxuntas de satisfacción, co obxecto de dar resposta á Acción de Mellora 1 (AM-1), Tarefa 2. Para este fin a coordinación do mestrado envía un correo ao profesorado das 3 sedes animándoo a cubriren a correspondente enquisa de satisfacción, que non só aporta datos sobre a satisfacción do PDI coa titulación, senón tamén coa docencia impartida no título nas 3 sedes. Esta acción lévase a cabo no mes de setembro, unha vez rematado o curso académico correspondente. Se ben o resultado e a porcentaxe de participación viña sendo moi positivo nos últimos cursos (por exemplo, no curso anterior, o 2022/2023, participou un 72% do profesorado e o grao de satisfacción foi dun 4,5 sobre 5 puntos), neste curso 2023/2024 non contamos con datos das tres sedes por un erro, posto que a persoa que exercía a coordinación en funcións durante o permiso de maternidade da Prof. Zeltia Blanco non enviou as enquisas a todo o profesorado. Ademais, dáse a casualidade de que no curso 2023/2024 nas materias da especialización en Lingüística e Lingua Inglesas, que se imparten no segundo semestre, non houbo clase finalmente, pois malia haberen 4 matriculados, ningún/unha dos/as estudantes asistiu a clase en todo o curso. Tratábase de estudantado estranxeiro que non apareceu nunca nas aulas e ao que finamente se lle anulou a matrícula por non presentaren a documentación esixida no proceso de admisión. Por todas estas circunstancias, lamentablemente só dispoñemos dun

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

total de 12 enquisas de profesorado da USC, dun total de 20 docentes (porcentaxe de participación do 60%), mais debe terse en conta que xa hai 5 docentes que non cubriron as enquisas porque a súa docencia atinxía directamente estas materias de Lingüística do segundo semestre. Estes escasos datos de participación, naturalmente, deben ser mellorados de cara ao próximo informe, para poder seguir mantendo ou mellorando os resultados de anos anteriores. Así e todo, os resultados das 12 enquisas realizadas reflicten un alto grao de satisfacción coa titulación (4,12 sobre 5 puntos) (enlace ás enquisas [aquí](#)).

Ao igual que se fixo co profesorado, desde a coordinación tamén se enviaron ao alumnado as correspondentes enquisas de satisfacción de elaboración propia, unha vez defendeu o seu TFM e obtivo o correspondente título nalguna das tres oportunidades de defensa (febreiro, xullo e setembro). Neste caso tamén houbo un problema coa distribución das enquisas, pois desde a coordinación en funcións só se lle enviou o formulario ao alumnado da USC no mes de setembro. Ao non completaren a enquisa os/as estudantes da UDC e da UVigo, os datos de participación este curso 2023/2024 son considerablemente máis baixos (41%, 9 de 22 estudantes). Malia estes contratempos, podemos concluir que o estudantado está satisfeito co mestrado iMAES, pois a media global foi de 4,30 sobre 5 puntos (ligazón ás enquisas [aquí](#)).

Por todo o exposto anteriormente, este Autoinforme considera que o *Máster Interuniversitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (iMAES) mantén a súa relevancia e está actualizado de acordo cos requisitos do seu campo profesional, académico e científico.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O *Máster Interuniversitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* consta dun total de 60 créditos: 21 créditos obrigatorios, que se cursan no primeiro semestre (4 materias de 3 créditos e 2 materias de 4,5 créditos) e outros 21 créditos optativos, que se imparten na inmensa maioría no segundo semestre. A única excepción é unha materia optativa do primeiro semestre: *Métodos e recursos de investigación lingüística e a súa aplicación á lingua inglesa* ou *Métodos e recursos de investigación literario-cultural no ámbito anglófono*, segundo o itinerario de especialización que se escolleu: Lingua e Lingüística Inglesas vs. Literaturas e Culturas do Ámbito Anglófono. A este total de 21 créditos obrigatorios e 21 optativos hai que sumarlle 12 do Traballo Fin de Máster e 6 do módulo de prácticas ou Prácticum (60 ECTS totais). O feito de poderen escoller un itinerario de especialización en Lingua e Lingüística Inglesas ou en Literaturas e Culturas do Ámbito Anglófono favorece un ensino-aprendizaxe máis personalizado, ao reducir tamén o número de estudantes nas materias optativas do segundo semestre. Isto reflíctese sobre todo nos indicadores IN55M ("Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría") e IN56M ("Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría"). Así, no curso 2023/2024 a media de estudantes matriculados/as nas materias do módulo obrigatorio foi de 14,50, mentras que nas materias optativas foi de 10,27 (ver páxs. 72 e 74 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) para os indicadores IN55M e IN56M, respectivamente). Dado que na UVigo e na UDC o número de estudantes é menor, as medias de alumnos/as por grupo son tamén máis baixas que na USC. Polo tanto, en base a estas cifras, a docencia en iMAES impártese claramente cunha media de estudantes axeitada e de acordo co previsto na Memoria de Verificación (Memoria 2ª Edición). O número reducido de estudantes por grupo non só facilita unha docencia e aprendizaxe a medida das necesidades do profesorado e estudantado, senón que tamén fomenta

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

un alto grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida. Todo iso redunda globalmente en que as taxas da titulación sexan moi positivas.

Na Memoria Verificada apúntase a que as guías docentes do máster (E4) deben indicar as metodoloxías empregadas, as actividades académicas e os métodos de avaliación. Cada ano as Xuntas de Facultade das 3 sedes do título aproban as Guías Docentes (véxase apartado “Academic Organization” > “Modules” na web do título). O Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019/2020 apuntaba a unha serie de melloras na revisión e coordinación das Guías Docentes do Título, entre as que destaca o **nomeamento dun/a coordinador/a a nivel interuniversitario para cada materia do Máster**, acordo que se implementou no curso 2017/2018 e segue vixente. Esta persoa é de facto a encargada da homoxeneización da presentación e contidos das diferentes guías. Así mesmo, en 2020/2021 actuouse con dilixencia desde a Coordinación do Máster para atender ao que se consignaría despois como “Recomendación” nas pp. 3-4 do Informe Acreditación Final iMAES (2019-2020) remitido pola ACSUG o 24/02/2022 relativa á resolución das discrepancias detectadas entre algunhas Guías Docentes das materias e as fichas correspondentes na Memoria de Verificación da 2ª edición do título. As guías docentes foron revisadas atendendo a esta recomendación.

As guías docentes son, por tanto, comúns ás tres universidades, e estas son publicadas na propia páxina web do máster http://www.imaes.eu/?page_id=31). A pesar destas consideracións comúns, os programas poden ser adaptados por cada universidade e docente en función dos seus perfís e investigación concretos, respectando sempre as liñas temáticas e contidos xerais das guías oficiais comúns. Deste xeito, esta flexibilidade para poder adaptar os programas é proveitosa tanto para o profesorado como para o alumnado. Ademais, o estudantado coñece de antemán toda a información sobre as diferentes materias previo a efectuaren a súa matrícula, posto que os programas de cada universidade, que se corresponden coas guías académicas comúns, publicanse antes de que comece o período de matrícula (as guías comúns válidanse a finais de xullo). Nalgunhas ocasións as guías sufriron pequenas variacións ou melloras, consecuencia da experiencia tras impartir a materia ao longo de varios cursos académicos. Con todo, estes cambios resultaron nunha clara mellora das actividades formativas e sempre se adecuaron ao especificado na Memoria Verificada de iMAES.

A continuación dáse conta dunha serie de indicadores que constatan a adquisición das competencias e coñecementos establecidos na memoria do título en relación co plan de estudos, a saber: 1) a taxa de abandono; 2) a taxa de rendemento; 3) o grao de satisfacción dos egresados coa titulación; 4) o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida.

1. A Memoria de Verificación previa unha **taxa de abandono** do 18%. No curso 2023/2024 esta foi inferior á prevista na memoria na USC, situándose nun 7,69% (ver indicador IN41M “Taxa de abandono RD 1393/2007”, na pág. 56 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Esta taxa está relacionada cos/as estudantes estranxeiros/as que se matricularon no mestrado, mais que non chegaron sequera a cursalo, non asistindo a ningunha das sesións. No caso da UVigo os datos relativos a este curso 2023/2024 sitúan a taxa de abandono no 0% (véxase documento [ABA 1 Máster Abandono por curso académico](#)), debido a que os datos que se toman como referencia son a cohorte do 2021/2022, con 6 estudantes, que se suman aos 6 de novo ingreso deste curso, o cal dá un total de 12 matriculados no mestrado no curso obxecto de informe; na UDC, ao igual que na UVigo, a taxa de abandono neste curso 2023/2024 foi tamén do 0% (documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).
2. A **taxa de rendemento** do curso 2023/2024 situouse nun 81,10%, por enriba da prevista na Memoria de Verificación. A taxa de rendemento nestes últimos catro cursos académicos é de 80,5% e polo tanto está en liña co previsto na Memoria de Verificación (ver indicador IN34M “Taxa de rendemento”, na pág. 46 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Na UVigo a taxa de rendemento deste curso 2023/2024 sitouse por debaixo da prevista na Memoria de Verificación, cun 66% (ver documento [REN 3 Máster Taxa de rendemento](#)), e na UDC sitúase nun 80,06% (ver documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)). O inferior rendemento neste último curso na UVigo débese probablemente a que unha persoa matricula o TFM de xeito reiterado nos últimos cursos, mais non chega nunca a rematalo e defendelo, segundo apunta o coordinador local, o Profesor Urdiales Shaw.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

3. O grao de **satisfacción dos egresados coa titulación** (IN42M) nos últimos catro cursos mantívose en niveis considerablemente altos, pois a media é de 3,81 sobre 5 puntos. No curso obxecto de informe, o 2023/2024, este indicador acadou os 4,18/5 puntos, valor lixeiramente inferior ao do curso 2022/2023 (4,25/5; véxase pág. 58 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). No caso da UVigo, a puntuación obtida neste ítem é de 3,81 puntos sobre 5 (ver documento [2023 2024 Informe satisfacción das persoas tituladas](#)). Na UDC os valores das enquisas a este nivel son tamén altamente positivos, acadándose a puntuación máxima (7 puntos) no ítem 'proceso formativo' (ver documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).
4. Outro indicador clave é o **grao de satisfacción do estudantado e profesorado coa docencia recibida e impartida**, respectivamente, estreitamente relacionado co anterior sobre a titulación. Na USC no curso 2023/24 a satisfacción coa docencia é moi alta, cunha media de 4,56 sobre 5 (indicador IN46M, pág. 60 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Ao igual que ocorre cos estudantes, o profesorado de iMAES tamén valora moi positivamente a docencia impartida, con puntuacións superiores a 4 puntos sobre 5 nos últimos cursos académicos. Así, no curso 2023/2024 a puntuación global obtida é de 4,31 sobre 5 (indicador IN47M, pág. 62 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Na UDC o alumnado tamén valora moi positivamente a docencia recibida: o profesorado (ítem 'persoal académico') recibiu 6,43 sobre 7 puntos e o 'desenvolvemento do ensino' 5,86 sobre 7. De igual xeito, o PDI de iMAES tamén se amosou globalmente satisfeito co desenvolvemento do ensino (6,17/7) e cos estudantes (5,83/7) (véxase documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)). Na UVigo, as enquisas de satisfacción do alumnado non inclúen como tal un índice específico sobre a docencia ou o persoal docente, mais si hai un bloque da enquisa destinado aos resultados da aprendizaxe e formación adquirida, que foi valorado con 2,75 puntos sobre un total de 5, se ben é certo que só cubriron a enquisa 2 estudantes de 6 (o 33% do total) (documento [2023 2024 Informe satisfacción alumnado](#)). No caso das enquisas destinadas ás persoas tituladas, a UVigo si inclúe no cuestionario un ítem específico sobre o desempeño do profesorado (Bloque 4, 'Recursos humanos') e tamén se valora a docencia noutro bloque (Bloque 6 'Resultados da aprendizaxe: formación adquirida'). Neste caso, as/os titulados de iMAES valoraron o persoal docente con 4,5 puntos sobre 5 e a formación recibida con 4 puntos. Ademais, o índice de participación neste caso foi do 100%. No que concirne ao profesorado, e tal e como se comentaba no Criterio 1.1 máis arriba, as enquisas de satisfacción do profesorado realízanse cada dous anos, polo que non constan datos para este curso académico.

Tal e como se comentou no apartado 1.1, a maiores das enquisas institucionais que administra cada unha das tres sedes do título, a coordinación do mestrado coordina así mesmo a elaboración dunha serie de enquisas conxuntas para o profesorado e alumnado egresado de iMAES (AM-1), co fin de obter unha visión máis holística da satisfacción destes axentes tanto co título como coa docencia impartida e recibida, respectivamente. No curso 2023/2024 a media do profesorado para os 7 bloques foi de 4,12 nunha escala de 5 puntos (enlace ás enquisas [aquí](#)); no caso do estudantado a media foide 4,3 sobre 5 (ligazón ás enquisas [aquí](#)). A pesar de que estas sondaxes ofrecen unha perspectiva do título no seu conxunto e unha visión máis coordinada, debemos matizar neste punto a excepcionalidade das enquisas conxuntas deste ano polos erros que se produciron na súa difusión, ao estar a coordinadora de permiso de maternidade. Como se apuntou anteriormente, por erro estas non se distribuíron nas tres sedes e ademais o profesorado do itinerario de Lingüística e Lingua Inglesas non tivo docencia no segundo semestre. Todo isto redundou nunha menor porcentaxe de participación ca en anos anteriores.

Outro dos aspectos que se han de valorar neste apartado 1.2 compete os **cursos de adaptación** e a realización de **complementos de formación**. Estes, no entanto, non están contemplados na Memoria de Verificación (pág. 3 da Memoria 2ª edición), polo que non afondaremos nesta cuestión.

Por último, outro dos indicadores que se deben ter en conta neste apartado é a participación do estudantado en programas de mobilidade (I3, Evolución dos indicadores de mobilidade). A este respecto, cómpre indicar que os

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

programas de mobilidade teñen unha incidencia escasa ou nula no estudantado do mestrado iMAES, pois o groso do alumnado procede de titulacións afíns aos Estudos Ingleses e, polo tanto, xa teñen participado con anterioridade en programas de mobilidade como o programa Erasmus nos estudos de grao e/ou licenciatura. Por outro lado, a brevidade das ensinanzas de máster, concentradas nun só curso académico, non favorece a mobilidade a este nivel de estudos. Así e todo, téñense recibido estudantes procedentes de programas de mobilidade ao longo destes cursos académicos. No curso 2023/2024 houbo 3 na USC (2 estudantes de Arxelia e 1 da República Checa; véxase documento [4314355_INF03_2023-2024](#)), na UDC e na UVigo non houbo estudantes de mobilidade entrante no curso obxecto de informe.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso obxecto de informe, o 2023/2024, o título transcorreu tal e como se previa na Memoria de Verificación (Memoria 2ª Edición). Así, o alumnado de iMAES distribúese nos campus das tres universidades galegas, en concreto nas Facultades de Filoloxía das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, en función de onde formalizaran a súa matrícula. A pesar de que o título se imparte de maneira conxunta nas tres universidades, tanto desde a Coordinación xeral do título como desde a coordinación de cada sede foméntase que o alumnado e mailo profesorado de iMAES sintan que están integrados nunha soa titulación (véxase, por exemplo, o sinalado neste mesmo apartado máis adiante (á propósito da coordinación horizontal de materias) ou no Criterio 5 (en relación coas prácticas externas). No curso 2023/2024 todas as materias foron impartidas de maneira presencial nas tres sedes, aínda que as aplicacións de videoconferencia como MS Teams ou os repositorios documentais como OneDrive, así como as plataformas Faltic, Moovi e Campus Remoto na UVigo e o Campus Virtual ou Moodle son un recurso de valor innegable no ensino en liña. Algunhas destas ferramentas, como é o caso de MS Teams, chegaron froito da pandemia da covid, pero hoxe en día son imprescindibles e amplamente utilizadas polo profesorado para, entre outras cuestións, tutorías ou reunións de coordinación entre as diferentes materias nas tres sedes, así como para as reunións que periodicamente leva a cabo a Comisión Académica Interuniversitaria (CAIU).

COORDINACIÓN VERTICAL:

A Comisión Académica Interuniversitaria (CAIU) representa o nivel máis alto de coordinación do Máster, que desde decembro de 2022 preside a profesora Zeltia Blanco Suárez e con anterioridade presidiu o profesor Jorge Sacido Romero (desde o 01/09/2020 ata o 15/12/2022), ambos os adscritos á USC. Neste curso 2023/2024 dáse tamén a circunstancia de que a coordinadora estivo de permiso por maternidade desde o 30 de abril de 2024 ata o 2 de febreiro de 2024, polo que na súa ausencia asumiu a coordinación en funcións o profesor Carlos Acuña Fariña. Ademais a mencionada presidencia, forman parte da CAIU 3 membros do PDI por universidade. A maiores da CAIU, cada institución conta con Subcomisións

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Académicas, que no caso da USC preside o Decano da Facultade de Filoloxía, o profesor Elías Feijo Torres, e os profesores José Manuel Estévez Saá no caso da UDC e Martín Urdiales Shaw no da UVigo. Na páxina web do título pode consultarse a composición actual destas comisións académicas: http://www.imaes.eu/?page_id=37

A pesar de que a CAIU se ten reunido con asiduidade desde que se implantou o título, nos últimos anos reducíronse as reunións dado que a meirande parte das xestións se levan a cabo de maneira local en cada sede, sendo cada comisión académica responsable delas. Estas Comisións Académicas de Máster (CAM) locais, pola súa banda, reuníronse periodicamente durante o curso 2023/2024: en 8 ocasións na USC, en 6 ocasións na UVigo e en 9 ocasións na UDC.

A CAIU e as respectivas CAM da UDC, USC e UVigo son as encargadas de levar a cabo o seguimento e mellora do mestrado (procesos PM-01 e S01-PM-01 do *Manual de Procesos e Procedementos Sistema de Garantía Interna da Calidade Universidade de Santiago de Compostela*; en diante, MPP), ademais de aprobaren todos os procedementos relacionados cos TFM (Proceso PC-10 do MPP), o Prácticum (Proceso PC-09 do MPP), a mobilidade (Proceso PC-08 do MPP), a programación das materias (Proceso P04-PC-04 do MPP), a difusión pública da información (Proceso PC-12 do MPP), a planificación das ensinanzas no seu conxunto (Proceso PC-04 do MPP), a normativa e dispensa de asistencia a clase, a solución a posibles baleiros e duplicidades nos contidos de materias, a aprobación dos informes de seguimento anuais e a proposta de accións de mellora do título, entre outras cuestión. Así mesmo, é a coordinación da CAM de cada institución a que se encarga de controlar a coordinación entre as materias para evitar solapamentos de contidos e que haxa unha progresión efectiva das habilidades, obxectivos e resultados de aprendizaxe. Tamén é a CAM local de cada universidade a que debe resolver calquera continxencia que poida xurdir tanto ao alumnado como ao profesorado.

COORDINACIÓN HORIZONTAL:

En relación coa coordinación horizontal, as **guías docentes** expoñen claramente os obxectivos e contidos que se deben adquirir nas diferentes materias do plan de estudos. Estas poden consultarse na web do título (http://www.imaes.eu/?page_id=31).

Debemos destacar tamén que desde o curso 2017/2018 se decidiu implantar a figura do/a **coordinador/a interuniversitario/a para cada unha das materias**, con vistas a coordinar de maneira máis efectiva a programación e contidos das mesmas. Por este motivo, as guías docentes comúns reflicten os nomes de cada un/a dos/as coordinadores/as na súa portada. Este/a coordinador/a interuniversitario é ademais responsable de coordinarse co resto do profesorado da materia nas diferentes sedes para fixar criterios comúns. A maior parte destes intercambios fanse a través do correo electrónico, mediante reunións telemáticas, ou, de ser preciso, de forma telefónica.

Con respecto aos **mecanismos de coordinación das prácticas externas**, os/as coordinadores/as nas tres sedes son os/as encargados/as de que tanto os recursos como as instalación dos centros e entidades nas que se realizan as prácticas sexan os adecuados. No curso 2023/2024 as prácticas desenvólvense sen incidentes e segundo o previsto e estipulado na convocatoria e nos preceptivos convenios formativos vixentes (véxase [iMAES CONVOCATORIA PRÁCTICAS 2023-2024](#) e [Lista Definitiva Prácticum iMAES 2023-2024](#)). As prácticas externas volverán ser obxecto de discusión máis abaixo, no apartado relativo ao Criterio 5 ('Recursos materiais e servizos').

Lembramos neste punto tamén que o *Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* se imparte en Modalidade Semipresencial (denominada "Modalidade Híbrida" desde a entrada en vigor da *Resolución do 6 de abril de 2021 da Secretaría Xeral de Universidades* (BOE 15/04/2021)), posto que a proporción de créditos non presenciais con respecto ao total da titulación se sitúa nun rango entre o 40% e o 60%. Neste aspecto incide tamén o *RD 822/2021 do 28 de setembro, polo que se establece a organización de ensinanzas universitarias e do procedemento para asegurar a súa calidade* (BOE 29/09/2021). En relación con estes cambios normativos o Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación da ACSUG emitía unha recomendación no relativo á información e transparencia do título, aconsellando en particular "mellorar a información sobre as plataformas en uso en cada centro e recursos virtuais", adaptándoas á lexislación vixente e dada precisamente esa modalidade "híbrida" de iMAES. A tal fin implementáronse

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

unha serie de cambios na web propia do máster, habilitando accesos directos aos servizos de uso máis común, como o Campus Virtual da USC ou UDC e o Campus Remoto da UVigo, ou á biblioteca das tres universidades. Por todo isto podemos concluír que o máster se axusta perfectamente ás recomendacións recollidas nas devanditas resolucións no relativo ás ensinanzas de máster híbridas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

COHERENCIA ENTRE O PERFIL DE INGRESO ESTABLECIDO NA MEMORIA VERIFICADA E O PERFIL REAL DO ESTUDIANTADO MATRICULADO:

A memoria do título (sección 4.2, páxs. 7-8, Memoria 2ª Edición) especifica os perfís de acceso a iMAES, en particular licenciados/as e graduados/as en Filoloxía Inglesa/Estudos Ingleses, licenciados/as e graduados/as noutras Filoloxías e Linguas e en Lingüística, licenciados/as e graduados/as en Tradución e Interpretación, así como en Humanidades e en Socioloxía, e aqueles/as estudantes procedentes doutras titulacións, sempre e cando acrediten coñecementos avanzados de inglés oral e escrito (nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas). Tamén se contempla a posibilidade acceder aos estudos de máster estando en posesión do Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou da Suficiencia Investigadora polas áreas de Filoloxía Inglesa, Filoloxía, Tradución e Interpretación e Humanidades; do mesmo xeito, tamén poderá acceder a iMAES quen estea en posesión do Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou Suficiencia Investigadora en Comunicación, Ciencias Sociais e Socioloxía, Ciencias Políticas e da Administración, Mestre en Educación Infantil, Mestre en Educación Primaria, Educación Social e Pedagogía, Historia e Filosofía, coa debida acreditación dun nivel C1 en lingua inglesa.

A Táboa 1 detalla os perfís de acceso do alumnado matriculado no mestrado no curso do informe, de acordo coa información facilitada polas Áreas de Calidade de cada institución (Ver UDC: documento [4. iMAES Matriculados con titulación e univ. de orixe](#); USC: [4314355 I2 2023 2024](#); UVigo: documento [Alumnos matriculados23-24.MEIA.Estudos de acceso](#)). Á vista dos perfís especificados na Memoria de Verificación e dos datos concretos de matrícula correspondente ao curso 2023/2024, parece clara a coherencia entre estes perfís e o alumnado matriculado no máster. Todos eles cursaron como mínimo o número de créditos esixido (240) e acreditaron o nivel C1 de lingua inglesa esixido na Memoria Verificada (ver pp. 7-8 de Memoria 2ª Edición) naqueles casos nos que non procedían de titulacións como unha Licenciatura en Filoloxía Inglesa ou un Grao en Estudos Ingleses/Lingua e Literatura Inglesas.

Táboa 1. Perfil de acceso do alumnado matriculado en iMAES no curso 2023/2024

	2023/2024
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	18
Título Superior de Ensinanzas Artísticas	
Grado en Tradución e Interpretación	
Licenciatura en Tradución e Interpretación	
Grao en Lingua e Literaturas Modernas	
Licenciatura en Filoloxía Alemá	
Grao en Linguas Estranxeiras	3

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Licenciatura en Filosofía e Letras	
Grao en Educación Primaria/Infantil	
Mestre con Especialidade en Linguas Estranxeiras	
Grao en Xornalismo	
Licenciatura en Filoloxía Alemá	
Licenciatura en Psicopedagogía	
Grao en ADE	
Resolución Reitoral de Equivalencia	
Títulos estranxeiros homologados	7

Ademais da garantía que supoñen estas titulacións de acceso, o alumnado entrante no máster accede cunha nota media de preinscrición considerablemente elevada. Neste último curso 2023/2024 na USC a media foi de 7,98 e a media nos últimos 4 cursos académicos é de 7,63 (véxase pág. 13 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)), pero nas tres universidades o 100% destes/as estudantes partía cunha nota media superior aos 6 puntos sobre unha escala de 10. Na UDC XXX e na UVigo a nota media de acceso no 2023/2024 foi de XX (ver documento XXX).

Tal e como se indicou máis arriba no apartado 1.1, o Máster atraeu a estudantes de fóra de Galicia e do estranxeiro, tanto do Espazo Europeo de Educación Superior como extracomunitarios (ver indicadores IN08 e IN09 nas páxs. 15 e 17 do [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). A continuación, na Táboa 2 presentamos tanto as porcentaxes de alumnado de fóra da comunidade autónoma como as de estudantes estranxeiros sobre o número total de persoas matriculadas en cada universidade nos dous últimos cursos académicos.

Táboa 2. Porcentaxe de estudantes estranxeiros/as e estudantes nacionais de fóra de Galicia nos dous últimos cursos

	USC (2023/2024; 2022/2023)	UVigo (2023/2024; 2022/2023)	UDC (2023/2024; 2022/2023)
Estudantes estranxeiros/as	20%; 16,67%	33,33%; 16%	42,86%; 20%
Estudantes nacionais de fóra de Galicia	4%; 8,33%	Sen datos	0%; 0%

RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS E VALORACIÓN DA SÚA ADECUACIÓN (EA1, EA2):

A posibilidade de recoñecer créditos aparece recollida na memoria do título (2ª edición, páxs. 10-12) para estudos cursados con obxectivos e competencias semellantes aos recollidos para o mestrado iMAES. Deste xeito, é posible validar 30 créditos ao estudiantado da UDC que cursase o *Máster Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade* (cursando o itinerario de 'Literatura e cultura no ámbito anglófono') ou 20 créditos ao alumnado que teña superado o 'Módulo de comunicación oral e escrita: inglés' do *Máster Oficial en Lingua e Usos Profesionais* desa mesma universidade. Tamén está contemplado o recoñecemento de 30 créditos para o alumnado procedente do *Máster de Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas: Especialidade de Linguas e Literaturas*, ou de títulos oficiais equivalentes do territorio español. A memoria tamén apunta a que se recoñecerán créditos cursados noutras titulacións oficiais de máster co campo das Artes e Humanidades, sempre e cando coincidan os obxectivos, contidos e competencias adquiridos. Para outra casuística e casos máis concretos, a Comisión Académica do Máster será a que determine se procede ou non o recoñecemento en cada caso en concreto.

Ademais do establecido na memoria do título, a Resolución Reitoral do 27 de novembro de 2013 da USC ratifica o recoñecemento de 30 créditos aos estudantes que posúan o título de *Máster de Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas: Especialidade de Linguas e Literaturas* (opción Inglés). Esta R.R. tamén recoñece 21 ECTS aos estudantes que completasen o primeiro ano do período de formación dos

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

antigos programas de doutoramento (RE 778/1988), en base á coincidencia nos obxectivos, contidos e competencias (documento de elaboración propia no que se compendia a [normativa de transferencia e recoñecemento de créditos](#)).

Desde que se implantou o título non se teñen detectado incidencias e o recoñecemento de créditos axustouse a este marco normativo. A Táboa 3 dá conta dos créditos recoñecidos durante o curso 2023/2024.

Táboa 3. Recoñecemento de créditos no curso 2023/2024

	Número de solicitantes	Número de créditos recoñecidos	Titulación e/ou experiencia previa
USC	4	96	Master profesorado/Experiencia profesional
UDC	2	12	Experiencia profesional
UVigo	1	45	Máster profesorado/Complementos formativos de doutoramento
Total	7	153	

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:

A Memoria Verificada do título (véxase páx. 3) non prevé complementos de formación (Memoria 2ª Edición).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas que rexen este título están accesibles aos estudantes e persoas interesadas na web propia do Máster e nas das diferentes sedes, tanto nos seus textos consolidados como nas súas sucesivas modificacións (http://www.imaes.eu/?page_id=1654). Aínda que é certo que hai normativas diferentes para as tres sedes que se aplican a un mesmo título, todas elas coinciden nos seus aspectos fundamentais, motivo polo que non se detectaron problemas que afectasen negativamente ao desenvolvemento das ensinanzas ou a procedementos administrativos da titulación. Así, as **normativas de permanencia** das tres universidades do SUG aplicáronse de forma coherente a fin de regular o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes, xa sexa en réxime de dedicación total ou parcial. Normativas complementarias de carácter xeral regularon todo o referido ás prácticas externas, Traballo Fin de Máster e sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, como se expón máis adiante.

Polo que respecta á **USC**, as diversas normativas, tanto as xerais como as particulares da Facultade de Filoxía, aplicáronse adecuadamente no curso 2023/2024 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título. A continuación enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016/2017, que se engaden ás xa recollidas no Informe de Renovación da Acreditación (IRA), e que foron de aplicación a partir do curso 2017/2018:

- (i) [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela](#), aprobado polo Consello de Goberno do 28 de xullo de 2017.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de máster universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente respecto diso. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e máster, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e máster e de modificacións das existentes, etc. [Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias, do 27 de abril de 2017, Actualizado 2 de maio de 2017](#).

Esta instrución recolle o procedemento para a solicitude de dispensa, as causas que poden motivar a solicitude, os criterios a ter en conta para conceder/denegar a solicitude, etc.

- (ii) [Resolución pola que se publica a modificación da “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”](#), aprobada polo Consello de Goberno do 5 de abril de 2017. Esta Resolución modifica a [Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela](#) (Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos que se refiren aos procedementos de avaliación:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

En canto á **UVigo**, aprobáronse no período 2016/2017 as seguintes resolucións que son de aplicación ao título desde o día seguinte á súa aprobación ou a partir do curso académico 2017/2018:

- (i) [Resolución Reitoral do 31 de marzo de 2017 pola que se establece o procedemento para a convalidación parcial de estudos estranxeiros](#)

Esta R.R. contempla a posibilidade de validar materias superadas dentro dun plan de estudos estranxeiro sempre que as competencias e a carga lectiva acreditadas sexan equivalentes ás correspondentes materias incluídas no plan de estudos ao que se pretende acceder. Obterase a equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro estranxeiro de procedencia.

- (ii) [Resolución do 21 de xuño de 2017 pola que se ordena a publicación da normativa de permanencia e progreso das titulacións oficiais de grao e de máster](#), aprobada polo Consello de Goberno o 16 de decembro de 2016 e polo Consello Social da UVigo o 12 de xuño de 2017

Esta normativa regula (a) o número de materias ou créditos que debe superar o alumnado de primeiro curso de máster e novo ingreso para poderen proseguir os seus estudos na mesma titulación na UVigo; (b) o número mínimo de créditos nos que ha de matricularse; (c) o número de convocatorias dispoñibles para superar cada materia, etc.

- (iii) [Regulamento para a realización do Traballo Fin de Máster](#), aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía y Tradución o 5 de maio de 2017 (modificado na Xunta de Facultade o 6 de xuño de 2021).

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Esta normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos Traballos Fin de Máster.

- (iv) [Normativa interna aplicable aos programas Erasmus de mobilidad estudiantil](#) nas titulacións da Facultade de Filoloxía e Tradución, aprobada en Xunta de Facultade o 4 de xullo de 2017.

Así mesmo, no que respecta á **UDC**, cómpre resaltar os seguintes acordos e normativas reguladoras:

- (i) [Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao \(TFG\) e do traballo fin de mestrado universitario \(TFM\)](#) CG 19/12/2013, modificado por CG 30/04/2014, CG 24/07/2014, CG 29/01/2015, CG 28/06/2016 e 29/06/2017; arts. 2.2, Disposición final).
- (ii) [Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario](#). (CG 19/12/2013, modificado por CG 30/04/2014, CG 24/07/2014, CG 29/01/2015, CG 28/09/2016 y CG 29/06/2017; arts. 18, 19, 20 e 21).
- (iii) [Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC](#). (Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017).

A normativa que regula o **Traballo Fin de Máster** é tamén merecedora de atención especial nesta sección, dada a importancia desta materia no conxunto da titulación. Como xa se sinalaba nos Autoinformes de Renovación da acreditación 2015/2016 e 2019/2020, dita normativa foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 10 de marzo de 2016 ([Normativa USC TFG y TFM 10/03/2016](#)). Trátase dun regulamento que recolle sete disposicións específicas para o TFM nas titulacións interuniversitarias como iMAES, nos seus artigos 3.5, 4.5, 5.2, 5.3, 5.4, 6.9 e 10.2. Basicamente, todos estes artigos recoñecen que, respectando o marco xeral de permanencia e avaliación de cada sede, a organización do TFM dos títulos interuniversitarios réxese polos acordos e normativas que estableza o convenio de implantación do título e os acordos tomados nas Comisións Académicas do título en cuestión.

No caso de iMAES, a Subcomisión da USC, na súa sesión do 15 de decembro de 2016 (véxase [2016 12 15 Acta CAM USC](#)), estableceu unha serie de importantes melloras relacionadas cos calendarios e formularios de inscrición, entrega e defensa dos TFM. A Subcomisión da UVigo adoptou un acordo similar na súa reunión do 13 de decembro de 2016 (véxase [Acta 2016 12 13 asinada](#)). Os acordos tomados na devandita reunión da Subcomisión da USC do 15/12/2016 foron referendados pola Xunta da Facultade de Filoloxía da USC na súa sesión ordinaria do 21 de decembro de 2016, e posteriormente pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster na súa reunión do 25 de xaneiro de 2017 (véxase [2017 01 25 Acta CCIU](#)). En canto á UDC, non se produciron cambios, pois toda a normativa relativa a calendarios, inscrición, elaboración e defensa do TFM deseñada pola Facultade estaba aprobada e en vigor con anterioridade.

Ademais da normativa que acabamos de mencionar, a web do título recolle todos os aspectos que regulan o Traballo Fin de Máster de iMAES (http://www.imaes.eu/?page_id=1638), tales como os obxectivos que se perseguen, a extensión e lingua de redacción, os criterios de avaliación e os procedementos administrativos involucrados:

- Elección de tema e titor/a.
- Formulario de inscrición para o alumnado de cada unha das tres universidades.
- Formulario de solicitude de entrega do traballo e defensa.
- Información xeral sobre o acto de defensa.
- Instrucións para subir os traballos defendidos aos repositorios da universidade correspondente.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Ao igual que ocorría co TFM, a web de IMAES recolle así mesmo información relativa ao **Prácticum** (http://www.imaes.eu/?page_id=2013), incluíndo a normativa que o regula. Trátase dun módulo obrigatorio que implica a realización de 150 horas nun conxunto de empresas, organismos e institucións coas que as tres universidades subscribiron convenios de colaboración. No curso 2023/2024 ofertáronse un total de 53 plazas en 30 destinos en centros ou servizos tanto públicos como privados ([Convocatoria Prácticum 2023/2024](#)). A propia convocatoria inclúe información detallada sobre o calendario (prazo de presentación de solicitudes nos decanatos, publicación da listaxe provisional, presentación de reclamacións á listaxe provisional, publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas), requisitos dos candidatos, proceso de selección, características académicas e organización destas prácticas ([Resolución provisional Prácticum 2023/2024](#) e [Resolución definitiva Prácticum 2023/2024](#)).

En canto aos **sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos**, estes están regulados na USC polo marco xeral da Resolución Reitoral do 15 de abril de 2011, modificada por Resolución Reitoral do 30 de xaneiro de 2013. Como apuntamos no apartado 1.4 anterior recolleemos nun documento de elaboración propia toda a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (en web IMAES).

Para concluír, tal e como se sinalaba anteriormente, as diferentes normativas viñéronse actualizando de forma periódica e a Comisión Académica Interuniversitaria (CAIU) actuou conforme á normativa, introducindo os axustes necesarios, establecendo normas complementarias cando fose necesario e asegurándose ao meso tempo de que toda a información sexa pública, transparente, estea actualizada e chegue a todos os sectores interesados.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Criterio 2 obtivo a valoración “B – Acádase. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente” no Informe Acreditación Final iMAES_(2019-2020).

A información sobre o título publícase na web propia do Máster e nas webs das respectivas Facultades onde se imparte. Ademais, a coordinación do mestrado garante que se distribúa e publique a información para todos os grupos de interese (estudiantado, profesorado, PAS e sociedade en xeral).

A **páxina web propia** (<http://www.imaes.eu/>) creouse cando se implantou o título e esta foise actualizando periodicamente e foi recollendo as sucesivas recomendacións da ACSUG nos seus informes, de xeito que na actualidade se reflicte a información máis destacada sobre a organización e o desenvolvemento do título, así como as novas máis destacadas (por exemplo, convocatorias de defensas de TFM ou de Prácticum, cursos e seminarios, etc.). Cabe destacar, así mesmo, que na súa reunión ordinaria do 11/01/2022 a Comisión Académica Interuniversitaria (CAIU) decidiu atender as recomendacións que a ACSUG indicou no Informe da Acreditación Final iMAES (2019-2020, pág. 5), no que se suxería incluír imaxes e/ou vídeos das aulas, salas de estudos ou o acceso ás bibliotecas e repositorios bibliográficos, así como “mellorar a información sobre as plataformas en uso en cada centro e recursos virtuais”. Estas suxestións están en liña coas que se recomendan na Resolución do 6 de abril de 2021 para as ensinanzas de Máster semipresenciais, que pasan a chamarse “híbridas”. Estas melloras na información da web propia do máster foron inicialmente acometidas polo coordinador xeral do título nese momento, o Profesor Jorge Sacido Romero e continúan implantándose pola actual coordinadora, a Profesora Zeltia Blanco Suárez, no momento de redactar o presente Autoinforme de Seguimento 2023/2024 (véxase a web actual en <http://www.imaes.eu/>). Do mesmo xeito, durante o permiso de maternidade da coordinadora xeral, o coordinador en funcións, o Profesor Carlos Acuña Fariña, tamén se encargou de recoller na web as novidades e informacións relevantes no tocante ao mestrado.

A páxina web institucional da USC modificouse en decembro de 2017. Esta modificación serviu para corrixir erros e facilitar a visualización en dispositivos móbiles, amplamente utilizados polo alumnado. Ao igual que a USC, a UVigo e a UDC tamén mudou as páxinas web institucionais do mestrado facéndooas máis funcional e fáciles de utilizar e engadindo información en inglés no caso da UDC (ver [Web do Título \(USC\)](#), [Web do Título \(UDC\)](#) e [Web do Título \(UVigo\)](#)).

En liñas xerais, a información pública do título ofrécese maioritariamente a través de internet (nas webs oficiais das tres sedes e na web propia) e ten como principal obxectivo atender a demanda de información dos **distintos grupos de interese**, tanto externos (futuros/as estudantes, estudantes egresados/as, entidades sociais) como internos (alumnado, PDI e PAS):

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- 1) Futuros/as estudantes: a información focalízase sobre todo nos procesos de admisión e matrícula, así como na organización dos estudos, das materias e dos seus contidos. Téñense en conta os distintos perfís posibles.
- 2) Alumnado estranxeiro: foise actualizando a información da web propia do título e engadindo a información dispoñible en lingua inglesa (por exemplo, a convocatoria do Prácticum), para ser así máis accesible para alumnado de fóra. Alén desta información, tamén se pode obter información nas propias sedes do título sobre a oferta formativa, así como sobre as prácticas extracurriculares e programas de mobilidade.
- 3) Estudantado egresado: publícase información sobre a formación de posgrado, cursos, congresos, emprendemento e actividades de extensión universitaria.
- 4) Empresas e institucións: proporcionáselles información sobre a oferta formativa do máster iMAES e das tres institucións, ademais dos resultados de investigación e desenvolvemento das tres universidades.
- 5) Alumnado matriculado: a información para este colectivo estrutúrase en 6 eixes: 1) xestións por internet, 2) admisión e matrícula, 3) estudos e formación, 4) bolsas e apoio económico, 5) información académico-administrativa e 6) vida universitaria.
- 6) Persoal Docente e Investigador (PDI) e Personal de Administración e Servizos (PAS): as tres universidades ofrecen ferramentas de apoio ao seu traballo profesional, tanto para xestións administrativas, como para as formativas ou académicas.

No que respecta á web propia do título (<http://www.imaes.eu/>), esta cumpre plenamente co estipulado na evidencia 9 (E9) relevante para este Criterio 2, pois inclúe todos os ítems relacionados no Anexo II 'Información mínima a publicar do título' da Guía de avaliación para o seguimento e a renovación da acreditación de títulos oficiais de grao e máster da ACSUG, V.2 30/01/2018 [p. 35]). Isto é:

- denominación do título;
- número de créditos e duración do título;
- centro responsable do título, ou no seu caso, departamento ou instituto;
- coordinador/a e/o responsable do título;
- centro/s onde se imparte o título;
- en caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s;
- tipo de ensinanza;
- número de prazas de novo ingreso ofertadas;
- idioma no que se imparte o título;
- normativa(s) de permanencia (en "Other Documents");
- normativa(s) de transferencia e recoñecemento de créditos;
- memoria vixente do título;
- obxectivos do título;
- competencias xerais;
- competencias específicas;
- criterios de acceso e admisión;
- procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso, previos á matriculación e con

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

posterioridade a esta;

- perfil de ingreso recomendado;
- estrutura do programa formativo: módulos obrigatorios e optativos coa listaxe de todas as materias e as correspondentes guías docentes, que inclúen información sobre os obxectivos xerais e específicos, a metodoloxía docente, as competencias e habilidades, o sistema de avaliación, os contidos de cada materia e a bibliografía recomendada;
- horarios completos das tres universidades participantes no título;
- listaxe do profesorado das tres institucións, con enlace á súa categoría académica, datos de contacto e liñas de investigación;
- traballo fin de máster: a este respecto inclúense datos dos TFM defendidos en cada universidade nos últimos cursos académicos (títulos e datos da defensa), así como información relativa aos procedementos de elección de titores/as, calendarios, convocatorias e comisións de avaliación;
- información completa sobre as prácticas externas (listaxe de posibles destinos de prácticas, criterios de adxudicación das mesmas, entre outros aspectos);
- composición da Comisión de Coordinación Interuniversitaria e das Subcomisións de cada universidade;
- resultados do título: taxas de éxito, rendemento, eficiencia, avaliación, graduación, abandono, ocupación e inserción laboral (páxinas 'Home', 'Accreditation & Quality' e 'Other Documents');
- órganos responsables do sistema de garantía de calidade (páxina 'Accreditation & Quality');
- outros documentos, informes e resultados (páxinas 'Accreditation & Quality' e 'Other Documents');
- páxina de novidades ('News', columna dereita), actualizada frecuentemente, con información de convocatorias de prácticum, conferencias/seminarios/simposios/talleres de interese particular para os/as estudantes do título, defensas de TFM, etc.

Ademais disto, as diferentes universidades, desde as súas páxinas institucionais de centros ou titulacións, **redirixen á páxina propia do Máster** para que a información sexa accesible desde calquera punto. Os enlaces son os seguintes:

- USC: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-estudos-ingleses-avanzados-suas-aplicacions>
- UDC: <https://www.udc.es/gl/filo/mestrados/MIEIA/>
- UVigo: <https://www.uvigo.gal/es/node/247149>

En base ao comentado con anterioridade neste apartado, podemos garantir que a información dispoñible na web do máster é suficiente e transparente, posto que esta inclúe todo o necesario para os diferentes grupos de interese. Ademais, a información que se presenta está actualizada e é obxectiva e relevante para estes grupos en cuestión. Así mesmo, é a Comisión Académica Interuniversitaria do Máster (CAIU) a responsable de comprobar periodicamente que a información pública é suficiente e está actualizada, seguindo as directrices proporcionadas pola ACSUG no seu informe final (04/10/2016) do segundo Informe de Seguimento do título. Do mesmo xeito, a CAIU tamén atendeu as recomendacións da ACSUG (páx. 5 do Informe Acreditación Final_iMAES (2019-2020)) a respecto da información visual e sobre plataformas e recursos virtuais da web propia do título, de xeito que na súa reunión do 11/01/2022 decidiu mellorar a páxina web propoñendo para afrontar eses cambios e melloras, contando co apoio económico de Decanato da Facultade de Filoloxía da USC. Así mesmo, a CAIU (en reunión do 24/11/2016) acordou tamén que fose a Coordinación Xeral do Máster a responsable das actualizacións periódicas da web, tarefa que segue acometendo desde entón o/a coordinador/a xeral da USC. Amais disto, o/a coordinador/a xeral tamén é responsable de enviar información de xeito puntual ao estudantado e profesorado do mestrado a través das listas de distribución, en coordinación cos/as

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

coordinadores/as das outras sedes.

Ademais da información referida na páxina web propia e nas webs institucionais, véñense desenvolvendo en paralelo e con periodicidade anual varias **sesións informativas destinadas ao alumnado**. Estas teñen lugar con anterioridade ao comezo do curso académico e durante o mesmo (véxase o Criterio 7.1 máis abaixo para máis información sobre estas sesións). No curso 2023/2024, ao igual ca nos cursos anteriores, as coordinacións do mestrado participaron nas sesións informativas organizadas polos respectivos decanatos dos centros implicados no título, destinada ao alumnado do último curso do grao, para informalo das diferentes opcións formativas que oferta cada unha das sedes en relación ao seu futuro profesional e académico. Neste sentido, na UDC o primeiro día de clase presencial realízase unha sesión de presentación oficial do mestrado, á que acoden o Decano da Facultade, o profesorado interesado en presentar as súas materias de xeito anticipado e, por suposto, o coordinador do mestrado. Do mesmo xeito, na UVigo é o coordinador do mestrado o que dá a benvida ao alumnado o día de inicio das clases, á vez que resolve dúbidas e achega información básica sobre o mestrado. Cabe destacar, así mesmo, que na USC a Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional leva a cabo unhas xornadas de difusión de mestrados oficiais desde o curso 2021/2022 para captar alumnado doutros países, especialmente procedente de países de América Latina, a través da Plataforma de posicionamento SEO. O Coordinador da USC nese momento, o Prof. Jorge Sacido Romero, gravou un vídeo de presentación distribuído a través de SEO e celebrou un seminario web con estudantes interesados/as para responder a potenciais preguntas o 22/02/2022 (a presentación utilizada no vídeo do Coordinador pódese consultar [aquí](#)). Esta actividade tivo continuación nos seguintes cursos, aínda que en lugar de gravárense de novo os vídeos, simplemente se celebrou o seminario web para que o alumnado en potencia puidese plantexar dúbidas e consultas sobre a oferta formativa de másteres oficiais da USC. Por outra banda, unha vez que dan comezo todas as actividades docentes, desde a coordinación e en cada universidade mantéñense sesións informativas iniciais que teñen, entre outros, os obxectivos seguintes:

- Presentar ao alumnado matriculado a infraestrutura e instalacións do centro (aulas de informática, préstamo bibliotecario, salas de estudo, laboratorio(s) de idiomas, etc.) e da universidade de impartición, ademais coñecer de primeira man a situación de cada un/ha dos/as estudantes.
- Proporcionar indicacións sobre o programa e plan de estudos, a normativa de permanencia, as convocatorias, o recoñecemento de estudos previos, os complementos de formación, os diferentes prazos, etc.
- Informar sobre o persoal administrativo e de apoio adscrito a cada un dos Departamentos involucrados no Mestrado.
- Informar sobre os sistemas de apoio e orientación, en especial ao alumnado de intercambio e estranxeiro.
- Informar sobre os sistemas de apoio específicos para os/as estudantes con discapacidade e necesidades especiais, se os houber.
- Informar sobre os/as titores/as asignados/as aos estudantes matriculados, titores/as que deben servirles de apoio segundo os protocolos de cada universidade: na UDC segundo o Plan de Acción Tutorial (PAT); na USC e UVigo é tarefa do coordinador/a, ata que se produza máis adiante a elección do director/a de TFM. Deste xeito dáse cumprimento á AM-2 do primeiro Informe de Renovación da Acreditación 2015-2016 (ver todo o relativo este particular, incluídos documentos acreditativos, na pág. 18 do Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019-2020).
- Informar sobre o TFM e fixar un prazo para que o estudantado contacte cun/ha potencial director/a e acaden un acordo de dirección, que deberá comunicar á coordinación do máster mediante o formulario habilitado para tal fin, dispoñible na web do máster.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- Establecer un prazo para que o alumnado escolla os seus representantes nas Subcomisións Académicas que así o requiran.
- Informar sobre as características do Prácticum, duración, obxectivos, tarefas a desenvolver en cada centro de traballo ou organismo, calendario, etc.
- Proporcionar información sobre bolsas e actividades académicas previstas que puidesen ser do seu interese.

Estas sesións informativas repítense ao longo do curso en función das necesidades detectadas. Así e todo, polo común prográmasse unha segunda sesión informativa con anterioridade ao comezo do segundo cuatrimestre. Esta sesión céntrase no desenvolvemento do Prácticum e do TFM.

As tres universidades implicadas na impartición do título (as Facultades de Filoloxía da UDC e USC e a de Filoloxía e Tradución da UVigo) buscan ante todo garantir a transparencia e que a información chega a todos os grupos de interese. Así, esta información organízase en varios niveis.

Amais destas sesións informativas, no curso 2023/2024, grazas a unha axuda da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC, destinadas ao financiamento de mestrados oficiais, levamos a cabo apartado unha iniciativa para a difusión do mestrado, grazas á cal se gravou un vídeo institucional en inglés e tamén se imprimiron trípticos e pósters informativos, que se divulgaron nas tres sedes e entre estudantado de outras potenciais titulacións, como do Máster de Profesorado, e nas Escolas Oficiais de Idiomas. No marco destas axudas tamén se levou a cabo unha enquisa para coñecer o grao de inserción laboral do estudantado de iMAES nos últimos 5 anos (véxase apartado 1.1. máis arriba) e organizáronse 2 obradoiros para o alumnado do máster: un sobre emprendemento e empregabilidade e outro sobre inglés académico e a redacción do TFM.

No **primeiro nivel** aparecen os servizos xerais necesarios para o correcto funcionamento das actividades formativas nas distintas universidades:

- 1) Biblioteca: permite non só a consulta do conxunto de fondos bibliográficos de toda a universidade, senón tamén a realización de xestións tales como a renovación ou reserva de préstamos, a solicitude de préstamos interbibliotecarios, etc. Tamén proporciona acceso aos distintos repositorios institucionais (RUC na UDC, Minerva na USC e Investigo na UVigo). Neles aparecen as publicacións dos/as investigadores/as, así como os TFM propostos para Matrícula de Honra na USC e coas cualificacións máis altas na UDC. No caso da UVigo Investigo non recolle TFM.
- 2) Campus Virtual: é a plataforma na que se aloxan as aulas virtuais, cruciais para o estudantado e alumnado ([Campus Virtual USC](#), [Campus Virtual UDC](#), [Campus Remoto UVigo](#)).
- 3) Secretaría Virtual: esta plataforma permite a realización de diferentes xestións, como a reserva de espazos, a solicitude de títulos, etc. (([Secretaría Virtual USC](#), [Secretaría Virtual UDC](#), [Secretaría Virtual UVigo](#)).

Desde este primeiro nivel tamén se pode acceder á oferta total de másteres nas tres universidades:

<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres>

<https://estudios.udc.es/gl/StudyAtUdc/master>

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/mestrados>

Estas páxinas están pensadas para captar alumnado e proporcionarlle información básica, ofrecendo por tanto unha panorámica inicial dos distintos títulos e a súa duración, custo, número de prazas ou o centro de impartición, entre outros. Estas páxinas web tamén proporcionan unha descrición xeral do plan de estudos, dos servizos ofrecidos polos

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

centros e das opcións de mobilidade e de prácticas externas. No caso concreto dos másteres, a información está centrada na orientación dos estudos e no perfil de ingreso.

A partir de aquí pódese acceder ao **segundo nivel**, que conduce a dúas vías distintas: por un lado, á posibilidade de ampliar información sobre o procedemento de matrícula e, por outro lado, á opción de profundizar nos detalles do título ([Web do Título \(USC\)](#), [Web do Título \(UVigo\)](#) e [Web do Título \(UDC\)](#)):

- 1) Neste segundo nivel pódese obter información sobre o proceso de preinscrición e matrícula: calendarios e prazos, requisitos e procedementos a seguir segundo a situación do/a alumno/a solicitante (primeira matrícula, procedente doutra universidade, etc.); e mesmo inclúe enlaces ás plataformas ou aplicacións correspondentes nas que se realizan as xestións de preinscrición e matrícula.
- 2) Tamén se obtén máis información detallada do título a través de varias pestanas: obxectivos, competencias e saídas profesionais; plan de estudos; outra información (mobilidade, normativa de permanencia e avaliación, resultados, etc.). Desde este nivel tamén se accede á programación e horarios das materias, así como ás titorías do profesorado.

Por último, no **terceiro nivel**, preténdese complementar a información proporcionada nos niveis anteriores e atender as necesidades diarias do estudiantado ao longo dos seus estudos. Mantense este nivel nas webs das diferentes universidades ou das propias Facultades ([Web do Centro \(USC\)](#), [Web do Centro \(UDC\)](#), [Web do Centro \(UVIGO\)](#)), desde onde, accedendo a cada un dos títulos, se pode consultar información máis detallada como a Memoria de Verificación, datos de calidade (entre outros, perfil de ingreso, mobilidade ou recursos humanos e materiais), o/a coordinador/a do título, etc. Ademais, na listaxe de módulos da titulación poden verse as respectivas guías docentes. As ligazóns indicadas tamén conteñen información acerca dos TFM, os calendarios académicos, as prácticas externas (normativa, oferta de prazos, convocatoria, formularios de solicitude e adxudicación de prazos), mobilidade (formularios, normativas, convocatorias e toda a información de interese para o alumnado entrante e saínte), formularios para alumnado e profesorado, a normativa máis relevante para os membros da Facultade, etc. Tamén se inclúe información xeral sobre as Facultades: presentación, membros do equipo de dirección, infraestruturas dispoñibles (co equipamento de cada unha das aulas e outros espazos do Centro), departamentos adscritos á facultade e perfil docente e investigador do profesorado, membros do Persoal de Administración e Servizos nos distintos postos, servizos dispoñibles nas Facultades e nas tres universidades en xeral (bolsas, residencias, bibliotecas, actividades deportivas, cursos de formación para estudantes, etc.). Así mesmo, facilitanse os horarios de clase, profesores, exames, etc., imprescindibles para as actividades do día a día do alumnado e do profesorado. Toda esta información actualízase no mes de xullo, antes de que comece o período de matrícula de cada curso académico, para que o alumnado poida decidir en consecuencia sobre a súa matrícula. De igual xeito, tamén se pode consultar información sobre os cursos anteriores, feito que pode servir de orientación, en especial no caso do TFM ou do Prácticum. Ademais, desde as páxinas web das Facultades redírixese á páxina propia de iMAES.

Ademais da información proporcionada na páxina web do título e das sesións informativas que mencionamos, tamén se veñen organizando nos últimos anos diversas **xornadas de formación para alumnos de posgrado**, nas cales participan tamén alumnos de iMAES. Estas xornadas, coñecidas como os *Graduate Day*, están organizadas polo *Programa Interuniversitario de Doutoramento IDAES*, que se celebran con carácter rotativo tres sedes. Nestas xornadas combínanse presentacións por parte dos equipos de investigación dos departamentos con docencia no título, así como por parte de investigadores/as de renome no campo dos Estudos Ingleses, xunto con presentacións do alumnado do doutoramento e egresados de iMAES (Ver Graduate Days/Graddy Days de [2016](#), [2017](#), [2018](#), [2019](#), [2020](#), [2021](#), [2022](#), [2023](#) e [2024](#)).

Como se comentará en detalle no Criterio 3 máis abaixo, as webs das facultades conteñen información relativo ao Sistema de Garantía de Calidade para garantir a transparencia e fomentar a cultura de calidade no Centro: manuais de calidade, membros das comisións recollidas no SGIC, informes de seguimento, memorias de calidade, etc. Tamén a web propia do título (na súa pestana 'Accreditation & Quality': http://www.imaes.eu/?page_id=1384) contén, como xa se

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

sinalou previamente, información sobre os aspectos fundamentais do SGIC.

Amais disto, as webs dos centros dispoñen dunha sección de 'Novidades' (USC: "Actualidade", "Axenda" e "Está a pasar"; UDC: "Novas"; UVigo: "Actualidade"), onde se publican avisos sobre os procesos académicos máis destacados, como pode ser o caso dos prazos e convocatorias de TFM e das prácticas externas, o período para a realización de enquisas, a publicación de horarios ou de convocatorias de mobilidade, etc.). Na USC, UVigo e UDC hai seccións nas que se publica información sobre 'Bolsas e ofertas de emprego' co obxectivo de favorecer a empregabilidade dos/as egresados/as de grao e máster (USC: "[Bolsas e axudas](#)" e "[Área de orientación laboral e emprego](#)"; UVigo: "[Bolsas](#)" e "[Empregabilidade](#)"; UDC: "[Bolsas e axudas](#)" e "[Emprego](#)"). No curso 2021/2022 tamén se puxo en marcha na USC a intranet da facultade, á cal se accede desde a web principal da facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia>). Este acceso está restrinxido á comunidade universitaria da USC e conta con menús de acceso ao centro (para consultar a ocupación das aulas, por exemplo), goberno e xestión, información académica, ou información sobre as distintas comisións, mobilidade, eventos ou actualidade.

Como se sinalaba máis arriba, a(s) web(s) constitúen o principal medio utilizado para a difusión da información. Así e todo, existen tamén **outras vías complementarias** para difundir a información ao conxunto de grupos de interese:

- 1) Taboleiros informativos, que expoñen en papel a información do propio Centro relativa a actividades ou servizos de interese para o alumnado ou para outros colectivos das facultades procedente de organismos ou entidades externas.
- 2) Pantallas informativas nas entradas das Facultades, que anuncian as principais novidades dos distintos centros implicados no título, así como actividades ou servizos de interese para os distintos colectivos.
- 3) Accións de difusión da información para colectivos externos á Facultade, principalmente estudantes potenciais: marcapáxinas coa oferta de títulos, trípticos coa información básica das titulacións, etc.
- 4) Sesións informativas para orientar o alumnado en relación cos programas de mobilidade, prácticas externas, elección de itinerario de máster, etc., tal e como se detallará no Criterio 5 máis adiante.
- 5) Uso das redes sociais para darlle máis visibilidade aos títulos e ás facultades.

En resumo, co fin de fomentar a transparencia que debe caracterizar a calquera entidade pública, as Facultades de Filoloxía da USC e UDC, así como a de Filoloxía e Tradución da UVigo, proporcionan toda a información pública esencial do título, que ademais é actualizada periodicamente

Por último aludiremos neste Criterio 2 do presente Autoinforme de Seguimento 2023/2024 ao **indicador I4** (Resultados das enquisas de satisfacción), que tamén lle atinxe directamente. Para iso, comparamos a continuación os resultados das enquisas institucionais do 2023/2024 cos do 2022/2023. A información proporcionada por estas enquisas institucionais complementase cos datos extraídos das Enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster (CAIU-IMAES) Curso 2023/2024: Execución da Acción de Mellora 1 (AM-1). Tarefa 2, que teñen como primeiro Bloque 1 catro preguntas relativas á "Orientación ao estudantado" (en Enquisas Conxuntas elaboración propia (AM-1)).

(1) Enquisas institucionais de 2023/2024

Nos **datos dispoñibles da USC** nos cursos 2017/2018 e 2018/2019 constaba un indicador relativo á "Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible" (IN23M), pero nos sucesivos cursos non constan datos deste indicador. Con todo, si dispoñemos de información relativa ao grao de satisfacción xeral dos/as egresados/as coa titulación (IN42M), que foi bastante favorable nos últimos dous cursos: 4,25 sobre 5 puntos no curso 2022/2023 e 4,18

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

sobre 5 no curso obxecto de informe, o 2023/2024 (véxase páx. 58 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)).

Ao igual que ocorre na USC, na UDC e na UVigo tampouco hai ningunha pregunta específica na enquisa sobre o grao de satisfacción coa información pública disponible, mais si dispoñemos de datos de satisfacción dos/as egresados/as coa titulación: na UDC os/as titulados/as valoraron en 7 puntos sobre 7 tanto o proceso formativo como a actuación docente, mais hai que ter en conta que o grao de participación nas enquisas por parte dos/as egresados/as foi baixo (20%) (véxase documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)). Na UVigo o grao de satisfacción do estudantado egresado coa titulación foi de 3,81 sobre 5 puntos (véxase documento [2023 2024 Informe satisfacción das persoas tituladas](#)).

(2) Enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do máster (CAIU- iMAES) Curso 2023/2024

As enquisas conxuntas de elaboración propia CAIU-iMAES proporcionan información global do alumnado egresado nas tres sedes. No curso 2023/2024, debido a un erro procedemental do coordinador en funcións, non se lle enviou a enquisa ao alumnado das tres sedes e a porcentaxe de participación neste curso foi considerablemente menor. Así, responderon á enquisa 9 de 22 titulados/as de iMAES (40,90% do total), pero a media de satisfacción global resultante dos 7 bloques é de 4,3 sobre 5 puntos (ligazón [aquí](#)). En particular, o “Bloque I. Orientación ao Estudante” obtivo unha valoración de 4,2/5 puntos e a Pregunta 1 “A información pública sobre o título na páxina web propia e nas páxinas web das Facultades de Filoloxía da UDC, da USC e da UVigo é adecuada” e mais a Pregunta 2 “As actuacións que orientan aos estudantes son adecuadas” puntuáronse con 4,4 e 4,6 puntos, respectivamente. Dentro deste mesmo bloque de orientación ao estudantado preguntábaselles pola orientación cara o mercado laboral (Pregunta 3 “As actuacións encamiñadas a preparar ao estudantado para a inserción no mundo laboral ou para a continuación de estudos de doutoramento son adecuadas”). Neste caso a satisfacción foi lixeiramente menor, se ben a puntuación acadada é relativamente alta, con 3,8/5 puntos. A última pregunta deste bloque concernía o grao de satisfacción global coas accións que orientan ao estudante, puntuada con 4,1/5. Á luz destes datos, por tanto, parece claro que a satisfacción do alumnado egresado co valorado neste Criterio 2.1 é alta.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólvese de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólvese de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Criterio 3 obtivo a valoración “B – Acádase. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente” no Informe Acreditación Final iMAES (2019-2020).

As políticas e os Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) das universidades deben servir para asegurar e garantir o cumprimento dos obxectivos das ensanzas que se imparten, ademais da mellora constante dos mesmos. Para tal fin, os tres centros de impartición do mestrado iMAES, a saber, as Facultades de Filoloxía da UDC e USC e mais a de Filoloxía e Tradución da UVigo, contan con Sistemas de Garantía Interna de Calidade implantados mediante o sistema FIDES-AUDIT (Ver: I5-USC-Certificado_FIDES_AUDIT, I5-UDC-Certificado_FIDES_AUDIT e I5-UVigo-Certificado_FIDES_AUDIT en SGIC). Estes poden ser consultados tanto na web propia do título (http://www.imaes.eu/?page_id=1384) como nas respectivas páxinas de cada universidade (consultar enlaces correspondentes á USC, UDC e UVigo). A Facultade de Filoloxía e Tradución de UVigo conta ademais coa Acreditación Institucional do Centro (Ver 30-10- 2018 – Informe ACSUG de acreditación institucional de FFT e 28-01-2019 FFT– Resolución Consello de Universidades da acreditación institucional do centro en SGIC). Así mesmo, a Facultade de Filoloxía da UDC tamén dispón da Acreditación Institucional do Centro (ver Informe

([https://www.udc.gal/export/sites/udc/filo/_galeria_down/calidade/Informes_de_seguimento_e_acreditacion/Institucional_2017-](https://www.udc.gal/export/sites/udc/filo/_galeria_down/calidade/Informes_de_seguimento_e_acreditacion/Institucional_2017-2018/Autoinforme-Seguimento-Filoloxia-UDC-1718.pdf_2063069239.pdf)

2018/Autoinforme-Seguimento-Filoloxia-UDC-1718.pdf_2063069239.pdf). A Facultade de Filoloxía da USC solicitou no curso 2021/2022 a Acreditación Institucional, que obtivo en febreiro de 2022. Neste [Informe Final de Renovación de Evaluación para la Renovación de la Acreditación](#) obtívose unha cualificación de A (supérase excelentemente) en 4 dos 7 criterios valorados, e unha B (acádase) en 3 dos criterios. Esta Acreditación Institucional implementouse no curso 2022/2023.

O mestrado iMAES ten carácter interuniversitario e, xa que logo, todos os procesos e accións relativos á súa execución fanse de maneira coordinada. Por este motivo, a Comisión Académica Interuniversitaria (CAIU) conta con representantes das tres universidades implicadas e esta comisión é precisamente a encargada de analizar a evolución do título e propoñer melloras do mesmo (procesos PM-01 e S01-PM-01 do Manual de Procesos e Procedementos da USC: ver MPP_USC en SGIC). Así mesmo, a CAIU encárgase de aprobar as accións relacionadas cos TFM (Proceso PC-10 do MPP), as prácticas externas (Proceso PC-09 do MPP), a mobilidade (Proceso PC-08 do MPP), a programación das

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

materias (Proceso P04-PC-04 do MPP), a difusión pública da información (Proceso PC-12 do MPP), ou a planificación dos ensinos no seu conxunto (Proceso PC-04 do MPP), entre outros procesos (Ver MPP_USC en SGIC). No IRA anterior (p. 19 en IRA_2015-2016) valorábase positivamente que as Áreas de Calidade e as Vicerreitorías de Oferta Académica das tres universidades estivesen traballando conxuntamente para compartir indicadores que facilitasen a avaliación e seguimento dos criterios de calidade destas titulacións, froito do cal xurdiu un panel global de indicadores (Ver 4314355_Panel_indicadores_global en Indicadores).

As tres institucións contan cun sistema protocolizado de Consultas, Suxerencias, Queixas e Felicitacións. Así, no caso da USC, pódense facer suxerencia e queixas a través da web da OAR (Oficina de Análise de Reclamacións). Posto que o título está radicado na USC, expóñense a continuación en maior detalle as características do seu SGIC.

O Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Filoloxía da USC conta cos procedementos necesarios para a mellora continua dos seus títulos. O [Manual Simplificado do SGIC](#) (27/04/2017) da Facultade de Filoloxía da USC recolle a estrutura que o centro estableceu para poder desenvolver e cumprir os seus obxectivos de calidade. Dentro da complexidade interna do SGIC do centro, destacamos dúas Comisións en particular, por estaren estas directamente relacionadas coa titulación en cuestión:

- a Comisión de Títulos de Máster, na que están representados todos os másteres.
- a Comisión de Calidade do Centro (CCC), na que están representadas todas as titulacións, tanto de grao como de máster.

Estas comisións están integradas por profesorado e alumnado (un representante do alumnado de grao e un do de máster) implicados directamente na docencia/discencia do título, o que facilita un seguimento máis individualizado do desenvolvemento e mellora do mestrado. Ademais, a presenza do Decano (desde marzo 2020) como presidenta/e de cada unha destas comisións favorece que o fluxo de información recibida das instancias superiores sexa coherente e homoxéneo. A composición de todas as comisións mencionadas pode consultarse na [web](#).

A recollida de información realízase de forma continua, principalmente a través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, que facilita anualmente informes de resultados recollidos no SGIC, para a súa análise por todas as comisións implicadas no desenvolvemento e mellora das titulacións do centro. Estes indicadores e informes inclúen os resultados do título, o grao de satisfacción dos grupos de interese, os procedementos e resultados da avaliación da calidade do ensino e do profesorado, así como os informes de Queixas e Suxestións.

No Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019/2020 deixouse constancia do esforzo conxunto das diferentes comisións do título, así como das direccións dos centros e áreas de calidade das 3 universidades integrantes do título para aumentar a participación dos diferentes grupos de interese (a saber, profesorado, estudiantado e egresados/as) nas enquisas institucionais. Apuntábase aquí que había marxe de mellor para poder soste eses resultados no tempo e por este motivo se propuso a Acción de Mellora (AM-1), que foi executada no curso 2021/2022 e que se seguiu executando durante os cursos 2022/2023 e 2023/2024. A Tarefa-1 consistiu en seguir incentivando a participación nas devanditas enquisas institucionais mediante o envío de emails aos grupos de interese. Desta tarefa eran responsables os Coordinadores do Título en cada unha das 3 sedes: os Profs. Sacido Romero [USC] (substituído pola Prof. Blanco Suárez desde decembro de 2022), Estévez Saá [UDC] e Figueroa Dorrego (desde setembro de 2021 substituído polo Prof. Urdiales Shaw) [UVigo]. A Tarefa-2, da cal era responsable o Coordinador Xeral do Título, o Prof. Sacido Romero, consistiu na elaboración dunha enquisa electrónica conxunta para estudantes e profesorado das 3 sedes do título a través da aplicación MSForms do paquete institucional Office 365 da USC. Esta tarefa tivo continuidade desde decembro de 2022 coa actual coordinadora xeral, a Prof. Blanco Suárez. Esta enquisa conxunta permite de feito unha visión máis global e coherente do grao de satisfacción co título por parte dos grupos de interese mencionados anteriormente. No que segue dáse conta do resultado de ambas modalidades de enquisas.

No caso deste curso académico 2023/2024, como xa se comentou anteriormente, houbo un erro de procedemento ao estar a coordinadora de permiso de maternidade e o coordinador en funcións non enviou a enquisa conxunta a todo o alumnado, de xeito que, como é lóxico, a porcentaxe de participación descendeu neste curso (40,90% fronte ao 66,70%

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

do curso 2022/2023). Nos próximos cursos debemos tratar de incentivar de maneira conxunta a participación do estudiantado egresado enviándolle o cuestionario no propio día da defensa do TFM e coordinándonos mesmo cos tribunais para que lles recorden ao alumnado no propio acto de defensa que fagan o favor de cubrir a enquisa de satisfacción.

(1) Enquisas institucionais 2023/2024:

USC: o **grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida** no 2023/2024 é moi positivo (4,56 sobre 5 puntos), aínda que é lixeiramente menor que o do 2022/2023 (4,71) (ver [4314355 INF.13 2023 2024](#)). A participación do alumnado nestas enquisas institucionais, con todo, aumentou nun 12,6% con respecto ao curso académico anterior (18,18% no 2022/2023 fronte a 30,77% no 2023/2024). No caso do **grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida**, este mantívose sen cambios (4,43 sobre 5 puntos nos dous cursos), mais a participación experimentou un lixeiro descenso, do 77,27% no 2022/2023 ao 63,64% no curso obxecto de informe (ver [4314355 INF.14](#) e pág. 62 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Do mesmo xeito, a **satisfacción do profesorado coa titulación** mantívose relativamente alta: 4,28 e 4,19 nos cursos 2022/2023 e 2023/2024, respectivamente, aínda que a porcentaxe de participación neste último curso tamén descendeu en case 20 puntos porcentuais: do 65,22% no curso anterior ao 45,45% no 2023/2024 (véxase [4314355 INF.23 2023 2024](#)).

UVigo: tal e como se comentou no Criterio 1.2 máis arriba, a enquisa de **satisfacción do alumnado** non contempla unha pregunta específica sobre a docencia ou o persoal docente (si a de satisfacción das persoas tituladas). Con todo, un dos bloques da enquisa si valora os resultados da aprendizaxe e a formación adquirida que, como indicamos, foi valorada con 2,75 puntos, aínda que a participación fora relativamente baixa (33%; documento [2023 2024 Informe satisfacción alumnado](#)). No caso das/os egresadas/os, neste curso 2023/2024 as enquisas son moi satisfactorias, pois estes outorgaron 4,5 puntos ao persoal docente do mestrado e 4 puntos á formación recibida. De igual xeito, o índice global de satisfacción coa titulación foi de 3,81 puntos, polo que se trata dun valor tamén bastante positivo (véxase documento [2023 2024 Informe satisfacción das persoas tituladas](#)). No caso do profesorado, non contamos con datos de satisfacción do colectivo, pois estas enquisas realízanse con carácter bianual.

UDC: o **grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida** foi bastante alto, pois este valorou a planificación e o desenvolvemento do ensino con 6 e 5,86 puntos sobre 7, respectivamente, e o persoal académico foi valorado con 6,43 puntos sobre un máximo de 7 (58,33% de participación). De xeito similar, o **profesorado** mostrouse altamente satisfeito co desenvolvemento do ensino (6,17/7 puntos) e cos estudantes (5,83/7) (participación do 40%). En canto á **satisfacción dos/as egresados/as** do título, estes/as amosáronse tamén altamente satisfeitos/as co proceso de formación (7/7) e coa actuación docente (7/7), se ben a participación neste caso corresponde só ao 20% (véxase documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).

Enquisas conxuntas de elaboración propia pola comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster (CAIU-IMAES) curso 2023/2024:

Estas enquisas dan idea da **satisfacción global do estudiantado egresado e do profesorado de maneira conxunta para as tres sedes (USC, UDC e UVigo)**. Polo xeral, acadan unha porcentaxe de participación máis elevada e, por conseguinte, uns resultados máis representativos. Con todo, recordamos neste punto que a participación nas enquisas deste ano é considerablemente menor por un erro na distribución das enquisas de profesorado e alumnado, como se explicou no Criterio 1.1 máis arriba. No que segue detallamos estes resultados:

Enquisa de satisfacción de estudantes iMAES 2023/2024 (cuberta nos días posteriores a superar o TFM e, polo tanto, graduarse):

1) Participación e satisfacción global: **4,30 sobre 5 puntos e 40,90% de participación**

2) Detalle de medias por bloques:

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Bloque I: Orientación ao estudante: 4,2 sobre 5 puntos
Bloque II: Persoal académico: 4,1 sobre 5 puntos
Bloque III: Recursos e servizos: 4,3 sobre 5 puntos
Bloque IV: Planificación das ensinanzas: 4,2 sobre 5 puntos
Bloque V: Desenvolvemento das ensinanzas e avaliación da aprendizaxe: 4 sobre 5 puntos
Bloque VI: Prácticas externas: 3,9 sobre 5 puntos
Bloque VII: Traballo Fin de Máster: 3,6 sobre 5 puntos
Bloque VIII: Situación provocada pola COVID-19: 4,6 sobre 5 puntos

3) **Enlace a gráficas** [aquí](#)

Enquisa de satisfacción de profesorado iMAES 2023/2024

1) Participación e satisfacción global: **4,12 sobre 5 puntos e 60% de participación**

2) Detalle de medias por bloques:

Bloque I: Obxectivos e competencias: 4,46 sobre 5 puntos
Bloque II: Planificación e desenvolvemento do ensino: 4,22 sobre 5 puntos
Bloque III: Recursos humanos: 4,33 sobre 5 puntos
Bloque IV: Recursos materiais e servizos: 4,06 sobre 5 puntos
Bloque V: Orientación ao estudiantado: 3,79 sobre 5 puntos
Bloque VI: Resultados da aprendizaxe: 3,68 sobre 5 puntos
Bloque VII: Xestión da calidade: 4,33 sobre 5 puntos

3) **Enlace a gráficas** [aquí](#)

Dada a excepcionalidade dos resultados das enquisas do curso 2023/2024, ao atoparse a coordinadora xeral de permiso de maternidade, propoñemos dar continuidade á realización das enquisas conxuntas de elaboración propia e seguir fomentando a participación dos dous grupos principais implicados na titulación: estudiantado e profesorado, tanto nestas enquisas propias como nas enquisas institucionais (Acción de Mellora tarefas 1 e 2).

No ano 2013 púxose en funcionamento na USC a *Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión* (AASX), que facilita unha xestión máis eficiente dos sistemas de calidade ao permitirlle ás comisións dos títulos obter datos de indicadores para facer un correcto seguimento do título e propoñer as medidas oportunas en base aos mesmos.

Así mesmo, as persoas representantes do estudiantado nas Xuntas das Facultades e nas Comisións Delegadas das mesmas proporcionan tamén datos sobre o grao de satisfacción. Na **USC**, por exemplo, isto pode constatare no *Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna da Facultade de Filoloxía* (SGIC).

Todo o proceso clave de Planificación das ensinanzas (Proceso PC-04 do MPP: ver "MPP_USC" en SGIC), cuxos distintos procesos se enumeran a continuación, lévase a cabo de maneira coordinada entre as distintas sedes:

- P01-PC-04 Elaboración do plan docente anual de cada centro
- P02-PC-04 Elaboración dos horarios e calendario de exames
- P03-PC-04 Elaboración e aprobación do plan de organización docente dos departamentos
- P04-PC-04 Programación dos módulos
- PM-01 Medición, análise e mellora
- PC-12 Información pública
- POA-01 Determinación do límite de prazas das titulacións

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- POA-02 Elaboración e aprobación da PDA
- POA-03 Confección da oferta académica
- POA-05 Elaboración e aprobación do POD
- E-POA-03/2 Modificación da oferta académica
- E-POA-05/1 Modificacións do POD
- E-POA-05/2 Elaboración e aprobación do POD

A Comisión Académica Interuniversitaria do Máster (CAIU) aproba os procedementos arbitrados nas universidades, coa previa aquiescencia dos/as Coordinadores/as e das Comisións Académicas do Máster (CAMs) de cada sede. Malia que poden darse pequenas diferenzas, por exemplo, nos calendarios académicos das tres sedes, estas na práctica non teñen unha incidencia real, posto que o estudantado é debidamente informado sobre o calendario de solicitude de prazas e matrícula nas universidades respectivas, ademais de que esta información aparece publicada na web do máster (http://www.imaes.eu/?page_id=1094).

O procedemento de avaliación está regulado na [Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela](#), aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, e a [Resolución pola que se publica a modificación da “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”](#) aprobada polo Consello de Goberno do 5 de abril de 2017 (ás que nos referimos xa no Criterio 1.5 máis arriba). Esta normativa establece que os departamentos deben garantir unha programación docente ou guía docente para cada materia, que ha de especificar: a) o profesorado encargado da docencia, coa indicación expresa do(s)/a(s) coordinador(es) da mesma; b) descriptors da materia no plan de estudos; c) número de créditos expositivos, interactivos, de laboratorio etc.; d) obxectivos da materia; e) programa da parte teórica e práctica; f) desenvolvemento do temario (con indicación, se é posible, do tempo previsto para cada tema e especificando a docencia non presencial); g) criterios e sistemas de avaliación (tipo e número de probas, traballos que se presentarán coas posibles datas de entrega, no seu caso, controis periódicos, etc.); h) bibliografía recomendada actualizada.

A respecto da programación docente, na USC en concreto a etiqueta de programación docente/guías docentes inclúe dous documentos diferenciados: os **programas** das materias en si e as **guías docentes propiamente ditas**. Se ben ambos documentos recollen información e apartados regulados pola mencionada normativa de avaliación, as guías docentes conteñen información máis polo miúdo do programa e contidos a desenvolver, incluíndo mesmo exemplos de exercicios ou exames. Isto é imposible no caso dos programas das materias, debido a que a aplicación que se emprega para a xestión dos mesmos, Xescampus, ten limitacións nese sentido. A título ilustrativo, poden consultarse as seguintes ligazóns

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-estudios-ingleses-avanzados-suas-aplicacions/20242025/adquisicion-ensino-ingles-17671-16929-3-89221> (Pestana “Programa” e contidos despregables)

http://www.imaes.eu/wp-content/uploads/2024/07/English-Language-Teaching-and-Acquisition_2024-2025.pdf

Outras cuestión que deberán especificar as programacións /guías docentes de cada materia son os aspectos que se deben avaliar, os instrumentos ou sistemas de avaliación (traballos en grupo, individuais, exames parciais, finais, etc.) e os criterios de avaliación, precisando, de ser posible, a súa correspondente ponderación na cualificación final. Tamén se explicitarán os criterios previstos tanto para a convocatoria ordinaria como para a extraordinaria. Antes de seren aprobadas pola CAIU, estas cuestións son examinadas pola Coordinación do Máster e as diferentes Subcomisións Académicas. Posteriormente os decanatos das respectivas sedes revisan todo e finalmente ratifícase polas Xuntas de Facultade.

No relativo ao SGIC da Facultade de Filoloxía e Tradución da **UVigo**, a revisión do sistema derivou nas seguintes modificacións:

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- a implementación dunha nova plataforma do SGIC para subir as evidencias dos distintos rexistros;
- a aprobación da normativa do Traballo Fin de Máster en Xunta de Facultade do 5 de maio de 2017 (http://fft.uvigo.es/images/docs/facultade/normativa/Regulamento_TFM_FFT.pdf) Modificado pola Xunta de Centro o 06/07/2021).

Esta normativa permite: (1) unificar os procedementos que faciliten o desenvolvemento e a xestión administrativa do TFM de todas as titulacións; (2) dentro das particulares características que ten o TFM en cada titulación, manter a súa integración no conxunto dos títulos; e (3) garantir ao alumnado que a elaboración, defensa e avaliación do seu TFM poida desenvolverse de forma idónea.

En canto á **UDC**, a Facultade de Filoloxía conta cun Sistema de Garantía Interno de Calidade para o seguimento das súas titulacións, integrado por un *Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade* ([MSGIC](#)), composto por 17 documentos (aprobado en Xunta de Centro o 7 de marzo de 2008), e un Manual de Procedementos do SGIC, integrado por 27 procedementos (tres estratéxicos, catorce clave, oito de apoio e un de medición). A primeira edición revisada destes documentos foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa reunión do 16 de xullo de 2008, co fin de incorporar as propostas de mellora realizadas pola ACSUG, que emitiu un informe de avaliación positiva con data do 23 de xullo de 2008. A posta en marcha do SGIC realizouse no curso 2009/2010 segundo as suxerencias para a implantación e o seu futuro seguimento realizadas no informe final de avaliación da ACSUG.

No 2011 lanzouse unha aplicación informática para facilitar a aplicación e xestión do SGIC e realizar un correcto seguimento das titulacións. Desde o curso 2010/2011 revisáronse os procedementos do sistema para que fosen máis operativos e eficaces.

En decembro de 2015, a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicitou a participación da Facultade de Filoloxía no proceso de certificación da implantación do seu Sistema de Garantía de Calidade. A ACSUG emitiu un informe final favorable para a certificación da implantación do SGIC da Facultade de Filoloxía da UDC, froito do cal é o Certificado nº 01/16 da ACSUG, polo que a axencia constata que o Sistema de Garantía de Calidade do centro está implantado conforme ás directrices establecidas no programa FIDES-AUDIT ([Certificación Facultad Filología UDC SGIC 2016](#)). Esta certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía da UDC ten validez ata o 16 de xuño de 2022.

No que concirne aos procedementos de avaliación e mellora da docencia, todas as titulacións da Universidade da Coruña dispoñen do programa [AVALIEMOS](#) de avaliación docente. No marco deste programa, alumnado e profesorado responde a unha serie de preguntas xerais e por materia unha vez por cuatrimestre. Dentro das enquisas por materias, o estudiantado valora a docencia de cada profesor/a en cada materia, e o profesorado fai unha autoavaliación da súa docencia e das competencias que adquiriu o alumnado no proceso de aprendizaxe. As enquisas xerais, por outra banda, buscan que o estudiantado valore as súas propias competencias para a aprendizaxe. Ambos cuestionarios buscan detectar posibles necesidades de ambos grupos no desenvolvemento da docencia para estudar alternativas na organización dos programas, proporcionar apoio, etc., en función das necesidades detectadas. Estas enquisas docentes son revisadas de forma periódica pola Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade de Filoloxía, quen recolle as súas conclusións no Informe Anual de Resultados do SGIC. Ademais, cando se considera necesario, en función destes resultados, esta solicita á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente a celebración de cursos específicos sobre as dificultades ou carencias detectadas nas enquisas. Do mesmo xeito, tomáronse decisións sobre o horario ou a distribución en grupos de docencia.

Así mesmo, o Sistema de Garantía de Calidade do Centro dispón dun procedemento específico para a recepción e tramitación de consultas, suxerencias, queixas e felicitacións. Trátase do procedemento de apoio PA04, no que se establecen as vías de entrada desta información, as persoas ou comisións responsables da súa tramitación e análise e o desenvolvemento do proceso. Anualmente, o Vicedecanato de Calidade informa á Comisión de Estratexia e Calidade do Centro das felicitacións, queixas, suxerencias e consultas recibidas, as vías de recepción, a tramitación das mesmas e a porcentaxe de incidencias resoltas, así como as accións de mellora derivadas das mesmas. Esta información é procesada

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

e a Comisión de Estratexia e Calidade aproba un Informe Final de Preguntas, Queixas, Suxerencias e Felicitacións anual, que se incorpora ao Informe Final Anual de Resultados do Sistema de Garantía.

Como xa se sinalou ao comezo, o SGIC debe incluír procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino. Para dar resposta a esta necesidade, seguindo as recomendacións da ANECA/ACSUG, nas tres universidades implantouse un programa de avaliación da actividade docente enmarcado dentro do programa DOCENTIA, tal e como se recolle no Procedemento para avaliación da actividade docente (P02-PS-01) do MPP. Este programa está recollido no *Manual para a Avaliación da Actividade Docente da USC* (MAAD: [Manual DOCENTIA 2012](#)). Esta ligazón dá acceso ao último Manual, que como se pode ver está datado en “2012”, data da última convocatoria. No primeiro Autoinforme de Renovación da Acreditación ([IRA 2015-2016 p. 21](#)) xa se daba conta deste feito. Nese Autoinforme dábase conta, así mesmo, de que, baseándose no establecido no MAAD, leváronse a cabo tres convocatorias experimentais de avaliación docente (DOCENTIA). A posta en marcha foi realizada en varias convocatorias.

Polo que respecta á UDC, un total de 8 profesores foron avaliados polo programa Docentia no curso 2023/2024, o que supón un 53,33% do persoal de iMAES na UDC (véxase documento [D04-P01-I04 IMAES Docentia 23 24](#)). O 100% destes docentes obtiveron avaliación positiva, e o 62,5% obtivo a máxima valoración: “Moi favorable” ou “Desempeño excelente”. Na UVigo e na USC non dispoñemos de datos para o curso 2023/2024 sobre a participación do profesorado iMAES no programa DOCENTIA.

No curso 2023/2024 non se plantexaron Reclamacións nin Queixas do estudantado en ninguna das tres sedes do mestrado.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co Manual do SGIC, a Comisión Académica Interuniversitaria (CAIU) é a responsable de analizar os resultados do título e tomar decisións ao respecto, incluíndo a elaboración dos Autoinformes de Seguimento anuais, do Informe de Renovación da Acreditación, e da suxestión de accións de mellora. Estes Informes de Seguimento e os de Renovación da Acreditación, así como os correspondentes plans de mellora, son sometidos á revisión da Comisión de Calidade do Centro. Finalmente, son aprobados pola Xunta de Facultade e, a continuación, elevados á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Neste seguimento anual e renovación cuatrianual analízanse, ademais do desenvolvemento e os resultados do título, a execución e eficacia das accións de mellora propostas no exercicio anterior e as eventuais recomendacións derivadas dos procesos de avaliación externos (verificación, seguimento, renovación da acreditación).

Amais dos mencionados Autoinformes de Seguimento e de Renovación da Acreditación, elabóranse tamén con carácter anual as Memorias de Calidade, que son aprobadas en primeira instancia na Comisión de Calidade dos respectivos centros e, posteriormente, na Xunta de Facultade correspondente. Nelas recóllese o plan de melloras da Facultade, con indicación dos responsables das diferentes accións e tarefas e do período de execución das mesmas. As memorias son públicas e accesibles (documentos titulados “Memoria de Calidade” en “Documentación do SCG” en [Calidade Facultade de Filoloxía USC](#)). Os informes de seguimento dos distintos títulos tamén son públicos na web, o que permite que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión (repositorio de

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

documentos en “Documentación do SCG” en [Calidade Facultade de Filoloxía USC](#)).

Co fin de preparar os Autoinformes de Seguimento e de Renovación da Acreditación, a USC, universidade á que está adscrita o mestrado iMAES, e en particular a Comisión de Calidade (CCC) da Facultade de Filoloxía, conta con documentos e guías de axuda da ACUSG, así como evidencias e indicadores proporcionados pola ACMP. Ademais, o persoal da ACMP aclara as dúbidas que poidan xurdir por medio do correo electrónico, por vía telefónica ou por aplicacións de videoconferencia como MS Teams.

No que se refire ao proceso de Renovación da Acreditación (2º proceso no caso de iMAES), as tarefas de análise, reflexión e elaboración dos autoinformes desenvolvéronse entre novembro de 2020 e abril de 2021 e nel participaron as comisións de todos os títulos da Facultade de Filoloxía da USC, coordinados a través da Comisión de Calidade do Centro. O Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación da ACSUG emitíuse en febreiro de 2022 e, de acordo co mesmo, as valoracións dos diferentes criterios foron:

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

Criterio 1 (Organización e desenvolvemento): **A – Supérase excelentemente**. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.

Criterio 2 (Información e transparencia): **B - Acádase**. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente.

Criterio 3 (Sistema de garantía de calidade): **B - Acádase**. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

Criterio 4 (Recursos humanos): **A - Supérase excelentemente**. O estándar correspondente ao criterio se lógrase completamente, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.

Criterio 5 (Recursos materiais e servizos): **A – Supérase excelentemente**. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

Criterio 6 (Resultados de aprendizaxe): **A – Supérase excelentemente**. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.

Criterio 7 (Indicadores de satisfacción e rendimento): **B – Acádase**. O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente.

En canto á **UDC**, a implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro recibiu certificación da ACSUG (Certificado nº 01/16) o 16 de xuño de 2016 (SGIC). Este certificado tiña marcada a súa revisión para xuño de 2019 e validez ata o 16 de xuño de 2022. Finalmente a ACSUG fixou no seu calendario para a renovación da certificación do SGIC da Facultade de Filoloxía unha data aínda pendente de concretar, mais arredor da primeira quincena de maio de 2023. Os aspectos que no informe provisional de certificación indicábase que debían ser obxecto dun plan de accións de mellora, así como as recomendacións de mellora, foron atendidos nas accións PM/01, PM/02, PM/03, RM/01, RM/02 e RM/03 do Plan de Accións de Mellora derivado do Informe Provisional para a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade. Este Plan foi valorado positivamente no Informe Final da Comisión. As revisións realizadas desde a posta en marcha do SGIC do Centro permitiron definir accións de mellora da titulación derivadas da análise dos datos que realiza periodicamente a Coordinación da Titulación e a [Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade](#) e que se recolle no Informe anual de resultados do SGIC. A Comisión de Estratexia e Calidade realizou un seguimento do grao de cumprimento e dos resultados das accións de mellora definidas e comprobou que na maioría dos casos estas accións conseguiron os obxectivos expostos. Nos casos en que non foi así, propuxéronse novas accións que finalmente permitiron alcanzar esas metas.

Como se apuntou na Reflexión do Criterio 3.1., a Facultade de Filoloxía e Tradución de UVigo, ademais da certificación do SGIC, que no curso 2021/2022 se atopa en proceso de renovación, conta coa Acreditación Institucional do Centro por resolución do Consello de Universidades (“30-10-2018 – Informe ACSUG de acreditación institucional de FFT e 28-01-

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

2019 FFT– [Resolución Consello de Universidades da acreditación institucional do centro](#)” en SGIC).

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde que se implantou o título no curso 2013/2014, as Facultades de Filoloxía da UDC e USC e de Filoloxía e Tradución da UVigo puxeron a disposición do mesmo os seus mecanismos para garantir a calidade das ensinanzas. Tal e como se mencionou en apartados anteriores do Criterio 3, os mecanismos que garanten a calidade foron revisados con anterioridade, dando lugar a un novo conxunto normativo actualizado en base a informes de avaliación a distintos niveis.

En xuño de 2021 a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC publicou a 4ª edición do *Documento Marco: Manual do Sistema de Garantía de Calidade*, elaborado pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da Universidade (CCP). Esta edición revisada supuxo unha modificación dos procesos institucionais. Incorporou así mesmo un subproceso para a Acreditación das titulacións, novas fontes documentais para a identificación de necesidades, novas entradas documentais para a identificación de necesidades e referencia á normativa de contratación pública, así como a elaboración dun informe anual de Calidade e unha análise de expectativas de grupos de interese. Na Facultade de Filoloxía da USC, o Equipo de Dirección (ED) e a Comisión de Calidade do Centro (CCC) elaboraron un Plan Estratéxico Ponte para o período 2020-2022 no cal se recolle unha reflexión acerca das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas do Centro e se recollen as principais liñas estratéxicas e obxectivos concretos na xestión da Facultade de Filoloxía da USC que afectan o estudantado, profesorado, persoal da administración e a sociedade en xeral (aprobado por CCC o 30/11/2020, informe favorable pola ACMP o 01/12/2020, aprobado pola Xunta de Facultade o 11/12/2020, e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021; ver “Facultade de Filoloxía Plan Estratéxico Ponte 2020-2022” en SGIC). O *Manual de Procesos da Facultade de Filoloxía* e o *Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía* foron revisados no curso 2020/2021 (aprobación 30/09/2020 o [Manual de Procesos](#) e aprobación o 14/01/2021 o [Manual do SGIC Filoloxía](#)).

Na Facultade de Filoloxía e Tradución da **UVigo** someteuse a aprobación en xuño de 2022 o “Informe de revisión do sistema pola dirección” e “Informe de resultados anuais das titulacións do centro” correspondente ao curso 2020/2021. Estes informes validáronse na Comisión de Calidade o 9 de xuño e aprobáronse na Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía e Tradución o 21 dese mesmo mes. Ese informe daba conta dos resultados conseguidos nos períodos en cuestión relativas a cada titulación, ás enquisas de satisfacción e ao estado dos rexistros de calidade do sistema, así como ao estado de situación das accións de mellora propostas en informes de seguimento anteriores e á proposta de novas accións de mellora.

No tocante á **UDC**, no curso 2019-2020 recibíuse resposta da ACSUG ao Seguimento do Plan de Melloras para a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro e no que se daban por pechadas as accións de

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

mellora relativas ao procedemento PC12. Información Pública; do PE01. Establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos de Calidade, e do PE03. Elaboración e revisión do plan estratéxico dos centros da UDC. Continúan abertas dúas accións de mellora: a de implementación da nova aplicación para a xestión documental (pendente da súa posta a disposición por parte da Vicerrectoría de Planificación Académica e Innovación Docente) e a establecida para contar con participación de representantes do estudiantado na Comisión de Calidade.

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Criterio 4 (Recursos Humanos) obtivo a **valoración “A – Supérase excelentemente”** no Informe Acreditación Final_imaes (2019-2020).

Tal e como veu sucedendo en anos anteriores, o cadro de persoal académico do máster é suficiente e este está altamente cualificado para garantir unha óptima formación do alumnado iMAES. De xeito puntual, e a través de charlas e eventos académicos este persoal incrementouse mediante o profesorado convidado, nacional e estranxeiro, cumprindo deste xeito co especificado na Memoria de Verificación do título. Ademais, tanto o estudantado como o profesorado manifestaron un alto grao de satisfacción con este criterio neste último curso 2023/2024, tal e como recolleemos neste Criterio 4.1, e tal e como sucedeu en cursos anteriores, como se indicou no Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019-2020.

A porcentaxe de PDI do máster (IN24M) que acredita tramos de investigación recoñecidos (sexenios) nas tres sedes é moi alto, con cifras que superan o 60% en todos os casos: (USC: 95%; UDC: 60%, UVigo 92,31%; véxase documento [PDI con sexenios sobre PDI total](#)). Ademais, parte dos/as docentes do mestrado obtiveron proxectos e axudas de investigación en convocatorias competitivas de carácter nacional e internacional (para unha listaxe completa desde a implantación do máster ata o momento presente, véxase a páxina web oficial do título, sección “Teaching Staff” http://www.imaes.eu/?page_id=33). No que segue ofrécese unha selección dos proxectos máis recentes, a título ilustrativo:

- PID2023-146655NA-I00: “Subject-predicate agreement and linguistic complexity in English diatopy”. IP: Yolanda Fernández Pena. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. Importe concedido: 81.500€. Duración: 01/09/2024-31/12/2028.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- PID2023-146887NB-I00: "Constructions and constructionalization in earlier and contemporary English(es)". IP: María José López Couso e Belén Méndez Naya. Importe concedido: 109.500€. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. Duración: 01/09/2024-31/08/2027.
- PID2022-136251NB-I00: "Interseccións post-humanas nas literaturas irlandesa e galega". IP: María Alonso Alonso e Manuela Palacios González. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. Importe concedido: 42.875 €. Duración: 01/09/2023-31/08/2026.
- PID2021-122267NB-I00: "English in Social Media. Theoretical and Applied Perspectives (ENSOME)". IP: Ignacio Palacios Martínez e Francisco Javier Fernández Polo. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 75,867.00€. Duración: 01/09/2022-31/08/2026.
- PID2022-136500NB-I00 "Etiquetaxe electrónica de textos científico-técnicos en lingua inglesa entre os séculos XVII e XX: Coruña Corpus". IP: Isabel Sofía Moskowich-Spiegel Fandiño (UDC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 81.250 euros. Duración: 01/09/2023-31/08/2026.
- PID2021-122433NB-I00: "Tales from the Border: Global Change and Identity in Contemporary British Short Fiction". IP: Jorge Sacido Romero e Laura Mª Lojo Rodríguez. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 42.350€. Duración: 01/09/2022-31/08/2025.
- PID2020-114776GB-I00: INTRUTHS 2 - La articulación de vulnerabilidades individuales y comunitarias en la Literatura Irlandesa contemporánea. IP: María Teresa Caneda Cabrera. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 36.300€. Duración: 01/09/2021-31/08/2025.
- ED431B 2021/02: Axudas do Programa de Consolidación e Estruturación de Investigación da Xunta de Galicia. Entidade financiadora: Xunta de Galicia. Importe concedido: 90.000€, IP: Ignacio Palacios Martínez. Duración: 01/01/2021-30/11/2023.
- TED2021130283B-C21: Mejora de la pronunciación de la lengua inglesa en entornos digitales dentro y fuera del aula EFL/CLIL en la escuela primaria: Fundamentos lingüísticos y pedagógico-didácticos – PROYECTOS DE TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y TRANSICIÓN DIGITAL 2021. Entidade financiadora: Agencia Estatal de Investigación. Importe concedido: 112.700,00€. Duración: 01/12/2022-31/11/2024.
- PID2020-118143GA-I00: "Cognitive representation of multi-word sequences in English: Converging evidence". IP: David Tizón Couto (Universidad de Vigo). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 52.030,00. Duración: 01/09/2021-31/08/2024.
- PID2020-114604GB-I00: "Constructionalization in written and oral discourse: Evidence from historical and contemporary English(es)". IP: María José López-Couso (USC) e Belén Méndez-Naya (USC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 42.350 euros + 1 contratado/a predoutoral. Duración: 01/09/2021-31/08/2024.
- PID2019-105678RB-C21 - PID2019-105678RB-C22: "E-learning phonetics for life: English pronunciation in digital environments for Spanish and Galician speaking learners (e-LPHON4L)". IP: María de los Ángeles Gómez González. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 71.390,00 €. Duración: 01/06/2020-01/06/2023.
- PID2019-105226GB-I00: "Etiquetaxe electrónico de textos científico-técnicos en lingua inglesa entre os séculos XVIII e XX: Coruña Corpus". IP: Isabel Sofía Moskowich-Spiegel Fandiño (UDC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 34.969 euros. Duración: 01/06/2020-31/05/2023.
- Axudas para a Financiación de Equipos de Investigación 2021. IP: Teresa Fanego. Entidade financiadora: Xunta de Galicia e Vicerreitoría de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela. Importe concedido:

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

2.300 euros.

- ED431B 2020/01: Axudas do Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas– GPC. IP: Teresa Fanego (USC). Entidade financiadora: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Importe concedido: 90.000 euros. Duración: 01/01/2020-31/12/2022.
- 2020-1-FR01-KA203-080112. Consorcio: Short Forms Beyond Borders (SFBB). Programa: Erasmus+ Strategic Partnerships, UE. Universidade coordinadora: Universidade de Angers (Francia). Universidades Participantes: Universidade de Angers (Francia); Universidade de Atenas (Grecia); Universidade de Szeged (Hungría); Universidade de Santiago de Compostela; Universidade de Giessen (Alemania); Universidade Católica de Lovaina (Bélgica). Coordinadora na USC: Laura Mª Lojo Rodríguez. Importe concedido: 231.012 € (cantidade correspondente á USC: 39.500 €). Duración: 1/09/2020-1/09/2022.
- AH/S007121/1: “Unlocking the Mary Hamilton Papers”. Universidades Participantes: Universidad de Manchester (Reino Unido), Universidade de York (Reino Unido) e Universidade de Vigo. IP na Universidade de Vigo: Nuria Yáñez Bouza. Entidade financiadora: Arts and Humanities Research Council (Reino Unido). Importe concedido: 1.140.000 euros.
- PID2019-110583GB-I00: Programa Estatal de Generación de Conocimiento y Fortalecimiento Científico y Tecnológico del Sistema de I+D+i y de I+D+i Orientada a los Retos de la Sociedad; Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2017-2020. IP: Juan Carlos Acuña Fariña e Isabel Fraga (USC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 60.500 euros + 1 contratado/a predoutoral. Duración: 01/06/2020-01/06/2023.
- PGC2018-093545-B- I00: El tropo animal: Un análisis ecofeminista de la cultura contemporánea de Galicia e Irlanda. IP: Manuela Palacios González (USC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Importe concedido: 42.350€. Duración: 2019-2021.
- PGC2018-093622-B-100: El inglés en los nuevos géneros de comunicación digital: Contextos nativos y no nativos. IP: Ignacio Palacios Martínez e Javier Fernández Polo (USC). Entidade financiadora: Ministerio de Innovación, Ciencia e Universidades. Importe concedido: 24.200€. Duración: 2019-2021.
- PGC2018-095687-B-I00 “Race and the Body: White and Black Bodies in Conflict in US Literature and Film”. Investigador Principal: Constante González Groba. Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Importe concedido: 36.300 €. Duración:01/01/2019-31/12/2021.
- PID2019-106798GB-I00: “Literatura y globalización 2 (LYG2): “Communities of Waste / Comunidades de Deshecho”. Investigadora Principal: Begoña Simal Gonzalez (UDC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Duración: 01/06/2020-01/06/2023. Importe concedido: 45.980 €.
- ED431D 2017/17: Axudas do Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas– Rede de Investigación «Lingua e Literatura Inglesa e Identidade III». Entidades Participantes: Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. IP: María Jesús Lorenzo Modia (UDC). Entidade financiadora: Xunta de Galicia. Importe concedido:120.000 €.
- FFI2017-84619-P: “Inconvenient truths: prácticas culturales del silencio en la ficción irlandesa contemporánea”. IP: María Teresa Caneda Cabrera (UVigo). Entidade financiadora: Ministerio de Economía, Industria e Competitividad. Importe concedido: 39.930 €.
- PID2020-114776GB-I00: “Inconvenient Truths 2: La articulación de las vulnerabilidades individuales y comunitarias en la literatura irlandesa contemporánea”. IP: María Teresa Caneda Cabrera (UVigo). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 36.300€. Duración: 1/09/2021-1/09/2024.
- FEM2017-83084-P: “Intersecciones: género e identidad en la narrativa breve de autoras británicas contemporáneas”.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

IP: Laura Mª Lojo Rodríguez y Jorge Sacido Romero (USC). Entidade financiadora: Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Importe concedido: 29.040 €. Duración: 1/07/2018-30/09/2021.

-FFI2017-86884-P: "Constructionalization in contemporary and earlier English: Cognitive, variationist and discourse-pragmatic perspectives". IP: María José López-Couso e Belén Méndez-Naya (USC). Entidade financiadora: Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Importe concedido: 49.610 € + 1 contratado/a predoutoral. Duración: 01/01/2018-30/09/2021.

-FFI2017-82162-P: "Re-VIEW: A register approach to World Englishes and compilation of resources for its study (International Corpus of English-Gibraltar)". IP: Elena Seoane (UVigo). Entidade financiadora: Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Importe concedido: 60.500 € + 1 contratado/a predoutoral. Duración: 01/01/2018- 30/09/2021.

-PID2019-109582GB-I00: "NEMICATID: Aesthetics, Ethics and Strategics of the New Migratory Cartographies and Transcultural Identities in Twenty-First-Century Literature(s) in English (2007-2019)". IP: José Manuel Estévez-Saá (UDC). Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia e Innovación. Importe concedido: 48.400 €. Duración: 01/06/2020- 31/05/2023.

Todos os proxectos e axudas que destacamos neste apartado foron obtidos en concorrência competitiva e, xa que logo, evidencian a alta cualificación do profesorado do máster. Ademais, na USC no curso 2023/2024 promocionaron a Profesoras Titular de Universidade Noemí Pereira Ares e María Alonso Alonso, e a Profesora Permanente Laboral Tamara Bouso Rivas. Así mesmo, para o curso 2024/2025 prevense tamén varias promoción na USC. Este é o caso da profesora Margarita Estévez Saá, que promocionará a Catedrática de Universidade, e das profesoras Tamara Bouso Rivas e Zeltia Blanco Suárez, que promocionarán a Titular de Universidade. Tamén está prevista a estabilización como Profesores Permanentes Laborais de Rubén Jarazo Álvarez e Raquel Pereira Romasanta. Do mesmo xeito, na UVigo promocionou a Profesora Titular de Universidade a profesora Yolanda Fernández Pena e na UDC pasou a formar parte do cadro de persoal docente a Profesora Axudante Doutora Leida María Monaco. A sección "Teaching Staff" (UDC: http://www.imaes.eu/?page_id=194, USC: http://www.imaes.eu/?page_id=197, UVigo: http://www.imaes.eu/?page_id=179) da páxina web oficial do título contén información sobre o persoal docente, a súa categoría académica, datos de contacto e liñas de investigación. Ademais, a xubilación no curso obxecto de informe da profesora Teresa Fanego (USC) e do profesor José Liste Noya (UDC) non repercutiu negativamente no máster e os recursos humanos seguen a ser axeitados para o encargo docente. As enquisas de satisfacción do estudantado e profesorado do máster tamén van nesta liña, evidenciando un alto grao de satisfacción coa docencia e os recursos humanos, que comentamos máis adiante neste apartado, así como nos Criterios 6 e 7.

Dada a especialización dos docentes en Estudos Ingleses, a mobilidade ao estranxeiro é practicamente inherente ao carácter dos mesmos, ben sexa para participaren en conferencias e outros eventos científicos, ou para desfrutaren de programas de mobilidade. No curso 2023/2024 na USC o 8,7% do profesorado participou en programas de mobilidade (véxase documento [5040 INF.I10 2023-2024](#)); na UDC esta porcentaxe foi do 20% (ver documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#); na UVigo o 23,1% do profesorado participou en programas de mobilidade neste curso (3 de 13 docentes; véxase documento [FOR. Variables e indicadores de formación e mobilidade do profesorado](#)). Os seminarios e demais eventos científicos seguen en moitos casos a celebrarse de xeito teñemático, pola comodidade que ofrece esta modalidade e tamén por facilitar a divulgación e asistencia de máis público. Estes eventos científicos, de interese tanto para o profesorado como para o alumnado de iMAES, anúncianse na web do máster (sección 'News'). No que segue damos conta dalgunhas das xornadas científicas que se organizaron nas tres sedes durante o curso 2023/2024, tanto de forma presencial como de xeito telemático.

- Simposio *Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures* (11 xullo 2024, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela).

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

- *2nd Gibraltar International Conference (GIC2)* (8-9 xullo 2024, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo).
- *6th Conference on Variation and Language Processing (VALP6)* (26-28 xuño 2024, Museo MARCO, Vigo).
- *45º Congreso ICAME (International Computer Archive in Modern and Medieval English)* (18-22 xuño 2024, Hotel Attica 21, Vigo).
- *13th International Conference on Chicano Literature and Latino Studies: Pilgrims on the Way Towards New Multidisciplinary Encounters* (11-12 xuño 2024, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela).
- *II Congreso Internacional de Aplicacións da Lingüística de Corpus na Didáctica das Linguas* (13-14 maio 2024, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela).
- *XIV Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos: Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonia* (17-20 abril 2024, Universidade do Minho).
- *46th ELC Research Seminar: Creative Grammar: How Speakers Comprehend Novel Argument Mappings* (9 abril 2024, online, Profesor invitado: Tobias Ungerer (Concordia University, Canadá).
- *Seminario Teaching English with AI Tools: A Review and Didactic Proposal* (7 marzo 2024, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela, Profesora invitada: Yolanda Joy Calvo Benzie, Universitat de les Illes Balears).
- *45th ELC Research Seminar: Creativity, Critique and Persuasion in Political Cartoon Discourse: The BREXIT Saga* (19 febreiro 2024, online, Profesora invitada: Juana Marín Arrese (Universidad Complutense de Madrid).
- *Seminario Articulations of Individual and Communal Vulnerabilities in Contemporary Fiction* (15 xaneiro 2024, Edificio Redeiras, Vigo).
- *540º Aniversario da Coroación de Ricardo III* (19 decembro 2023, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela).
- *44th ELC Research Seminar: A Corpus Perspective on Spoken Language in and across Film Dialogue* (19 decembro 2023, online, Profesora invitada: Maria Gabriella Pavesi (Università di Pavia, Italia).
- *Seminario Does Content-based Foreign Language Teaching Enhance Pronunciation Achievement?* (15 decembro 2023, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo). Profesor invitado: Francisco Gallardo del Puerto (Universidad de Cantabria).
- *XXIV Congreso Internacional da Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (SEDLL)* (29-30 novembro e 1 decembro 2023, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela).
- *Seminario Beyond the Social: When Variationist Sociolinguistics Meets Phonological Theory* (22 novembro 2023. Plataforma Zoom). Profesor invitada: George Bailey (University of York).
- *43rd ELC Research Seminar: The Pragmatics of Advertising* (7 novembro 2023, online, Profesora invitada: Marisa Díez Arroyo (Universidad de Oviedo).
- *42nd ELC Research Seminar: The Changing Linguistic Landscape of Gibraltar: External and Internal Forces* (3 outubro 2023, online, Profesoras invitadas: Elena Seoane (Universidade de Vigo) e Cristina Suárez-

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Gómez (Universitat de les Illes Balears).

- Xornadas *Gender vulnerability: Resistance and Resilience in the Work of Contemporary Women Writers* (2-3 outubro 2023, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo).
- Seminario *Modern English word-formation processes* (25 setembro 2023, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, Profesor invitado: Grzegorz Drożdż, University of Silesia, Polonia).
- Seminario *A Translanguaging Perspective in ELF: Working towards Linguistic Justice* (20 setembro 2023. Plataforma Campus Remoto da UVigo). Profesora invitada: Alessia Gogo (University of London).

Ademais da súa participación nos múltiples seminarios e eventos científicos organizados ao longo do curso 2023/2024, o profesorado de iMAES tamén realizou cursos de formación docente no cadro do Plan de Formación do PDI que se oferta nas tres sedes do título: Programa de Formación e Innovación Docente da USC, <http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>, Plan de Apoio ao Ensino do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da UDC, <https://www.udc.es/cufie/> e Área de Formación e Innovación Educativa da UVigo, <https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-persoal/organizacion-administrativa/area-formacion-innovacion-educativa>). Sobre a participación do profesorado no programa DOCENTIA, ver Reflexión/Comentarios” do Criterio 3.1. máis arriba. Indícanse a continuación os datos da participación do profesorado do título nos plans de formación das respectivas universidades no curso 2023/2024:

USC: 13,04% (ver documento [5040 I6-I7 2023-2024](#)).

UDC: 6 docentes de 15 (40%; ver documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).

UVigo: 6 docentes de 13 (46,15%; ver documento [FOR. Variables e indicadores de formación e mobilidade do profesorado](#)).

Xunto cos programas de formación do profesorado anteriormente mencionados, o persoal docente do máster ten a oportunidade de solicitar licenzas por ano sabático para dedicalas á súa formación e actualización docente e investigadora. No caso da USC e UDC poden solicitálas por escala e na UVigo coa variable de estar nun posto de goberno. Estas licenzas, lóxicamente, poderían ter un impacto na carga docente do título, ao ser o resto do persoal o que asume dita carga, mais ata o momento o título non se viu afectado por estas circunstancias, o que indica que os recursos humanos cos que contamos son suficientes.

O profesorado de iMAES non só está fortemente implicado na súa actualización docente e investigadora, senón que tamén está comprometido coa titorización académica de prácticas externas do estudantado, servindo de ligazóns cos titores profesionais, asegurándose de que o alumnado fose correctamente atendido nos centros de prácticas e propoñendo as cualificacións finais en coordinación cos/coas titores/as profesionais (véxase “List of academic supervisors” ao final de http://www.imaes.eu/?page_id=2013). Isto reflíctese claramente na satisfacción dos/as titores/as académicos/as coas prácticas externas, aspecto que foi valorado con 4 puntos sobre 5 no curso obxecto de informe na USC (véxase IN21M na páx. 30 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)). Na UVigo e na UDC non constan datos ao respecto para o presente curso. Xunto con este compromiso co programa formativo de prácticas, o profesorado de iMAES tamén se involucrou activamente na supervisión e avaliación de TFM. Tal e como se sinalou en anteriores Autoinformes de Seguimento e de Renovación da Acreditación, desde a primeira edición do título optouse por nomear tribunais con profesores especialistas na liña de investigación concreta de cada traballo defendido, de xeito que as valoracións e comentarios fosen o máis enriquecedores para o/a estudante. Os resultados obtidos nos TFM defendidos son altamente positivos (a lista de TFM defendidos pódese consultar no apartado 6.1 máis adiante e na páxina web oficial do título na sección “Master’s Thesis”: http://www.imaes.eu/?page_id=1641). Ademais,

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

debemos destacarmos que moitos/as dos/as estudantes continuaron traballando na mesma liña ao egresaren, pois decidiron continuar os seus estudos de doutoramento (véxase a este respecto o sinalado no Criterio 1.1 máis arriba).

Á luz de todos os indicadores mencionados neste punto, o nivel de satisfacción do estudantado de iMAES cos recursos humanos no curso 2023/2024 é moi alto, en liñas cos anos anteriores. Isto reflíctese claramente nos resultados das enquisas institucionais de das de elaboración propia pola CAIU-iMAES, que comentamos a continuación.

(1) Enquisas institucionais 2023/2024:

Alumnado: **USC:** 4,56 sobre 5 puntos no 2023/2024, cunha porcentaxe de participación do 30,77%, na liña dos últimos cursos (véxase IN46M “Satisfacción do alumnado coa docencia recibida”, na pág. 60 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023_24](#) e documento [4314355 INF.13 2023_2024](#)); **UDC:** nesta sede os estudantes amosaron un alto grao de satisfacción co profesorado de iMAES, posto que o ítem “Persoal académico” acadou unha puntuación de 6,43 sobre 7 puntos (58,33% de participación; véxase documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)); **UVigo:** o estudantado outorgou 2,75 puntos sobre 5 ao ítem ‘formación adquirida’ (33% de participación; documento [2023_2024 Informe satisfacción alumnado](#)), mais o bloque ‘recursos humanos’ nas enquisas do alumnado non consta dunha pregunta específica sobre os docentes; por contra, as enquisas de satisfacción das/os egresadas/os si valoran a satisfacción coas/cos docentes, concretamente 4,5 sobre 5 puntos (porcentaxe de participación: 100%; ver documento [2023_2024 Informe satisfacción das persoas tituladas](#)). De igual xeito, o índice global de satisfacción coa titulación foi de 3,81 puntos, polo que se trata dun valor tamén bastante positivo (véxase documento [2023_2024 Informe satisfacción das persoas tituladas](#)). Á luz destes datos, polo tanto, o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no máster é moi aceptable. Con todo, cómpre mellorar os datos de participación do alumnado nestas enquisas, pois a pesar de enviárselle recordatorios de participación en moitos casos non se cobren finalmente as enquisas.

Profesorado: a satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén foi altamente positiva: **USC:** 4,43 sobre 5 puntos (63,24% de participación) no 2023/2024, valor que coincide co do curso anterior, se ben o nivel de participación descendeu en 13 puntos porcentuais con respecto ao curso pasado (ver IN47M “Satisfacción do profesorado coa docencia impartida” na pág. 62 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023_24](#) e documento [4314355 INF.14 2023_2024](#)); **UDC:** na UDC o desenvolvemento do ensino foi valorado con 6,17 puntos sobre 7 (ver [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)); **UVigo:** no caso do profesorado, non contamos con datos de satisfacción do colectivo, pois estas enquisas realízanse con carácter bianual.

Por tanto, os indicadores e evidencias analizados suxiren un alto grao de satisfacción do estudantado e do profesorado cos recursos humanos dispoñibles. Ademais, na USC a porcentaxe de participación do profesorado nas enquisas incrementouse considerablemente: do 63% no curso 2018/2019 ao 83,3 e 77,27% nos cursos 2021/2022 e 2022/2023, respectivamente. No curso obxecto de informe, o 2023/2024, a participación volveu descender ao 63,24%, mais este feito pode ter relación coa baixa da coordinadora e que non se enviaron varios recordatorios de participación nas enquisas. Isto parece indicar que a Tarefa 1 da AM-1 do Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019-2020, que se continuou propoñendo en sucesivos Autoinformes de Seguimento, surtiu efecto. Na UDC e na UVigo a participación do profesorado na enquisa institucional ten carácter bianual.

(2) Enquisas conxuntas de elaboración propia pola CAIU-iMAES, curso 2023/2024:

Estas enquisas proporcionan datos sobre a satisfacción do profesorado e do alumnado egresado de maneira conxunta para as tres sedes (USC, UDC e UVigo) e logran unha porcentaxe de participación máis elevada e, polo tanto, máis representativa e válida en canto aos resultados. Os resultados dos bloques pertinentes para a xustificación deste Criterio 4.1 son os seguintes:

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Enquisa de satisfacción de estudantes iMAES 2023/2024 (coberta nos días posteriores a superar o TFM e, polo tanto, graduarse):

Participación e satisfacción global: 4,3 sobre 5 puntos e 40,90% de participación

Bloque I: Orientación ao estudante: 4,2 sobre 5 puntos

Bloque II: Persoal académico: 4,1 sobre 5 puntos

Bloque III: Recursos: 4,3 sobre 5 puntos

Bloque IV: Planificación do ensino: 4,2 sobre 5 puntos

Bloque V: Desenvolvemento do ensino e avaliación da aprendizaxe: 4 sobre 5 puntos

Bloque VI: Prácticas externas: 3,9 sobre 5 puntos

Bloque VII: Traballo Fin de Máster: 3,6 sobre 5 puntos

Bloque VIII: Situación provocada pola COVID-19: 4,6 sobre 5 puntos

Enlace a gráficas [aquí](#)

Enquisa de satisfacción do profesorado iMAES 2023/2024:

Participación e satisfacción global: 4,12 sobre 5 puntos e 60% de participación

Bloque I: Obxectivos e competencias: 4,46 sobre 5 puntos

Bloque II: Planificación e desenvolvemento do ensino: 4,22 sobre 5 puntos

Bloque III: Recursos humanos: 4,33 sobre 5 puntos

Bloque IV: Recursos materiais e servizos: 4,06 sobre 5 puntos

Bloque V: Orientación ao estudiantado: 3,79 sobre 5 puntos

Bloque VI: Resultados da aprendizaxe: 3,68 sobre 5 puntos

Bloque VII: Xestión da calidade: 4,33 sobre 5 puntos

Enlace a gráficas [aquí](#)

Os datos destas enquisas de satisfacción conxuntas para o profesorado e estudiantado de iMAES son claramente positivos, con valoracións por riba dos 4 puntos nunha escala de 5. Así e todo, debemos ter en conta, como se comentou anteriormente neste Autoinforme, que os datos correspondentes a este curso académico non ofrecen unha panorámica tan ampla como en cursos anteriores, pois a porcentaxe de participación descendeu e tamén porque non se enviaron as enquisas a todo o estudiantado e profesorado das 3 sedes, senón que a persoa coordinadora en funcións, por erro, enviou as enquisas só aos membros da universidade coordinadora, a USC. Tampouco se enviaron recordatorios, como en ocasións anteriores, o cal pode explicar o descenso no número total de enquisas, ademais de que non se contan enquisados das 3 universidades.

Xunto cos recursos humanos xa mencionados neste apartado, os grupos e proxectos de investigación da UDC, USC e UVigo tamén invitan con frecuencia a investigadores/as estranxeiros/as a participar en actividades e eventos científicos, moitos dos cales están destinados especificamente a estudiantado do mestrado (véxase a selección de actividades científicas ofertadas no curso 2023/2024 máis arriba neste Criterio 4.1). Ademais destes investigadores/as estranxeiros/as, tamén se convida a participar activamente ao estudiantado de iMAES en eventos científicos, compromiso que se adquiriu na mesma memoria do título. Os *Graduate/Graddy Day* son un claro reflexo do mesmo. Esta actividade, destinada especificamente ao alumnado do programa de doutoramento IDAES, tamén conta habitualmente coa presenza de estudiantado do máster, tanto en calidade de asistentes ás sesións como de ponentes para presentar os seus proxectos de investigación. iMAES, por tanto, exerce de ponte cos estudos de doutoramento e unha formación máis especializada aínda. Tal e como se comentou na "Reflexión/Comentarios" do Criterio 1.1. máis

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

arriba, moitos dos/as estudantes do mestrado continúan os seus estudos de doutoramento e intégranse no Programa Oficial Interuniversitario de Doutoramento IDAES, polo que estas xornadas dos *Graduate Day* danlles a posibilidade de coñecer de primeira man as investigacións máis punteiras en lingüística, literatura e cultura inglesas e de compartir as súas ideas e proxectos de investigación cos referentes máis destacados destes ámbitos (Véxase *Graduate Days/Graddy Days* de 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024).

Aínda que os *Graduate Days/Graddy Days* é un evento xa consolidado e con presenza de alumnado do mestrado, os/as estudantes de iMAES tamén participan nos seminarios e eventos científicos organizados polos grupos e proxectos, como os mencionados máis arriba neste Criterio 4.1. Así, ademais de participaren a veces como ponentes presentando os seus proxectos de investigación en curso, tamén debemos destacar a súa colaboración na organización dos mesmos. Ademais da selección indicada máis arriba, na sección 'News' da web propia de iMAES poden encontrarse detalles dos últimos eventos organizados (http://www.imaes.eu/?page_id=333).

En base ao exposto neste apartado, podemos concluír que a preparación e adecuación do persoal docente de iMAES é manifesta, como o reflicten os distintos indicadores e tamén a formación do mesmo, acreditando tramos de investigación recoñecidos (sexenios). A isto hai que engadirlle o incentivo dos expertos (inter)nacionais que son invitados a participar en actividades e eventos destinados ao propio estudantado, cumprindo deste xeito co compromiso adquirido na memoria do mestrado. Ademais, os resultados tanto das enquisas oficiais como das de elaboración propia manifestan a alta satisfacción do alumnado e profesorado do máster cos recursos humanos dispoñibles para o curso 2023/2024.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio do máster é suficiente para desenvolver correctamente as súas funcións e atender a todo o persoal docente e investigador e ao estudantado de iMAES. Este conta tamén co nivel de cualificación esixido e está consonte ás previsións incluídas na memoria verificada. Ademais, as tres universidades participantes no título ofrecen oportunidades ao persoal de apoio para a actualización continua da súa formación e para que poidan, por tanto, mellorar o seu labor de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. A UDC, a USC e a UVigo, fortemente comprometidas co correcto desenvolvemento da titulación, implicáronse desde o inicio na dotación de maior apoio técnico ao título para aspectos relacionados coa calidade, seguimento, verificación e acreditación do título. Este compromiso culminou na creación e posta en marcha de áreas e unidades técnicas como a Área de Apoio á Docencia e Calidade na Universidade de Vigo, dirixida por D. Joaquín Collazo Rodríguez; a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da Universidade de Santiago de Compostela, encabezada por D. José Manuel Villanueva Prieto ata xaneiro de 2022 e cuxa creación se remonta xa a 2007; ou a Unidade Técnica de Calidade da UDC presidida pola Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente (Nancy Vázquez Veiga), que conta co apoio técnico de Ana Beatriz Iglesias Blanco, María Amelia Fraga Mosquera, Jorge Moreno Cruz, María Raquel Velo Ceán, María Dolores Freire Aldao, María Susana Fernández Folgueira e Susana María Villanueva Rodríguez. Na USC o Persoal de Administración

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

e Servizos máis directamente relacionado co título está composto por 6 persoas funcionarias da rama da Administración e 4 persoas contratadas da rama dos Servizos. Na rama da Administración, contamos con unha persoa funcionaria da escala A1, que é a responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos, así como con un Responsable de Asuntos Económicos (escala C1), unha Secretaría de Decanato (escala C1), unha Secretaría de Departamento (escala C1) e 2 Postos Base. Na rama dos Servizos, o persoal que colabora máis estreitamente coa titulación inclúe a 1 Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos e 3 Axudante Técnico de Servizos.

No relativo aos convenios de colaboración e de prácticas, a coordinación interuniversitaria a nivel institucional garantiu que o proceso de redacción, revisión e sinatura dos distintos convenios de colaboración e prácticas se desenvolvese de xeito satisfactorio. No curso 2021/2022 asinou-se a maiores un convenio de colaboración entre a USC e a empresa Transperfect Translations SL para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares. Deste convenio beneficiouse un alumno de iMAES. O persoal de administración e servizos máis directamente involucrado nesta tarefa foron Trinidad Rodríguez Valeiras (USC), Reyes Fernández González e Lúa Pereira Castro (UVigo) e Rocío García Suárez (UDC). En novembro de 2024 renováronse tamén os convenios de prácticas entre as tres universidades e o Instituto Superior de Estudos Lingüísticos y Traducción (ISTRAD), o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, o Colexio Internacional SEK-Atlántico, a Fundación Araguaney-Puente de Culturas, a Fundación Universidade de Vigo e José Luis Teófilo Comunicación S.L. O persoal de administración e servizos máis directamente implicado nesta tarefa foron Juan Jesús Lamas Alvaríño, María Mónica Regos Casal e David Fernández Fraga.

Tamén cómpre destacar o excelente traballo do persoal de apoio nos centros, xunto coa súa disposición a formarse participando nos numerosos cursos de formación dispoñibles nas tres sedes do título. Así, case o 60% do Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Filoloxía da USC participou en programas de formación no 2023/2024 (58,33%) (ver 5040_I6- I7_2023-2024 en “Participación de PDI e PAS en cursos de formación docente”). Ademais, este colectivo tamén se mostra globalmente satisfeito coas actividades formativas levadas a cabo, pois este aspecto foi valorado con 7,98 puntos sobre 10 (ver 5040_INF.11_2023_2024). No curso 2023/2024, o cadro total de Persoal de Administración e Servizos (PAS) estaba conformado por un total de 24 persoas (ver 5040_E16_2023-2024), suficientes nun principio para atender as necesidades fundamentais do centro. No caso do PAS da UDC, os datos de participación indícanse por ano; así, no 2023 o 68,75% do PAS participou en cursos do Plan de Formación da universidade, e no ano 2024 esta porcentaxe foi do 58,82% (véxase documento [D04-P01-I06 FORMACIÓN PAS 2024](#)). No relativo á Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo, tal e como se apuntou no Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019-2020 (páx. 34), o cadro do persoal administrativo sufriu unha completa remodelación durante o ano 2016-2017 de tal modo que practicamente todos os postos administrativos foron ocupados por persoal novo. Así mesmo, os postos de administración correspondentes aos Departamentos foron aglutinados en Unidades Departamentais, pasando así, no caso da Facultade de Filoloxía e Tradución, dun total de 4 postos administrativos para 5 Departamentos (Filoloxía Galega e Latina, Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, Lingua Española, Literatura Española e Teoría da Literatura, e Tradución e Interpretación) a unicamente 2 postos na nova Unidade Departamental de Humanidades. Con todo, dita redución en recursos humanos a nivel departamental non tivo un impacto negativo na administración dos másteres, pois estes son xestionados a nivel de centro e non de departamento. Ao contrario, a remodelación no persoal de administración a nivel de centro reverteu positivamente na xestión dos másteres, pois a Secretaría do Alumnado conta agora con persoal especificamente dedicado aos másteres e doutoramentos. O total de membros do PAS na Facultade de Filoloxía e Tradución de UVigo no curso obxecto de informe é 15 (<http://fft.uvigo.es/gl/facultade/persoal-deadministracion-e-servizos/>). Para o curso 2023/2024 o 77,05 % do PAS participou en actividades formativas (documento [2023 Formación persoal estatística](#)). Para o presente curso, con todo, non temos datos da satisfacción do PAS cos recursos humanos e/ou a titulación.

Os decanatos dos tres centros involucrados tamén se implicaron como sempre no correcto desenvolvemento do título. Ademais da axuda prestada polos decanatos, hai que destacar que a exdecano da UDC (María Jesús Lorenzo Modia) e a exdecano da USC (María José López Couso, actualmente Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización) son profesoras en activo en iMAES. A profesora Lorenzo Modia é ademais membro da Comisión

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

de Académica Interuniversitaria do Título desde os seus comezos, así como Secretaria da CAM UDC. Cómpre mencionar tamén o apoio prestado no curso 2023/2024 desde os vicedecanatos de asuntos académicos e calidade liderados por Laurence Malingret na USC (substituída no 2024 pola vicedecana Alejandra Ulla Lorenzo), Fernando González Muñoz na UDC e María Seijas Montero na UVigo. A este persoal institucional hai que engadir as figuras do secretariado administrativo dos Departamentos involucrados no título, os cales orientan e apoian co seu labor aos/as coordinadores/as, así como ao estudiantado e profesorado do título en cuestións puntuais.

Por todo o exposto con anterioridade, consideramos que o labor do persoal de apoio é excelente e garante o correcto desenvolvemento do título e atención ao profesorado e estudiantado involucrados no mesmo. Mostra disto é o labor coordinado do decanato das tres sedes para publicaren anualmente e simultaneamente a convocatoria anual de Prácticum do máster, xunto coas listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, así como as adxudicacións provisionais e definitivas dos destinos de prácticas (véxase: LISTA DEFINITIVA PRÁCTICUM IMAES 2023-24.pdf); na UVigo son o Coordinador local (Prof. Martín Urdiales Shaw) e a Coordinadora de prácticas (Prof. Esperanza Rama Martínez) os que envían aos/as estudantes o anuncio da convocatoria e a resolución de destinos; ver tamén a web propia: <http://www.imaes.eu/?p=4551>, <http://www.imaes.eu/?p=4563> e <http://www.imaes.eu/?p=4568>.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).

- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste Criterio 5.1 faremos referencia a tres indicadores para xustificar a valoración global deste apartado: (1) Recursos materiais, servizos e equipamentos relacionados coas tres sedes do título; (2) Modalidade de impartición (docencia semipresencial do título); e (3) Prácticas externas (obrigatorias).

(1) Recursos materiais, servizos e equipamentos relacionados coas tres sedes do título:

A valoración dos recursos materiais, servizos e equipamentos ao dispor dos diferentes axentes involucrados no título nos tres centros é altamente positiva, tanto a nivel das instalacións dispoñibles como, sobre todo, de recursos bibliográficos. As tres universidades que imparten o título, cos seus respectivos centros docentes, así como as diferentes redes, grupos e proxectos de investigación levaron a cabo esforzos de inversión ao respecto, que repercuten nese alto grao de satisfacción. As infraestruturas, equipamentos e recursos que proporcionan os tres centros aparecen detallados nas súas páxinas web:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/equipamentos>

http://www.udc.es/centros_departamentos_servizos/centros/detalleCentro/?curso=&codigo=613&page=Cod_Infraestructura

<http://fft.webs.uvigo.es/es/equipamentos-da-fft/>

A continuación consignamos os datos correspondentes ao curso 2023/2024 relativos aos recursos materiais, servizos e equipamentos das tres sedes do título:

Datos referidos á Facultade de Filoloxía da USC

Os datos aquí recollidos concirnes as actuacións e melloras correspondentes ao curso 2023/2024, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

(1.1) Biblioteca:

A Biblioteca da Facultade de Filoloxía é un centro de recursos de información que cuxa misión é brindar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información. Dá soporte a un total de 1.448 usuarios, dos cales 179 son profesores. Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía divídense nunha colección básica, composta fundamentalmente polos manuais de uso máis frecuente, así como por dicionarios, enciclopedias e libros de lectura obrigatoria, e nunha colección destinada á docencia e á investigación. As coleccións da Biblioteca comprenden máis de 211.000 volumes de monografías e máis de 2.600 títulos de revistas, das que 161 están en curso de recepción. No ano 2023 ingresaron na biblioteca da Facultade de Filoloxía un total de 1.970 monografías en papel. Para o mestrado iMAES hai un total de 465 referencias bibliográficas incluídas na sección de bibliografía recomendada das diferentes materias, das cales 176 corresponden a bibliografía básica e 289 a bibliografía complementaria. A Biblioteca conta tamén con importantes bases de datos, entre outras Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL). Hai que destacar que ademais do orzamento da

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

propia Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC), a facultade, os departamentos e os diferentes proxectos de investigación tamén financian adquisición bibliográfica. A Biblioteca tamén recibe numerosas doazóns de entidades, fundacións ou particulares.

O persoal auxiliar da Biblioteca, que conta co nivel de cualificación esixido, resulta suficiente para desempeñar as súas funcións e atender a todos os usuarios. Está composto por 10 funcionarios: 1 persoa encargada da Dirección da Biblioteca, 3 Axudantes de Biblioteca e 6 Auxiliares de Biblioteca. A Biblioteca tamén realiza labores de difusión e formación a usuarios (por exemplo, con cursos de competencias en información, acceso a recursos electrónicos, ou coa elaboración de guías de axuda para a convocatoria de sexenios).

Dado o extraordinario labor de apoio ao PDI e estudantado, o servizo é valorado moi positivamente nas enquisas que realiza a mesma Biblioteca tanto ao PDI como ao alumnado do centro. Así, o 93% do alumnado cualifica entre 7 e 10 os recursos dos que dispón para os seus estudos e esa mesma porcentaxe valora a Biblioteca globalmente cunha nota entre 7 e 10. No que respecta ao PDI, o 80% do mesmo valora estes servizos cunha nota entre 9 e 10.

(1.2.) Melloras no equipamento e infraestruturas:

No curso 2023/2024 leváronse a cabo as seguintes [melloras no equipamento e infraestruturas](#) da Facultade de Filoloxía da USC:

- Tubo LED T8 EM VALUE 1200 15W 840 1800LM (224,57 euros);
- 2 monitores 75" e 4 cámaras (6164,38 euros);
- Cable, cableado e servizo de instalación, material funxible e canalizados (1567,23 euros);
- Traballos de pintura (751,45 euros);
- Subministro de mobiliario salas (9539,78 euros);
- Modificación de instalacións eléctricas nos seminarios da Facultade de Filoloxía (6480,87 euros);
- Control de plagas 2024 (820,37 euros);
- Suministro e instalación de 9 regletas de corrente empotradas nas mesas de traballo (1.558,78 euros);
- Instalación tomas de rede na reforma de despachos na Biblioteca (pta.1) en Filoloxía (4.802,27 euros);
- Obra completa para a creación e instalación dunha porta na Biblioteca (16.801,36 euros);
- Monitor 75" Philips B-Line para sala común (1.844,04 euros);
- 20 LAMP. VALUE CLAS.A100 13W/865 E27 1521LM (89,54 euros);
- Material de ferraxaría para a conserxaría da Facultade de Filoloxía no exercicio 2024 (470,76 euros);
- Cilindros de pechaduras e amaestramento de chaves (1.345,46 euros);
- Instalación de cableado na Sala de Revistas (Biblioteca) da Facultade de Filoloxía (347,35 euros);
- Man de obra adicional de instalador de cableado (60,84 euros);
- Subministro e instalación de cableado (1.254,13 euros);
- Equipamento de microondas e cafeteiras para a Facultade de Filoloxía (329,91 euros);
- Mantemento e limpeza Soportais Facultade (1.604,11 euros);
- 30 Tubo LED ST8V EM 1500 18.3W 840 2200LM e 30 Coste RAEE lámpadas (202,92 euros);
- Velcro adhesivo (96 euros);
- Por espuma e tapizar 74 cadeiras (4.546,57 euros);
- Son para cambiar as barras antipático das portas do vestíbulo que dan ó norte (1.133,98 euros);
- Instalación de tomas de corrente en mesados de la biblioteca de Filología (914,76 euros);
- Estantes para a biblioteca (982,35 euros);
- Cristais, transporte e colocación mapa de Fontán (159,66 euros);
- Arranxo e adaptación de estanterías, mesas e máis mobiliario (5.871,10 euros)

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

(1.3) Actividades do Plan de Acción Titorial (PAT):

No curso 2023/2024 leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Sesión de benvinda aos estudantes de grao de novo ingreso (9/09/2023);
- Sesión de benvinda e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado);
- Actos de recepción dos estudantes alleos (16/9/2023);
- Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (28/09/2022);
- Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG/TFM: Obradoiros (4 e 11/12/2022);
- Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (18/09/2023);
- Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (19/09/2023);
- Cursos de formación en competencias en información organizados pola biblioteca;
- Sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudiantado que está a cursar o último ano de Grao (20/4/2023);
- Encontros con egresad@s. Camiños da Filoloxía (15, 16, 17 e 18 /4/2024);
- Encontros con alumnado de cuarto (datas defensa TFG).

Por último, a Facultade de Filoloxía da USC conta na súa páxina web cunha caixa de correo para queixas, suxestións e felicitacións: (<http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/suxestions.html>).

Datos referidos á Facultade de Filoloxía da UDC

(1.1.) Biblioteca (véxase documento [D05-P01-E03 Fondos bibliográficos](#)):

Monografías en papel: 127.279 exemplares, dos que son novos ingresos na biblioteca durante 2024 un total de 2568.

Audiovisuais e material non librario en soporte físico: 5.923 títulos.

Revistas en formato físico: 1488 títulos, das que 1388 están pechadas e 100 continúan abertas.

Bases de datos: 66 (Biblioteca Central da UDC e consorciadas)

Libros electrónicos: 240.756

Revistas electrónicas (en paquetes e bases de datos): 40.977

(1.2.) Melloras no equipamento e infraestruturas (véxase documento [D05-P01-E02 Infraestruturas](#)):

Con carácter xeral, os recursos materiais cos que conta a Facultade de Filoloxía son suficientes para o funcionamento ordinario, aínda que se están a facer tarefas de mantemento do centro, tales como a actualización de software e hardware, reparación de avarías ou desperfectos etc. A Facultade conta con 1 Aula Magna, 27 aulas de uso ordinario, 3 seminarios da Facultade de Filoloxía e 1 da de Turismo, que poden funcionar como espazos para reunións, defensas de traballos académicos ou tamén para aulas de grupos reducidos. En xeral, todas as aulas contan con equipamento

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

informático, pero hai 4 que se consideran informatizadas (aulas 1.9, 1.13, 1.12 e 2.1), ademais de outras 3 que contan con dispositivos para videoconferencia (aulas 1.11, 2.6 e 2.12). Ademais, existen 2 salas para grupos de investigación, 1 Salón de Graos e 1 Sala de Xuntas. A Biblioteca conta tamén con 293 postos de lectura e 1 sala para traballos en grupo (outra externa). A Facultade conta tamén con 70 despachos para PDI de Filoloxía e 9 para PDI de Turismo, ademais de 1 despacho para profesores lectores e 4 para bolseiras/os, 1 para a dirección do departamento de Letras, 1 para o Observatorio de Turismo e 1 para o Instituto de Estudos Irlandeses. O antigo laboratorio de fonética reconverteuse nunha aula común (a 1.10). A Facultade conta tamén con 1 gabinete para asociacións de estudantes e outros espazos, como un comedor con microondas, cafetería, conserxaría, gabinetes do Decanato, 1 unidade de UXAI (administración do Centro e do Departamento de Letras) e outros equipamentos, como escáner e fotocopia de uso público (ubicados na Biblioteca).

(1.3.) Actividades do Plan de Acción Titorial (PAT) (ver documento [Proxecto PAT Filoloxia 2023 2024](#)):

O PAT pretende mellorar a calidade formativa da titorización por parte do profesorado e ofrece tamén ao alumnado un servizo de apoio dun/dunha profesor/a de referencia nas diferentes etapas formativas na universidade. A implementación do PAT na Facultade de Filoloxía comezou no ano 2007 coa colaboración do profesorado que impartía docencia no primeiro curso, mais desde entón, o programa vén atendendo progresivamente a un número maior de estudantes; desde o curso 2009/2010 o PAT tamén se dirixe a estudantes dos mestrados. Ademais, desde decembro de 2014 a Facultade conta con titorización para estudiantado de programas de mobilidade entrante e saínte. A Facultade de Filoloxía organiza anualmente as seguintes accións de orientación dirixidas ao seu alumnado, con carácter regular:

- Xornada de Acolida do alumnado de novo ingreso;
- Xornada de Acolida ao estudiantado de grao de terceiro curso;
- Xornada de Acolida para o alumnado entrante de mobilidade internacional;
- Xornadas de Orientación Laboral;
- Xornadas informativas sobre mobilidade (programas Erasmus, SICUE, Bilateral);
- Xornada informativa sobre prácticas profesionais

Datos referidos á Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo

(1.1) Melloras no equipamento e infraestruturas:

De acordo coa información proporcionada pola Secretaría da Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo no curso 2023/2024 leváronse a cabo as seguintes melloras na infraestrutura da facultade. Así, nos primeiros meses do curso 2022/2023 rematouse a instalación do Laboratorio Multimedia, que se iniciara a finais do curso 2021/2022. Desde ese momento está dispoñible para a docencia tanto de grao como de mestrado relacionadas coa audiodescrición, a dobraxe, o subtitulado, etc. En novembro de 2023 realizouse a reforma completa do sistema multimedia no aula C11 e o cableado da reforma do equipamento audiovisual do Salón de Graos. No primeiro trimestre de 2024 revisáronse as instalacións eléctricas do pavillón A. Tamén se realizaron mantemento de instalacións de calefacción das aulas que presentaban deficiencias. En decembro de 2024 instalouse a mesa de ponencias do Salon de Actos da FFT. En febreiro de 2024 arranxáronse as ventás da aula A1. Durante o curso 2023-24 actualizáronse 5 aulas no equipamento

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

multimedia. Neste sentido, algunha delas tiñan vellos sistemas de videoconferencia. En todas elas instaláronse pantallas de 70 pulgadas e en dous casos táctiles. En cuanto ao equipamento informático, todos os cursos antes do inicio de cada cuadrimestre realizase unha intervención informática co fin de poñer a punto todo o equipamento e renovar o que sexa preciso.

(1.2) Biblioteca:

É o lugar de ubicación dos fondos bibliográficos e videográficos da Facultade, de 1.662 m². Está adscrita á Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo e dotada de postos para consulta de fondos bibliográficos, postos para visionamento de vídeo e puntos de consulta en liña do catálogo. Os fondos supoñen case 80.000 títulos, así como unhas 800 publicacións periódicas. Ten salas de estudo para grupos, zona de ordenadores con acceso a internet, zona de revistas e xornais, zona de ordenadores con acceso ao catálogo, zona de dicionarios de referencia con postos de estudo, zona de espazos de traballo e estudo individual, sala de revistas e unha sala de investigación de 3º ciclo. Tamén conta con servizo de reprografía para uso do persoal investigador. A biblioteca funciona con libre acceso aos libros e á zona de hemeroteca. Os fondos están no catálogo en liña e os investigadores e investigadoras poden acceder a el e realizar as súas peticións bibliográficas en rede. En situacións normais, ten 200 postos de lectura, 134 nas salas de estudo.

(1.3.). Actividades do Plan de Acción Titorial (PAT):

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade recolle un conxunto de accións que buscan a integración do alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades. No curso 2023/2024 leváronse a cabo diversas accións:

- Sesión de benvinda aos/as estudantes de grao de novo ingreso;
- Sesións informativas sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes;
- Sesións informativas das coordinadoras dos graos para explicar as distintas opción das saídas profesionais e continuación de estudos (másteres e doutoramentos);
- Programas de formación dos/as mentores/as do Peer Mentoring-FFT;
- Difusión do programa Peer Mentoring e captación do alumnado;
- Eleccións de delegado/a de curso das titulacións de grao;
- Sesión informativa das coordinadoras dos graos sobre bolsas, posibilidades de voluntariado e asociacionismo da UVigo e orientacións sobre o Traballo de Fin de Grao.

Así mesmo, é importante coñecermos o grao de **satisfacción do alumnado** do título **cos recursos materiais, servizos e equipamentos** das tres sede. A tal efecto, e ao igual que facemos en Criterios anteriores e posteriores do presente Autoinforme de Seguimento 2023/2024, detallamos a continuación os resultados sobre este particular en base ás enquisas institucionais e ás conxuntas de elaboración propia.

A) Enquisas institucionais:

USC: para o presente curso 2023/2024 non contamos con datos na USC en relación coa satisfacción con recursos e servizos, a diferenza doutros cursos. Así e todo, o documento relativo á satisfacción do alumnado coa titulación contén preguntas reveladoras ao respecto, por exemplo: “os recursos educativos dispoñibles son axeitados”, valorada con 5 puntos sobre 5, “as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados”, que tamén recibiu a máxima puntuación, e “o campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas” (4,5 puntos sobre 5). Non obstante, estes datos están baseados nunha participación considerablemente baixa, dun 9,52% (ver documento

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

[4314355 INF.22 2023 2024](#)).

UDC: para o curso obxecto de informe os resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes amosan un grao alto de satisfacción cos recursos e servizos (6,14 sobre un total de 7 puntos) e unha porcentaxe de participación do 58,33% (véxase documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).

UVigo: na UVigo o estudantado este curso académico mostra un grao de satisfacción medio cos recursos materiais e servizos dispoñibles, outorgándolle 2,6 puntos sobre 5 a este ítem (participación do 33%; ver documento [2023 2024 Informe satisfacción alumnado](#)).

B) Enquisas conxuntas de elaboración propia (CAIU) 2023/2024:

Participación: 40,90%

Bloque III: Recursos e servizos: 4,3 sobre 5 puntos Enlace a gráficas [aquí](#)

Ao igual que ocorre co estudantado de IMAES, tamén podemos coñecer o grao de **satisfacción do PDI** do título cos recursos materiais, servizos e equipamentos das tres sedes, tomando como referencia as diferentes enquisas para o curso 2023/2024:

A) Enquisas institucionais:

USC: se analizamos en detalle o grao de satisfacción do PDI coa titulación (ver documento [4314355 INF.23 2023 2024](#)), hai tres preguntas referidas aos recursos e equipamentos. A primeira delas é “as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente”, que se puntuou con 4 puntos nunha escala de 5. A segunda refírese ao Campus Virtual (“O campus virtual facilita a miña labor docente”), cunha puntuación de 4,7 sobre 5, e a última á adecuación dos recursos dispoñibles (“Os recursos educativos dispoñibles son axeitados”), valorada con 4,20 puntos sobre 5.

UDC: o PDI da UDC tamén considera suficientes os recursos e servizos ao seu dispor no curso 2023/2024, pois este ítem foi valorado con 6,17 puntos sobre 7 (documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).

UVigo: para a UVigo non dispoñemos de datos relativos á satisfacción do profesorado neste curso académico, xa que son datos bianuais.

B) Enquisas conxuntas de elaboración propia (CAIU) 2023/2024:

Participación: 60%

Bloque IV: Recursos materiais e servizos: 4,06 sobre 5 puntos

Enlace a gráficas [aquí](#)

En base aos datos obtidos das diferentes enquisas, podemos concluír que tanto o profesorado como o alumnado de IMAES se amosan satisfeitos cos servizos e recursos á súa disposición. Amais diso, a información proporcionada polas enquisas de elaboración propia resulta fundamental, xa que non dispoñemos de datos sistemáticos con carácter anual en relación co grao de satisfacción cos servizos das tres sedes. Con todo, para este curso académico as enquisas conxuntas ofrecen unha perspectiva menos global do que viña sendo habitual ata o momento, xa que, como comentamos no Criterio 1.1 máis arriba, non se contou coa suma do profesorado e alumnado das tres sedes para a elaboración das enquisas por un erro durante a baixa por maternidade da coordinadora. Ademais, como se explicou

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

nese apartado, as materias da especialidade en Lingüística e Lingua Inglesas non tiveron docencia no curso obxecto de informe, xa que os 4 estudantes estranxeiros/as matriculados/as nos módulos específicos nunca asistiron a clase, polo que non se puido valorar o labor docente nin o desempeño do labor dos/as alumnos/as.

Xa se mencionou que os recursos materiais directamente relacionados co título, como son os fondos bibliográficos existentes e a actualización dos mesmos, é un aspecto que coidan especialmente os tres centros nos que se imparte o Máster, manténdose a posibilidade anual de facer pedidos de novos volumes de fontes primarias e secundarias. O profesorado e estudantado do máster ten tamén ao seu dispor a opción do préstamo interbibliotecario e o acceso a bases de datos e fondos de uso restrinxido. Así, as materias *Métodos e recursos de investigación lingüística e a súa aplicación á lingua inglesa* e *Métodos e recursos de investigación literario- cultural no ámbito anglófono* familiarizan aos/as estudantes con todos estes fondos bibliográficos e outros recursos documentais. De feito, desde o segundo ano de implantación do título adiantouse a docencia destas dúas materias pola importancia que tiñan os contidos e competencias desenvolvidos para familiarizar aos/as estudantes co uso de fondos bibliográficos, de recursos documentais e outros medios tecnolóxicos á súa disposición. Nestas mesmas materias o alumnado aprende ademais a manexar manuais de estilo e a acceder a e utilizar corpus e bases de datos.

(2) Modalidade de impartición (docencia híbrida do título):

Como se apuntou previamente no presente Autoinforme (apartado 1.3), a modalidade de impartición do título é híbrida (denominada “semipresencial” con anterioridade á entrada en vigor da Resolución do 6 de abril de 2021 da Secretaría Xeral de Universidades (BOE 15/04/2021). Esta modalidade semipresencial complementase co seguimento do estudantado a través de diferentes medios co fin de realizar un seguimento da súa aprendizaxe a distancia, tales como as titorías personalizadas, o uso do correo electrónico e a aula virtual. Todas estas cuestións aparecen recollidas nas Guías Docentes das materias. A docencia presencial complementase na gran maioría dos casos co uso do **campus virtual**, recurso ao dispor de profesorado e alumnado nas tres institucións:

USC: [Campus Virtual](#) e [Office 365](#)

UVigo: [Campus Remoto](#)

UDC: [Campus Virtual](#)

Así, todo o profesorado do Máster dispón dun espazo propio no campus virtual para poñer á disposición do alumnado os materiais didácticos, para asignar tarefas e realizar probas de avaliación, para publicar os resultados das mesmas, así como para crear foros de discusión. O Servizo de Apoio á docencia e investigación das tres universidades brinda o apoio técnico necesario a ambos grupos. As ferramentas de videoconferencia e os repositorios documentais son tamén amplamente utilizados (por exemplo, aplicacións institucionais como MS Teams ou OneDrive, que son parte do paquete Office 365 de ferramentas informáticas posto ao dispor da comunidade universitaria da USC, a Universidade Responsable Administrativa do Título). Na UVigo o profesorado e alumnado fai uso das plataformas de Campus Remoto e Moovi (en substitución de Faitic). Na UDC, as canles institucionais para o ensino a distancia son o Campus Virtual (campusvirtual.udc.gal), Moodle e aplicacións informáticas como MS Teams. Os resultados de satisfacción do alumnado e do PDI con estes recursos electrónicos están recollidos nos resultados das enquisas de satisfacción consignados para o curso 2023/2024 (véxase apartado (1) Recursos materiais, servizos e equipamentos relacionados coas tres sedes do título).

Tal e como se advirte no Informe Acreditación Final_iMAES (2019-2020, páxs. 3, 5 e 7), é necesario seguir as recomendacións establecidas na Resolución do 6 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades (BOE 15/04/2021) en relación coas titulacións impartidas en modalidade de impartición semipresencial (“híbrida”, desde a

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

entrada en vigor da norma). A tal efecto, durante o curso 2021/2022 o Coordinador Xeral do Título, o Prof. Jorge Sacido Romero, levou a cabo unha actualización da páxina web propia do título (<http://www.imaes.eu/>), labor que continúa a actual coordinadora (Profa. Zeltia Blanco Suárez). Mediante estas actualizacións perséguese facer máis accesible ao público a información sobre espazos e servizos, incluída aquela relativa ás plataformas de ensino virtual utilizadas nas 3 sedes do título.

(3) Prácticas externas (obrigatorias)

O módulo de prácticas externas (Prácticum) ten carácter obrigatorio e ten asignados 6 créditos, tal e como recolle a Memoria Verificada do Título (2ª Edición, pp. 55-57). A coordinación das tres sedes foi a encargada, desde a posta en marcha do título, de velar por que os recursos e instalacións dos diferentes centros e institucións de prácticas fosen os axeitados para o alumnado. O desenvolvemento das prácticas este curso discorreu sen incidentes e valoráse moi positivamente, baseándonos nos datos dos/as titores/as profesionais e nos aportados polo estudantado nas súas memorias de prácticas. Este alude, de feito, á boa acollida e ao bo trato recibidos nas súas prácticas ano tras ano, ademais das facilidades en relación cos espazos e calendarios de prácticas. Ata o momento os convenios existentes con institucións e empresas para a realización das prácticas do Máster demostraron ser suficientes durante o período de impartición do mesmo e estes en liñas xerais renóvanse cada catro anos. En novembro de 2024 renováronse os convenios co Instituto Superior de Estudios Lingüísticos y Traducción (ISTRAD), o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, o Colexio Internacional SEK-Atlántico, a Fundación Araganey-Puente de Culturas, a Fundación Universidade de Vigo e Teófilo Comunicación S.L.

Tal e como apuntabamos no Criterio 1.5 máis arriba, a propia convocatoria de prazas para a realización destas prácticas inclúe información detallada sobre os requisitos, o proceso de selección, as características académicas, a organización destas prácticas e o calendario (prazo de presentación de solicitudes nos decanatos, publicación da listaxe provisional, presentación de reclamacións á listaxe provisional, publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas, publicación da listaxe provisional de adxudicacións, período de reclamacións á listaxe provisional de adxudicación e publicación da listaxe definitiva).

No curso obxecto de informe, o 2023/2024, os/as estudantes das tres universidades levaron a cabo as súas prácticas de xeito maioritario nos centros da súa primeira ou segunda escola. Os datos de oferta e adxudicación de destinos no 2023/2024 son os seguintes:

Oferta: 53 prazas distribuídas en 30 centros de prácticas ubidados na Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra, Poio (Pontevedra), Mos (Pontevedra) e Sevilla (online).

Adxudicación de destinos: 22 estudantes (<http://www.imaes.eu/?p=4265>)

Tal e como se desprende das memorias do alumnado e das avaliacións dos/as titores/as académicos/as e profesionais, mesmo nos poucos casos nos que estes realizaron as súas prácticas nunha institución diferente á da súa primeira escola, o resultado foi moi positivo. Isto é máis ca evidente se temos en consideración os resultados das diferentes sondaxes correspondentes ao curso 2023/2024:

A) Enquisas institucionais:

A valoración das prácticas externas por parte do estudantado iMAES foi favorable, con 4,56 puntos sobre 5 (véxase IN19M na pág. 26 de 75 do [Informe de indicadores iMAES 2023_24](#)), aínda que non contamos con datos do total de participación.

B) Enquisas conxuntas de elaboración propia (CAIU) 2023/2024: enquisa cuberta nos días posteriores a superaren o TFM e, polo tanto, a graduárense:

Participación: 40,90% (téñase en conta a este respecto o problema na distribución das enquisas este curso 2023/2024, como se comentou anteriormente neste Criterio e no Criterio 1.1).

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Bloque VI: Prácticas externas: 3,9 sobre 5 puntos

Enlace a gráficas [aquí](#)

As enquisas dos “empregadores” (empresas e institucións) son comúns ás tres universidades. Os/as titores/as académicos/as e profesionais de prácticas forman parte dun sistema de acollida, orientación e seguimento dos estudantes que se detalla a continuación, así como na páxina web oficial do título, na sección ‘New Student Orientation’. Tomamos como marco institucional os servizos de orientación ao alumnado que establecen as tres universidades participantes no título de Máster, a saber: a Oficina de Información Universitaria da USC (OIU, <http://www.usc.es/es/servizos/oiu/>), a Sección de Información ao Estudante da UVigo (SIE, <https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes#02>) e o Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante da UDC (SAPE, <https://www.udc.es/sape/>).

En relación coas prácticas, cómpre aludir tamén ás sesións informativas que se organizan con carácter anual para o alumnado do último curso do grado nas tres sedes. Nestas sesións participan as coordinacións dos diferentes títulos, incluídos os/as coordinadores/as na USC, UDC e UVigo, e serven para complementar a publicidade a iMAES. Unha vez iniciado o novo curso académico, os/as coordinadores/as organizan unha sesión informativa de benvida ao novo alumnado, na cal se lles informa de todos os aspectos relativos ao título. Entre outras cuestións, trátanse aspectos relativos ao horario (publicado con anterioridade na web oficial do título e nas webs dos tres centros participantes), o Traballo Fin de Máster, as datas aproximadas das prácticas externas e os criterios de adxudicación das mesmas. Precisamente, con motivo da convocatoria anual, os/as coordinadores/as en cada sede convocan novamente aos/as estudantes para alertalos dos períodos de solicitude, adxudicación provisional, período de reclamación e adxudicación definitiva. Tamén se lles informa de que no seu destino contan cun/ha titor/a académico/a e un/ha titor/a profesional, que estarán coordinados/as entre si e guíaranos, entre outras cuestións, na organización do calendario de prácticas e os seus horarios, así como na planificación das tarefas que se lles encomendarán, entre outras cuestións.

En consecuencia, á luz dos aspectos anteriormente mencionados neste apartado, consideramos que os recursos materiais e servizos son adecuados para o título ofertado nos tres centros. Isto débese, por un lado, a que tanto tanto o PDI como o estudantado valorounos positivamente de forma reiterada. Por outro lado, consideramos que son apropiados vistos os esforzos constatables para corrixir disfuncións detectadas nas infraestruturas, mais tamén polo continuo acondicionamento de espazos, pola instalación de equipamento novo e polo adecuado mantemento do existente, pola experiencia vivida nos centros de prácticas, así como polo continuo incremento dos fondos bibliográficos e dos recursos dispoñibles para alumnado e profesorado. Queremos destacar aquí que tanto nos servizos centrais como nos diferentes grupos, centros de investigación, fundacións, editoriais, empresas e institucións coas que o Máster ten convenio de prácticas o estudantado dispón de espazos especialmente habilitados para a realización das funcións que lles corresponden. Ademais, os horarios de prácticas foron acordados cos centros para que fosen proveitosos para ambas partes. Esta valoración tan positiva das prácticas tamén se reflicte nas valoracións dos/as titores/as académicos/as e profesionais, que comentaremos máis abaixo, no apartado 7.2.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como detallaremos a continuación, o conxunto dos resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as de iMAES para o curso obxecto de informe é altamente positivo. Ao igual que no Autoinforme de Renovación da Acreditación 2019-2020 (páxs. 45-52), para xustificar esta valoración tan positiva organizouse a reflexión e a información de modo que atenda ás distintas evidencias e indicadores requiridos, isto é: (1) Guías docentes e metodoloxía docente (E4); (2) Traballo Fin de Máster (E24); (3) Resultados académicos por materia (E25) e mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe (E26); (4) Adecuación dos resultados ao nivel MECES (E3).

(1) Guías docentes e metodoloxía docente (E4):

A información sobre as competencias, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que deben ser adquiridos na titulación detállase nas guías docentes de cada materia. O alumnado ten acceso directo a estes datos a través da páxina web da titulación, onde están tamén dispoñibles a memoria verificada (http://www.imaes.eu/?page_id=1384), a listaxe de competencias xerais e específicas (http://www.imaes.eu/?page_id=1654) e as guías docentes (http://www.imaes.eu/?page_id=31, ver tamén [Web do Título \(USC\)](#), [Web do Título \(UDC\)](#) e [Web do Título \(UVigo\)](#)). Ao longo destes cursos as Guías Docentes foron revisadas e actualizadas en estreita colaboración entre a coordinación do mestrado e o profesorado implicado. Así, unha das modificación máis substanciais concirniu as materias obrigatorias do primeiro semestre *Modelos Lingüísticos e a súa Aplicación á Lingua Inglesa* e *Modelos de Interpretación Literario-cultural nos Países de fala Inglesa*, que aumentaron a súa carga docente de 3 a 4,5 créditos ECTS. Do mesmo xeito, modificáronse outras 2 materias que antes era obrigatorias para o conxunto do alumnado: *Métodos e Recursos de Investigación Lingüística e a súa Aplicación á Lingua Inglesa* e *Métodos e Recursos de Investigación Literario-cultural no Ámbito Anglófono*. Desde entón pasaron a ser obrigatorias en función do itinerario de especialización. Nestas revisións das Guías Docentes tamén houbo que dar cabida aos plans de continxencia por mor da COVID-19 en función das disposicións adoptadas en cada unha das tres sedes. Logo desta revisión pormenorizada e actualización das Guías Docentes constatamos que, en termos xerais, estas guías se adecúan ao estipulado na Memoria de Verificación. Con todo, no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación (febreiro de 2022), a ACSUG detectou algunhas discrepancias nalgúñas materias, que xa foron subsanadas polos/as

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

coordinadores/as das mesmas nas tres sedes, seguindo as instrucións recibidas desde a Coordinación Xeral do título.

(2) Traballo Fin de Máster (E24):

O Traballo Fin de Máster (TFM), de 12 créditos ECTS, é o primeiro traballo de investigación que debe realizar o alumnado dunha envergadura considerable en el deben poñer en práctica os coñecementos e competencias adquiridos durante o mestrado, culminando nun traballo orixinal. O TFM, por tanto está relacionado con moitas das materias que cursaron no máster, especialmente coas de metodoloxías en lingüística ou en estudos literarios e culturais. Algúns das/os estudantes, de feito, optarán logo por expandiren estes traballos e darlles continuidade en forma dunha tese de doutoramento. A extensión do TFM está fixada desde o curso 2017/2028 nun mínimo de 10.000 palabras en un máximo de 14.000, para axustarse así á extensión doutros traballos da mesma índole no contexto (inter)nacional.

Proporcionamos a continuación os datos en relación aos 2 últimos cursos: 2022/2023 e 2023/2024, en cada unha das 3 sedes do título:

- Curso 2023/2024:

USC: 14 defendidos de 24 matriculados (58,3%). Destes 14 traballos defendidos, 11 correspondéronse con estudantes de novo ingreso e 3 con estudantes de cursos anteriores (un do curso 2022/2023 e dous do curso 2021/2022). Isto é, dos/as 17 estudantes de novo ingreso matriculados/as en iMAES neste curso, conseguiron defender con éxito na convocatoria correspondente ao curso en vigor o 64,7%. Outros dous destes estudantes de novo ingreso do curso 2023/2024 defenderon o seu TFM en febreiro de 2025; dos restantes catro estudantes que se inscribiron no mestrado no cursado 2023/2024, unha alumna renunciou ao máster e as outras tres persoas teñen a matrícula do seu TFM activa no curso 2024/2025. A maiores, no 2023/2024 había matriculadas 3 persoas desde os cursos 2021/2022 e outra persoa que matriculou o seu traballo tres anos consecutivos (2014/2015, 2015/2016 e 2016/2017 e que volveu matricular o TFM no curso obxecto de informe). Como é habitual nestes casos, hai estudantes que causan baixa por cuestións laborais ou médicas, e isto, como é lóxico, repercute nas taxas de abandono e graduación.

UDC: 8 defendidos de 12 matriculados (66,67%). Destes, 5 correspondían a estudantes de novo ingreso no curso 2023/2024 (50,01%).

UVigo: 5 defendidos de 10 matriculados (50%).

- Curso 2022/2023:

USC: 15 defendidos de 24 (62,5%). Destes 15 traballos defendidos, 12 correspóndense con estudantes de novo ingreso, 2 con estudantes do ano anterior e 1 con un estudante do curso 2020/2021. Isto é, dos/as 16 estudantes de novo ingreso matriculados/as en iMAES neste curso, conseguiron defender con éxito na convocatoria correspondente ao curso en vigor o 75% dos estudantes. Hai tamén 4 estudantes que por motivos de índole persoal deixaron o TFM e non o chegaron a defender e outra das estudantes matriculada no curso 2022/2023 defendeu en febreiro de 2024.

UDC: 9 defendidos de 14 matriculados (64,3%)

UVigo: 4 defendidos de 12 matriculados (33,3%)

Como se recolle na Táboa 4 máis abaixo, nos cursos 2022/2023 e 2023/2024 defendéronse 51 TFM e superáronse todos. As taxas de graduación durante o curso obxecto de informe situáronse no 70% previsto na Memoria de Verificación (Memoria 2ª Edición, páx. 60) no caso da UDC (70%; véxase documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)) e no da USC (69,23%; véxase indicador IN37M na páx. 52 do documento

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

[Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)) e mesmo superaron a prevista na Memoria no caso da UVigo, xa que estou chegou ao 80% (GRA 1 Máster Taxa de graduación por curso académico). En canto ás cualificacións obtidas no TFM, o dato é tamén positivo se se consideran os datos totais dos cursos 2022/2023 e 2023/2024 nas 3 sedes: 5 Matrículas de Honra, 16 Sobresáintes, 23 Notables e 5 Aprobados.

Táboa 4. Traballos Fin de Máster defendidos nos cursos 2022/2023 e 2023/2024 (2 últimos cursos)

Curso	Título TFM	Cualificación
2022/2023		
UDC (9)	Of Trees and Women: Ecofeminist Memoirs by Wangari Maathai and Vandana Shiva	Sobresáinte (9,0)
	Spiritual Ecofeminism: “Healing the Earth” with Starhawk’s Work	Sobresáinte (9,0)
	Better Late: Belated Space in Travels with a Donkey in the Cévennes	Sobresáinte (9,3)
	Opening up frontiers through music: exploring narratives of identity, prophethood, father figure and trauma in Kendrick Lamar’s Mr Morale and The Big Steppers.	Sobresáinte (9,0)
	“This World Is Rotten”: An Analysis of Eco-Fascist Discourse	Matrícula de Honra (9,5)
	Sue the Patriarchy: Analysing the “Mary Sue” Trope and Its Many Problems	Sobresáinte (9,3)
	Adaptacións cinematográficas do ‘Poema de Mulan’: unha análise de estudos culturais.	Sobresáinte (9,0)
	O uso do cine como transmisor de cultura na ensinanza do inglés como idioma extranxeiro.	Notable (7,0)
	Afogando as Mágoas: Análise do Consumo de Alcohol en Dúas Novelas Chick Lit.	Sobresáinte (9,0)
USC (15)	Computer-mediated Communication: A Twitter Case study	Notable (7,0)

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

	Gendered Bodies, Sexual Desire and Violence in A. L. Kennedy's Indelible Acts.	Notable (8,5)
	"Every woman is a mad ugly bad old witch, somewhere in her heart": A Reinterpretation of Witchcraft in Philippa Gregory's The White Queen (2009) and The Lady of the Rivers (2011).	Notable (8,8)
	The Construction of Female Monstrosity in Claire Kohda's Woman Eating (2022).	Sobresáinte (9,5)
	Moving Towards the Margins of the Screen: Literary Allusions and Weird Liminality in Robert Eggers's The Lighthouse	Matrícula de Honra (10)
	We made it real": A Study about Family Curses in What Remains of Edith Finch.	Notable (8,5)
	"Paciencia y fé": Immigration, identity, community, and the American Dream in In The Heights.	Notable (8,8)
	Critical Thinking through the Teaching of English as a Foreign Language.	Aprobado (6,5)
	The First Influencer: How Gossip Girl predicted the Present-Day American Society.	Notable (7,0)
	"I am determined to prove a villain": Ideal Kingship in Shakespeare's Henry V and Richard III.	Sobresáinte (9,0)
	Anglo-Saxon and Scandinavian Women: A Comparative and Contrastive Analysis of Marriage, Sexuality and Motherhood through Vikings.	Notable (7,5)
	A comparative analysis of the depiction of family relationships in Things Fall	Notable (7,5)

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

	Apart and Purple Hibiscus	
	The Transmedial Legend of Sweeney Todd	Sobresáinte (9,0)
	Queer Language Evolution through Time: A Critical Discourse Analysis	Notable (8,0)
	“We’re bad feminists”: Feminism and Postfeminism in Phoebe Waller-Bridge’s Fleabag (2016)	Sobresáinte (9,3)
UVigo (3)	‘Forever young’: The eternal child archetype in the post-apocalyptic world of Gary Shteyngart’s Super Sad True Love Story (2010).	Matrícula de Honra (10)
	“Undoing the knots inside of me”: The Self-creation of a Dominican-American Identity Journey in Elizabeth Acevedo’s The Poet X (2018).	Aprobado (6,5)
	Pity that semi-insubordination (SIS) is so hard to retrieve from corpora: A pilot study of SIS in contemporary British English.	Sobresáinte (9,7)

Táboa 4 (continuación)

Curso	Título TFM	Cualificación
2023/2024		
UDC (6)	Howling through Time: The Evolution of the Wolf from Mythical Villain to Neo-Noir Antihero in The Wolf Among Us	Notable (8,1)
	Ireland, Nationalism, and the Celtic Tiger: The Economic Boom’s Impact on Irish Identity and Society	Notable (7,1)
	Chicana Feminist Poetry across Generations: Norma Cantú and Amalia Ortiz	Notable (7,0)
	Idioms in English and Spanish: Learning through Comparison	Aprobado (5,6)
	Women writers and feminist	Notable (8,0)

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

	pedagogy: The inclusion of femaleauthored texts in secondary education. Mary Wollstonecraft and Mary Hays	
	Video Games as the New Postmodern Vehicle: A Comparative Analysis of Selected Works and their Rhizomic Nature	Notable (8,3)
USC (13)	Ecocritical Insights into John Boorman's Excalibur (1981)	Sobresáinte (9,0)
	The Villain Archetype across Modern Media: the Case of Hades	Notable (8,8)
	Blessed Maugham: An Analysis of British Observations of Spain	Matrícula de Honra (9,2)
	Deconstructing Colonial Propaganda in Prose: An Analysis of Defoe's Robinson Crusoe as a Colonial Narrative	Notable (7,5)
	Assembling Henry James's Stories: An Analysis of the Adaptation Process of The Haunting of Bly Manor (2020)	Sobresáinte (9,0)
	#asianmom -Trauma, Cultural Conflict and Motherhood in Amy Tan's The Joy Luck Club (1989)	Aprobado (6,5)
	She has always been there, my darling': The Wife, The Other Woman and Affective Triangles in Twentieth-Century Literature in English by Women	Notable (7,5)
	The Refugees' Infinite Threshold: the Perennial Reshaping of Ecotonal Identities, as Seen in The Girl Who Smiled Beads (2018) by Clemantine Wamariya and Elizabeth Weil	Notable (8,5)
	C.S. Lewis's The Chronicles	Aprobado (6,5)

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

	of Narnia: Christian Imagery in The Lion, the Witch and the Wardrobe (1950).	
	A subversive reading of Little Women's ending: marriage, girlhood and family.	Notable (7,0)
	Ambiguous Alterations: The Construction of the Female Vampire in Literature and Film.	Sobresaínte (9,0)
	A Study on the symbolic relationship between water, women and death in American Literature.	Notable (8,0)
	Revisiting Alcott's Little Women (1868): An analysis of 20th and 21st adaptations.	Notable (8,5)
	Ecocritical Insights into John Boorman's Excalibur (1981)	Sobresaínte (9,0)
	The Villain Archetype across Modern Media: the Case of Hades	Notable (8,8)
UVigo (5)	Pre-service teacher's views on informal learning	Notable (8,0)
	Modification in the English noun phrase: A study of recent diachrony	Notable (8,00)
	Non-categorical variability in World Englishes: The clausal complementation profile of DENY in Pakistani, Indian, American and British English.	Sobresaínte (9,5)
	The teaching of English pronunciation in Galicia: An analysis of secondary education course books	Matrícula de Honra (10,00)
	Impoliteness strategies in two HardTalk interviews: A quantitative and qualitative study	Notable (8,00)
Total UDC	15	
Total USC	28	
Total UVigo	8	
TOTAL	51	

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

(3) Resultados académicos por materia (E25) e mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe (E26):

Como se comentou no apartado (1) “Guías docentes e metodoloxía docente (E4)” máis arriba, no curso 2019/2020 implantouse unha modificación do Plan de Estudos de iMAES, que afectou concretamente á carga lectiva de dúas materias obrigatorias do primeiro semestre dese curso: *Modelos e Teorías lingüísticas e a súa Aplicación á Lingua inglesa* e *Modelos de interpretación literario-cultural nos países de fala inglesa*. Estas pasaron a ter 4,5 créditos no lugar de 3. Amais diso, *Métodos e recursos de investigación lingüística e a súa aplicación á lingua inglesa* e *Métodos e recursos de investigación literario-cultural no ámbito anglófono* tamén cambiaron o seu carácter e convertéronse en obrigatorias en función da especialidade escollida.

No que segue damos conta da análise dos resultados académicos por materia nas tres sedes do título para o curso 2023/2024:

USC: a taxa de éxito no 2023/2024 rozou o 100% (99,45%) e mellorou incluso á do curso anterior (98,45%) (véxase IN35M na páx. 48 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355 INF17 2023-2024](#)). As cualificacións foron altas en todas as materias globalmente, rexistrándose un total de 11 Matrículas de Honra, 100 Sobresáintes, 76 Notables, 20 Aprobados, 23 Non Presentados e só 1 suspenso (ver [4314355 INF15 2023-2024](#)). Tan só houbo 1 materias na que a taxa de éxito non foi do 100%, ao haber 1 estudante suspenso. Isto fixo que a taxa de éxito nese caso concreto descenderá ao 92,31% (véxase documentos [4314355 INF15 2023-2024](#) e [4314355 INF17 2023-2024](#)).

UDC: a taxa de éxito correspondente ao curso 2023/2024 foi do 96,75% (ver documento [Taxa de exito 5 5 2025 10 10 55](#)). As cualificacións foron altas en todas as materias, cun total de 16 Aprobados, 35 Notables, 37 Sobresáintes e 9 Matrículas de Honra (ver documento [iMAES Calificacions por materias 12 5 2025 12 33 29](#)).

UVigo: a taxa de éxito no 2023/2024 foi do 90% (véxase documento [REN 1 2 Máster Taxa de éxito e avaliación](#)). As cualificacións en todas as materia foron altas, cun total de 3 Matrículas de Honra, 13 Sobresáintes, 41 Notables, 10 Aprobados, 7 Suspendidos e 12 Non Presentados (véxase documento [VIGO notas por materia REN. Rendemento por Materia cualificacions](#)).

Polo tanto, e baseándonos nos resultados que acabamos de detallar individualmente para as tres sedes, podemos concluír que os resultados globais da aprendizaxe do título son netamente bos, cun número de suspendidos moi baixo.

(4) Adecuación dos resultados ao nivel MECES (E3):

Todos os datos expostos ao longo deste informe e no Criterio 7 (“Indicadores de satisfacción e rendemento”) máis adiante demostran claramente a adecuada adquisición por parte do estudantado iMAES das competencias inicialmente definidas na Memoria Verificada (ver pp. 6-7 de Memoria 2ª Edición). No curso avaliado, o 2023/2024, evidenciamos por tanto un alto grao de coherencia entre os resultados de aprendizaxe acadados, os obxectivos do programa formativo e o nivel MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior) no Nivel Máster (Art. 7., p. 5 de [MECES BOE-A-2011-13317-consolidado](#)).

Como xa se comentou no Criterio 1.4, o perfil dos estudantes iMAES adécase plenamente ao nivel MECES do título, dado que estes acceden co número de créditos esixido (240) ou mesmo cun número de créditos maior, posto que tamén hai estudantes que proveñen en ocasións dunha licenciatura ou que cursaron outro mestrado previamente a accederen a iMAES. Como se indicou anteriormente, o alumnado que provén de títulos distintos ao da área de Estudos

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Ingleses ten que acreditar sempre o nivel de lingua inglesa C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, tal e como se esixe na memoria verificada (ver pp. 7-8 da Memoria 2ª Edición). No Criterio 1.1 máis arriba demos conta pormenorizadamente dos perfís de novo ingreso, titulacións e rexións/países de procedencia do alumnado iMAES, os datos de inserción laboral dispoñibles, e de continuación de estudos en programas de doutoramento. A seguir consignamos una serie de reflexións sobre a correcta adquisición das competencias establecidas na memoria do título e a súa adecuación co Nivel Máster de MECES:

1) Tratándose dun mestrado de investigación, un dos obxectivos fundamentais de iMAES é a adquisición das competencias investigadoras necesarias para que as/os estudantes poidan levar a cabo unha investigación orixinal que poida ter continuidade nun programa de doutoramento. Este obxectivo satisfíxose cumpridamente, como queda demostrado polos 51 TFM defendidos e aprobados nos cursos 2022/2023 e 2023/2024, a maioría con elevadas cualificacións (ver Táboa 4 máis arriba). Outro indicador fundamental é a porcentaxe de egresados de iMAES que ampliar os seus estudos e cursar logo o Programa Interuniversitario de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados (IDAES), tamén interuniversitario. Así, no curso 2023/2024 accederon a IDAES desde iMAES un total de 7 estudantes: 4 da UVigo, 2 da USC e 1 da USC, de acordo cos datos proporcionados polos Coordinadores do Programa de Doutoramento IDAES: Margarita Estévez Saá (USC), Javier Pérez Guerra (Uvigo) e María Jesús Lorenzo Modia (UDC).

2) A adquisición de competencias que habilitan para un contexto profesional maniféstase en primeiro termo nas materias superadas con éxito polos/as alumnos/as e, moi especialmente, no éxito con que se desenvolveu o programa de prácticas externas, como o reflicten os resultados das enquisas por parte de todos os axentes implicados: o propio estudantado, os/as titores/as profesionais e os/as titores académicos (véxase a este respecto o apartado relativo ao Criterio 7.2 máis adiante).

3) Os resultados altamente positivos das enquisas de satisfacción detallados en anteriores apartados deste informe e no Criterio 7 máis adiante, así como os datos de inserción laboral (véxase apartado 7.3), indican claramente que a titulación está a desenvolverse de maneira satisfactoria e ofrécelle ao estudantado plenas garantías de adquisición das competencias investigadoras e profesionais inicialmente previstas.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A) INDICADORES DE DEMANDA

Tal e como se recolle na Memoria de Verificación, a oferta de prazas de novo ingreso é a seguinte: 10 prazas para a UVigo, 10 para a UDC e 22 prazas para a USC (pp. 3-5 de Memoria 2ª Edición). No curso 2023/2024 a cifra de matrícula de novo ingreso foi alta, con 29 estudantes de novo ingreso (7 na UDC, 16 na USC e 6 na UVigo).

No que concirne á **taxa de ocupación**, é dicir, a relación porcentual entre o alumnado de novo ingreso e o número de prazas ofertadas no curso 2023/2024 foi como segue:

USC: 69,57% (16 de novo ingreso sobre 22 prazas ofertadas), ao igual que no curso 2022/2023, polo que a taxa de ocupación segue manténdose relativamente alta nestes últimos cursos (ver o IN12M "Taxa de ocupación", na páx. 19 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)).

UDC: 70% (7 de novo ingreso sobre 10 prazas ofertadas) en 2023/2024, ao igual que no curso anterior (ver documento [iMAES Matriculados con titulación e univ. de orixe](#)).

UVigo: neste curso académico a taxa de ocupación foi do 60% (6 de novo ingreso sobre 10 prazas ofertadas) (ver [Alumnos matriculados 23-24.MEIA.Estudos de acceso](#)).

A Táboa 5 ilustra a **taxa de ocupación conxunta** do título das tres sedes dos últimos dous cursos (2022/2023 e 2023/2024).

Táboa 5. Taxa de ocupación (porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas do título): datos conxuntos UDC, USC, UVigo)

	2022/2023	2023/2024
Numerador (matrículas de novo ingreso)	34	29
Denominador (prazas ofertadas)	42 (22 na USC, 10 na UDC e 10 na UVigo)	42 (22 na USC, 10 na UDC e 10 na UVigo)
Resultado (taxa de ocupación conxunta)	80,95%	69,05%

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Á luz dos datos amosados, a taxa de ocupación nas tres sedes pode considerarse como bastante satisfactoria, ao que contribúen sen dúbida as xornadas de presentación do mestrado ao alumnado, que se celebran con carácter anual nas tres universidades no mes de abril. Tamén foron fructíferas as numerosas actividades de divulgación como congresos, simposios e seminarios que organizan os grupos e proxectos de investigación involucrados en iMAES anualmente. Con todo, neste último ano a taxa de ocupación conxunta sufriu un descenso considerable, de case 10 puntos porcentuais, pois a tendencia nos últimos cursos é a ter menos alumnado propio e máis alumnado matriculado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior. Haberá que monitorizar de preto esta evolución e posiblemente facer máis esforzo de captación entre o estudantado das tres sedes, tanto dos propios centros de impartición como doutros afíns (por exemplo, da Facultade de Educación), que poida estar interesado en cursar este mestrado.

B) INDICADORES DE RESULTADOS

Para podermos avaliar a satisfacción e o rendemento do programa formativo teremos en conta a evolución dos seguintes indicadores en cada unha das tres sedes nos cursos 2022/2023 e 2023/2024, o último deles obxecto de avaliación: as **taxas de éxito, rendemento, eficiencia, gradación e abandono**, así como o grao de cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe do estudantado. A Táboa 6 detalla os valores destas taxas por sede e os totais do título no seu conxunto.

Táboa 6. Comparativa de taxas por sede

Taxas e resultados previstos na Memoria de Verificación (entre paréntese)	2022/2023				2023/2024			
	UDC	USC	UVigo	Total (%)	UDC	USC	UVigo	Total (%)
Éxito (-)	100	98,45	96,87	98,44	96,75	99,45	90%	95,4
Rendemento (80%)	83,7	83,55	81,5	82,91	80,06	81,10	66%	75,72
Rendemento dos graduados (eficiencia) (90%)	95,74	90,15	95,24	93,71	93,02	97,80	Non consta	95,41
Avaliación (-)	83,7	84,87	-	84,28	85,61	81,55	73%	80,05
Graduación (70%)	85,71	58,33	62,5	68,84	70%	69,23	80%	73,08
Abandono (18%)	14,29	16,67	12,5	14,48	0%	7,69	0%	2,56

Fontes: **UDC:** [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#); **USC:** [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#); **UVigo:** cartafol [Datos UVigo](#).

Tal e como mostran os valores das diferentes taxas tanto nas tres universidades como na media global, a valoración do progreso do título no curso 2023/2024 é, polo xeral, positiva, se ben é certo que son necesarias certas

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

precisións e matices sobre casos concretos.

A **taxa de éxito** mantívose en niveis moi altos, superiores en calquera caso ao 90%, tanto nas tres sedes individualmente como na media total ponderada (98,44% no 2022/2023 e 95,4 no 2023/2024).

A **taxa de rendemento** situouse por enriba do 80% previsto na Memoria do Título no curso 2022/2023 (82,91%), aínda que no curso 2023/2024 descendeu ata o 75,72% na media ponderada das tres sedes. Esta baixada na taxa de rendemento global débese a que esta porcentaxe diminuíu no último curso na UVigo, situándose no 66%. O coordinador local, o Profesor Urdiales Shaw, atribúe ese menor rendemento no último ano á matriculación reiterada do TFM dunha estudante, que non chega a completar o traballo, mais que si computa na devandita taxa de rendemento.

No que se refire á **taxa de eficiencia (rendemento dos graduados)** o total ponderado (95,41%) é superior á previsión da Memoria do título (90%), así como os valores individuais en cada unha das 3 sedes nos dous últimos cursos académicos.

A **taxa de avaliación** non dispón de porcentaxe de referencia na Memoria do título, pero os resultados destes dous últimos cursos son superiores ao 80%, o que mostra que a maior parte do estudiantado realizou as probas e tarefas de avaliación encomendadas con éxito. Con todo, sempre se dan casos de estudantes que deixan os seus estudos por motivos persoais ou profesionais, de aí que a taxa de avaliación non sexa sempre do 100%.

A **taxa de abandono** diminuíu nas tres sedes no último curso. Así, no caso da USC fíxoo en case 9 puntos porcentuais (do 16,67% no 2022/2023 ao 7,69% no 2023/2024); na UVigo e na UDC este descenso foi aínda máis acusado, pois a taxa neste curso obxecto de informe sitouse en ambas sedes no 0%.

Por último, a **taxa de graduación** conxunta (73,08%) supera o 70% estimado na Memoria do Título, así como na UDC (70%) e na UVigo (80%); na USC ronda o 70%, pois a taxa foi do 69,23%.

A pesar dos resultados que acabamos de comentar, cómpre ter en conta que as oscilacións á alza ou á baixa nas porcentaxes consignadas debemos consideralas en relación con dous cursos académicos. Por último, aludiremos neste apartado a un último indicador, a duración media dos estudos, que no caso da USC descendeu no último curso (de 1,33 anos de media no 2022/2023 a 1,11 no curso 2023/2024) e na UVigo (1,25 anos), se ben é certo que na UDC este valor se incrementou no último curso, pasando a media a 2,38 anos. Este valor haberá que tomalo con cautela e poñelo sempre en relación con outros anos para considerar se se trata dunha cuestión puntual dun ano concreto ou se é unha tendencia que se repite porque hai alumnado que non remata o TFM e matricula de xeito reiterado, por exemplo, por motivos laborais ou persoais.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na elaboración do presente Autoinforme aportamos datos e reflexións relativos ao do grao de satisfacción dos diferentes grupos de interese (véxase “Reflexións/Comentarios dos Criterios 1.1., 1.2, 2.1, 3.1, 3.2, 4.1, 4.2 e 5.1 máis arriba). Estes indicadores evidenciaron un alto grao de satisfacción coa titulación por parte dos diferentes grupos involucrados na mesma. Ao igual que viñemos facendo ao longo do presente Autoinforme, ofrecemos os datos non só das enquisas institucionais, senón tamén os das enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria del Máster (CAIU- iMAES) para o curso 2023/2024.

(1) Enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster (CAIU- iMAES) Curso 2023-2024

Tal e como comentamos con anterioridade, estas enquisas evidencian a satisfacción do alumnado/egresados e do profesorado conxuntamente para as tres sedes (USC, UDC e UVigo) e conseguen unha porcentaxe de participación máis elevada e, xa que logo, máis representativa e válida en canto aos resultados:

Enquisa de satisfacción de estudantes iMAES 2023-2024 (coberta nos días posteriores a superaren o TFM e graduárense):

1) Participación e satisfacción global: 4,30 sobre 5 puntos e 40,90% de participación

2) Medias por bloques:

Bloque I: Orientación ao estudante: 4,2 sobre 5 puntos

Bloque II: Persoal académico: 4,1 sobre 5 puntos

Bloque III: Recursos e servizos: 4,3 sobre 5 puntos

Bloque IV: Planificación do ensino: 4,2 sobre 5 puntos

Bloque V: Desenvolvemento do ensino e avaliación da aprendizaxe: 4 sobre 5 puntos

Bloque VI: Prácticas externas: 3,9 sobre 5 puntos

Bloque VII: Traballo Fin de Máster: 3,6 sobre 5 puntos

Bloque VIII: Situación provocada polo COVID-19: 4,6 sobre 5 puntos

3) Enlace a gráficas [aquí](#)

Os resultados de satisfacción global coa titulación e os de participación do alumnado son positivos, dado que na maiorías dos bloques supéranse os 4 puntos nunha escala sobre 5. Así e todo, hai dous bloques para os que no curso 2023/2024 a media foi lixeiramente inferior a 4: a satisfacción coas prácticas externas (3,9/5) e o TFM (3,6/5). Temos que recordar neste punto que a participación nas enquisas, tanto institucionais como propias, foi menor do esperado por un erro, posto que o coordinador en funcións non enviou as enquisas ao estudantado das tres sedes. Así e todo, un/ha dos/as estudantes comenta nun dos apartados da enquisa que se debería deixar máis tempo para realizar o TFM. Habería que valorar se esta é unha queixa recorrente do alumnado, aínda que polo momento non se teñen recollido máis queixas ao respecto. A pesar deste erro puntual na distribución das enquisas, hai que seguir fomentando a participación do alumnado e profesorado nas diferentes enquisas. Por este motivo, e este ano con maior motivo se cadra, propoñemos continuar a Acción de Mellora Acción de Mellora (AM-1) para o próximo curso.

Enquisa de satisfacción do profesorado iMAES 2023-2024:

1) Participación e satisfacción global: 4,12 sobre 5 e 60% de participación (lembramos aquí tamén que só están recollidos os datos do profesorado da USC e que houbo docentes desta universidade que non cubriron a

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

enquisa porque non houbo docencia das materias da especialización en Lingüística e Lingua Inglesas, tal e como detallamos no Criterio 1.1).

2) Medias por bloques:

Bloque I: Obxectivos e competencias: 4,46 sobre 5 puntos

Bloque II: Planificación e desenvolvemento do ensino: 4,22 sobre 5 puntos

Bloque III: Recursos humanos: 4,33 sobre 5 puntos

Bloque IV: Recursos materiais e servizos: 4,06 sobre 5 puntos

Bloque V: Orientación ao estudantado: 3,79 sobre 5 puntos

Bloque VI: Resultados da aprendizaxe: 3,68 sobre 5 puntos

Bloque VII: Xestión da calidade: 4,33 sobre 5 puntos

3) Enlace a gráficas [aquí](#)

Como se desprende dos datos presentados, o índice de satisfacción global do profesorado coa titulación é moi alto. Ademais, as medias de cada bloque superan en todos os casos os 4 puntos e mesmo igualan ou superan os 4,5 en 4 dos 7 bloques: en relación co cumprimento dos obxectivos e competencias formulados (4,7/5), coa planificación e o desenvolvemento do ensino (4,5/5), cos recursos humanos existentes (4,6/5) e coa xestión da calidade (4,8/5). A porcentaxe de participación, ademais, foi moi representativa, posto que 38 dos 50 docentes responderon á sondaxe. Pode concluírse, pois, que os/as docentes de iMAES están satisfeitos/as coa súa docencia e coa titulación.

(2) Enquisas institucionais

USC: Índices de satisfacción

A continuación comentamos os índices de satisfacción con iMAES dos diferentes grupos de interese implicados na USC:

- 1) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: o labor docente no curso 2023/2024 foi valorado de forma moi positiva, con 4,56 puntos sobre 5, ao igual que sucedía no curso anterior, o 2022/2023 (4,71/5). A porcentaxe de participación subiu ademais neste último curso, do 18,18% no 2022/2023 ao 30,77% no curso obxecto de informe (ver [4314355 INF.13 2023 2024](#) e o indicador “Satisfacción do alumnado coa docencia recibida” (IN46M), na páx. 60 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)).
- 2) Satisfacción do alumnado coa titulación: a pesar de que na USC non dispoñiamos de datos deste indicador nos últimos dous cursos académicos, para o curso 2023/2024 este ítem foi valorado moi positivamente, con 4,39 puntos sobre un total de 5, malia que só contamos co 9,52% de participación (ver [4314355 INF.22 2023 2024](#)).
- 3) Satisfacción dos egresados: o grao de satisfacción neste curso foi alto: 4,18 sobre 5 puntos (páx. 58 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#)).
- 4) Satisfacción do profesorado coa titulación: ao igual que sucede co estudantado, o profesorado tamén está globalmente satisfeito coa titulación, con valores que superan os 4 puntos sobre 5 nos últimos anos: 4,03 no curso 2021/2022, 4,28 no 2022/2023 e 4,19 no 2023/2024. Do mesmo xeito, a participación do persoal docente nas enquisas tamén foi en aumento nos últimos cursos, mais no 2023/2024 volveu descender: do 65,22% no curso 2022/2023 ao 45,45% no 2023/2024. Isto, como se comentou en reiteradas ocasións ao longo do presente Autoinforme, pode ser debido a un erro de difusión, ao non térense enviado varios

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

recordatorios de participación (ver documento [4314355 INF.23 2023 2024](#)).

- 5) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: as valoracións da docencia impartida son moi boas, pois este ítem valorouse con 4,43 puntos sobre 5 (63,64% de participación; ver o indicador IN47M “Satisfacción do profesorado coa docencia impartida”, páx. 62 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355 INF.14 2023 2024.pdf](#)).
- 6) Satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas: a avaliación por parte dos titores dos/as estudantes nos destinos de prácticas é altamente positiva, con valores cercanos aos 5 puntos nos dous últimos cursos académicos: 4,62 no 2022/2023 e 4,70 no 2023/2024. A porcentaxe de participación no no curso 2023/2024 foi do 70% (véxase o indicador IN20M “Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas”, páx. 28 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355 INF07 2023-2024.pdf](#)).
- 7) Satisfacción dos/as titores/as académicos/as coas prácticas externas: ao igual que acontecía cos/as titores/as profesionais, os/as titores/as académicos/as tamén manifestan un grao alto de conformidade cos resultados das prácticas externas dos estudantes, cun 4 sobre 5 no curso 2023/2024 (ver indicador IN21M “Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas”, na páx. 30 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355 INF.08 PLN.TCNT.MST.PRA2023 2024](#)).
- 8) Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: tal e como se desprende do indicador IN19M “Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas”, na páx. 26 do documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#), a valoración global dos estudantes de iMAES é tamén moi boa, cunha puntuación de 4,56 puntos, aínda que non contamos con datos de participación.

UDC: Índices de satisfacción

No que segue detallamos a información sobre os índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese na sede da UDC (ver documento [DATOS SEGUIMIENTO IMAES 2023-2024](#)).

- 1) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: o persoal académico do mestrado e o desenvolvemento dos estudos valoráronse con 6,43 e 5,86 puntos sobre 7, respectivamente.
- 2) Satisfacción do alumnado coa titulación: destacamos aquí as puntuacións de ítems como a planificación e o desenvolvemento do ensino, con 6 e 5,86 puntos sobre 7.
- 3) Satisfacción dos egresados: os/as titulados/as pola UDC mostráronse bastante satisfeitos co proceso de formación, así como coa actuación dos docentes de iMAES, pois ambos aspectos recibiron a máxima puntuación, é dicir, 7 puntos.
- 4) Satisfacción do profesorado coa titulación: ao igual que os estudantes, o profesorado do máster tamén se amosa satisfeito coa titulación, tanto ao respecto do desenvolvemento do ensino (5,33/7) como cos estudantes (6,67/7 puntos).
- 5) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: ao igual que os estudantes, o profesorado do máster tamén se amosa satisfeito coa titulación, tanto ao respecto do desenvolvemento do ensino (6,17/7) como coa planificación (5,83/7 puntos).
- 6) Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas: no curso 2023/2024 este indicador, conxunto para as tres universidades, acadou unha valoración 4,70 sobre 5 puntos (ver indicador IN20M “Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas”, páx. 28 do

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

documento [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355 INF.07 2023 2024](#)).

- 7) Satisfacción dos/as titores/as académicos/as coas prácticas externas: non constan datos para este curso académico.
- 8) Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: non dispoñemos de datos para este curso académico.

UVigo: Índices de satisfacción

Os valores correspondentes aos índices de satisfacción dos diferentes grupos na UVigo para o curso 2023/2024, en comparación co anterior, detállanse a continuación (ver documentos [2023 2024 Informe satisfacción das persoas tituladas](#) e [2023 2024 Informe satisfacción alumnado](#)).

- 1) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: tal e como se comentou anteriormente neste Autoinforme, os cuestionarios do alumnado non contemplan como tal un ítem específico sobre o cadro docente ou sobre a docencia, pero si que hai un bloque sobre resultados de aprendizaxe e formación adquirida. Esta recibiu 2,75 puntos sobre un total de 5 (33% de participación).
- 2) Satisfacción do alumnado coa titulación: no curso 2023/2024 o conxunto de estudantes valorou a titulación con 3,03 puntos sobre 5, o que indica un grao de satisfacción relativamente alto coa mesma (participación do 33%).
- 3) Satisfacción dos egresados: a diferenza da enquisa de satisfacción do alumnado, na que cubren as/os egresadas/os si consta unha pregunta sobre o profesorado, ademais de valorarse a formación adquirida. Neste caso, o estudiantado egresado valorou o persoal académico con 4,5 puntos e a formación recibida con 4 puntos, valores altamente satisfactorios, máxime se temos en consideración que a participación foi do 100%. No que concirne á satisfacción coa titulación en xeral, esta recibiu un total de 3,81 puntos.
- 4) Satisfacción do profesorado coa titulación: as enquisas do profesorado efectúanse cada dous anos, polo que para este curso 2023/2024 non constan datos.
- 5) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: ao igual que acontece coa titulación, non dispoñemos de datos de satisfacción coa docencia impartida polo profesorado, ao teren estas enquisas carácter bianual.
- 6) Satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas: no curso 2023/2024 este indicador, conxunto para as tres universidades, acadou unha valoración 4,70 sobre 5 puntos (ver indicador IN20M "Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas", na páx. 28 do [Informe de indicadores iMAES 2023 24](#) e [4314355 INF07 2023-2024.pdf](#)).
- 7) Satisfacción dos/as titores/as académicos coas prácticas externas: non temos datos a este respecto para o curso obxecto de informe.
- 8) Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: se ben non se conta cunha enquisa específica ao respecto, a enquisa de satisfacción do alumnado, no bloque 1 ('Organización e desenvolvemento') inclúe unha pregunta específica sobre a utilidade das prácticas da titulación. Esta foi valorada moi positivamente,

Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

con 4 puntos sobre 5 neste curso 2023/2024. Do mesmo xeito, na enquisa do alumnado egresado inclúese un bloque específico sobre as prácticas externas, o bloque 7, que contén 2 preguntas relevantes sobre as mesmas, en concreto sobre a formación adquirida nas prácticas e sobre a adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación, valoradas ambas con 4,5 puntos.

Os resultados das enquisas institucionais son positivos pero, sen lugar a dúbidas, deben ser complementados coas enquisas conxuntas de elaboración propia pola Comisión Interuniversitaria do Máster (CAIU-iMAES), tal e como se fixo neste curso pasado no marco da Tarefa 2 da Acción de Mellora 1 para os grupos de interese alumnado/titulados e profesorado. Tal e como se demostrou no presente Autoinforme, estas enquisas conxuntas logran unha maior representatividade dada a porcentaxe de participación máis elevada e, en consecuencia, aportan unha visión máis global do **grao de satisfacción do título no seu conxunto**.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se indica en distintos lugares da Memoria Verificada e na web do título (pp. 6-7 Competencias CB6, G09, G10, E01-E14 e pp. 12-59 materias en “Planificación dos ensinos” en Memoria 2ª Edición), o máster iMAES oríntase non só á formación en investigación, senón que tamén ten un carácter profesionalizante, como se plasma coa obrigatoriedade do Prácticum, de 6 créditos ECTS (páx. 7 Competencia E15 e páxs. 55-57 de Prácticum en Memoria 2ª Edición).

En vista desta orientación dual, o noso programa non só prepara o alumnado para que acceda ao mercado laboral coa mellor cualificación, senón que tamén o dota das competencias e habilidades necesarias para desenvolver unha actividade investigadora. De feito, tal e como sinalamos xa neste Autoinforme, unha porcentaxe considerable dos egresados de iMAES cursa despois estudos de doutoramento, moitos deles no propia programa interuniversitario IDAES. No curso obxecto de informe, o 2023/2024, un total de 7 estudantes incorporáronse ao Programa Interuniversitario de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados (IDAES), de acordo coa información proporcionada polos coordinadores do programa nas respectivas sedes: Margarita Estévez Saá (USC), Javier Pérez Guerra (UVigo) e Mª Jesús Lorenzo Modia (UDC). Ademais, aínda que non contemos con datos ao respecto, o estudantado de iMAES conta con unha vantaxe engadida ao concorrer ás oposicións de profesorado de Secundaria ou Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), non só en termos dunha mellor preparación científica e académica, senón que tamén acceden cunha puntuación máis alta no apartado de formación, ao teren cursado unha segunda titulación de posgrao. Ao igual que ocorre cos numerosos estudantes de iMAES que obteñen posteriormente bolsas e/ou contratos para realizaren estudos de doutoramento en convocatorias autonómicas e estatais, o mestrado iMAES tamén sentou as bases para que varios dos egresados obtivesen logo, en concorrència competitiva, diversos postos como Persoal Docente e Investigador en universidades do estado español. Este é o caso, por exemplo, das doutoras Cristina Blanco (Profesora Axudante Doutora), Noelia Castro Chao (Profesora Axudante Doutora), Yolanda Fernández Pena (Profesora Titular de Universidade), Cristina Lastres (Profesora Axudante Doutora), Inmaculada Pérez Casal (Profesora Interina de Substitución), Raquel Pereira Romasanta (Profesora Axudante Doutora), Daniela Petersson Traba (Profesora Axudante Doutora) ou Iván Tamaredo Meira (Profesor Axudante Doutor).

O documento 4314355_INF.EIL.ACSUG_2023_2024 proporciona datos acerca da inserción laboral dos egresados de iMAES. De acordo cos mesmos, un 80% dos estudantes traballa na actualidade e un 20% traballaron algunha vez despois de realizar o máster. Ademais, tan só transcorreron 4,88 meses de media desde que remataron o mestrado e

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

atoparon o seu primeiro emprego e 14,60 meses desde que finalizaron a titulación e atoparon un emprego relacionado co máster (un 20% en menos de 6 meses e outro 20% entre 6 meses e 1 ano), un 30% atopárono entre 1 e 2 anos e outro 30% entre 2 e 3 anos.

De igual modo, e tal e como se comentou en detalle no Criterio 1.1 máis arriba, no curso 2023/2024 realizouse unha enquisa entre o alumnado egresado de iMAES da USC para coñecer datos da súa inserción laboral. Esta acción foi financiada con unha axuda da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para emprender accións de mellora nos mestrados oficiais da USC. A mostra, de 32 estudantes, recolle datos de titulados/as entre os anos 2019 e 2023. A sondaxe incluía preguntas sobre o grao de aplicabilidade e utilidade dos estudos no seu traballo, sobre a utilidade do módulo de prácticas ou sobre a súa situación profesional actual. Os datos recollidos indican que o 62% do alumnado egresado considera que os estudos de iMAES lle foron de utilidade ou moita utilidade na súa situación profesional actual; un 19% considera que non foron nin útiles nin pouco proveitosos e o restante 19% opina que non lle foron de proveito. Desta enquisa tamén trascende que o 41% dos/as enquisados/as cre que o máster os habilitou para o desempeño da súa profesión. Na mesma liña, consultóuselle aos/as titulados/as sobre o proveito do módulo de Prácticum nos estudos de mestrado para accederen a posteriori ao mercado laboral. Neste caso, só o 25% das persoas consultadas se amosaron satisfeitas ou moi satisfeitas coa utilidade deste módulo na futura inserción laboral. Un 34% do alumnado egresado manifestouse neutral a este respecto, e o 41% contestou que o Prácticum non lles foi de utilidade nese sentido.

O título xa fora inicialmente concibido tendo en consideración eventuais cambios no ámbito dos Estudos Ingleses, de aí que esa planificación xa dese cabida desde un comezo a perspectivas teóricas e aplicadas cunha mirada ao mercado laboral, dotándoo dun certo grao de interdisciplinidade, para o cal se incluíron contados amplos relacionados con áreas e disciplinas afíns como a Tradución e a Comunicación, o Ensino e Adquisición de Linguas, os Estudos Culturais, a Literatura Comparada, etc. É de feito esta interdisciplinidade a que permite aos nosos egresados poder optar a postos no mercado laboral relacionados con todos estes ámbitos a maiores dos directamente vinculados aos Estudos Ingleses. Así e todo, non podemos negar que o enfoque maioritario do mestrado é cara a investigación e, polo tanto, o perfil dos/as estudantes egresados/as é eminentemente o profesorado universitario.

Por último, en “Reflexión/Comentarios” do Criterio 4.1 máis arriba aludimos ás xornadas de formación para alumnado de posgrao, nas cales participan moitos estudantes de iMAES. Destacamos neste sentido a celebración dos Graduate Day/Graddy Day, que ten lugar de xeito ininterrompido desde o curso 2014/2015 de xeito alterno da UDC, USC e UVigo. Como xa se comentou, varios das/os estudantes de iMAES participan neste evento asistindo como público, pero tamén presentando as súas investigacións preliminares nalgúns casos. Estes Graduate Day atraen tamén a figuras de referencia nos ámbitos da investigación lingüística, literaria e cultural do mundo anglófono, as cales comparten cos estudantes as correntes e tendencias máis actuais sobre os seus ámbitos de estudo. Os Graduate Day tamén están enfocados a orientar ao alumnado sobre saídas laborais e profesionais, como, por exemplo, os requisitos para futuras acreditacións a figuras de profesorado. Neste sentido, no Graduate Day de 2024 (23 maio 2024) a profesora Rosario Arias impartiu unha conferencia plenaria sobre “La acreditación a Profesorado Titular de Universidad”. Por suposto, tamén houbo presentación de estudantes do programa de doutoramento IDAES e tamén 2 de estudantes de iMAES no curso 2023/2024: Fernando Apolinar Rodríguez e Claudia Fernández Estrada, ambos da USC. A este evento anual plenamente asentado, débense engadir os numerosos seminarios e congresos que os grupos e proxectos de investigación das tres institucións celebran anualmente (ver “Reflexión/Comentarios” do Criterio 4.1 máis arriba).

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4314355 P.Ind 2023-2024
			4314355 INF.16 2023-2024

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4314355_I2_2023-2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4314355_P.Ind_2023-2024
			4314355_INF03_2023-2024
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	URL da USC
			URL do Centro
			URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	URL do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4314355_P.Ind_2023-2024
			5040_INF.05_2023-2024
			4314355_INF.06_PLN.TCNT.MST.PRA2023_2024
			4314355_INF.07_2023-2024
			4314355_INF.08_PLN.TCNT.MST.PRA2023_2024
			4314355_INF.09_2ºS_2023_2024
			5040_INF.10_2023-2024
			5040_INF.11_2023-2024

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

			4314355 INF.13 2023-2024
			4314355 INF.14 2023-2024
			5040 INF.21 2023-2024
			4314355 INF.22 2023-2024
			4314355 INF.23 2023-2024
			Informe de indicadores iMAES 2023 24
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4314355 P.Ind 2023-2024
			Informe de indicadores iMAES 2023 24
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4314355 E15 2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040 E16 2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040 I6-I7 2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040 I6-I7 2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4314355 INF.13 2023-2024
			4314355 INF.14 2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040 INF.I10 2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4314355 INF.15 2023-2024
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas ou informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas ou informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4314355 P.Ind 2023-2024
			4314355 INF.17 2023-2024
			4314355 INF.18 2023-2024
			4314355 INF.19 2023-2024
			4314355 INF SIIU 2023-2024
			Informe de indicadores iMAES 2023_24
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4314355 P.Ind 2023-2024
			Informe de indicadores iMAES 2023_24
7	I14	Resultados de inserción laboral	4314355 INF.EIL.ACSUG 2023_2024 4314355 INF.EIL-SIIU 2023-2024 4314355 INF.SIIU 2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4314355 P.Ind 2023-2024 Informe de indicadores iMAES 2023_24

*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).